E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade

E6: Lista x de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).

QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

**Indicadores nos que se basea a valoración:**

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

### **Reflexión/comentarios:**

Toda a información esencial referida aos Títulos (Denominación, Centros onde se imparte título, número de créditos e duración do título, tipo de ensinanza, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web do Centro: <http://dereito.uvigo.es/gl/estudos>

Esta información proporcionada ao alumnado e ás persoas interesadas en xeral, vaise actualizando e perfeccionando en función das necesidades que paulatinamente se van observando en cada curso académico.

A xestión das páxinas web faise de acordo co Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante das titulacións está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpra cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporcionase información ao estudante, antes de elixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou. Ademais, búscase a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre as titulacións.

O Plan recolle os diferentes medios de difusión empregados polo Centro, así como toda a información que se publica a través dos mesmos. Así mesmo, móstrase a periodicidade á hora de revisar a información, e os responsables en cada caso.

Na reunión da Comisión de calidade celebrada o 11 de xullo de 2019 acordouse a actualización do Plan Operativo de Información Pública para incluír o uso das redes sociais Instagram e Twitter.

Polo demais, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE e a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de 2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (no sucesivo, LOPDGDD), obrigan a implantar un conxunto de medidas tanto xurídicas como técnicas relativas á información obtida sobre datos persoais correspondentes a quen se relacione coa Universidade de Vigo (sexan estudantes, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos, ou membros da cidadanía en xeral) desde o momento en que tales datos se recollen e ao longo de todo o tratamento sobre os mesmos. En principio non se deberían utilizar os datos persoais de titulados, xa que son persoas coas que xa non existe unha relación xurídica actual coa Universidade (aínda que, dende Universidade se está traballando nese tema para poder obter consentimentos e legalizalo como actividade de tratamento) nin os do alumnado, salvo para cuestións estritamente académicas. Ás veces, considérase útil remitirle información sobre cursos, ofertas de emprego, ofertas de prácticas... pois, aínda que se mostra na páxina web da Facultade, os posibles interesados non revisan a web a diario. No seu caso, preténdese substituír a notificación por correo pola súa publicacións nas redes sociais, máis consultadas polos usuarios.

### **GRAO DE SATISFACCIÓN COA INFORMACIÓN PÚBLICA**

A **satisfacción xeral dos distintos colectivos** coa Información e transparencia neste curso é a seguinte:

#### **Alumnado**

<b>Nivel de satisfacción do estudiantado coa Información e transparencia</b>			
<b>2021/2022</b>	<b>2020/2021</b>	<b>2019/2020</b>	<b>2018/2019</b>

<b>Grao</b>	3,27	2,44	3.10	3,76
<b>PCEO</b>	4,42	3,59	2.88	2,46

<b>Profesorado</b>	N.D.
--------------------	------

**Items mellor valorados polo alumnado:**

Analizando os ítems das enquisas de satisfacción do alumnado do **Grao**, entre os items máis valorados, relativo á Información e transparencia, destaca “A facilidade para atopar contidos na páxina web” e “A utilidade da páxina web da titulación” con unha puntuación de **3,60**.

No caso do **PCEO**, o item “A facilidade para atopar contidos na páxina web” con unha puntuación de **4,25** e un dos tres máis valorados.

**Items peor valorados polo alumnado:**

En relación aos items peor valorados, na titulación do **Grao**, o item: “A utilidade da información sobre a titulación transmitida por outros soportes (plataformas de teledocencia, taboleiros, pantallas audiovisuais...)” está entre os peor valorados con unha puntuación de **2,60**.

No caso do **PCEO**, en relación aos items peor valorados, ningún corresponde ao bloque de Información e transparencia.

Hai que destacar que, dende o curso 2018-2019, o decanato encárgase das redes sociais do centro: Facebook, Instagram e Twitter onde se publicitan todas as actividades que se desenvolven no centro para o estudiantado.

**Persoas Tituladas**

	Nivel de satisfacción das persoas tituladas coa Información e transparencia			
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
<b>Grao</b>	4,71	3,69	4.6	4
<b>PCEO</b>	Non hai datos	4	Non procede	Non procede

**Items mellor valorados polas persoas tituladas:**

No **Grao**, entre os items mellor valorados están:

- A facilidade para atopar contidos na páxina web (**4,71**)
- A utilidade da páxina web da titulación (**4,71**)

Ningún dos tres items peor valorados é relativo á Información e transparencia neste colectivo.

En relación ao **registro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada coa Información e transparencia.

**Puntos febles detectados:**

- É necesario mellorar as canles a través da que se transmite a información

**Accións de mellora a implantar:**

- Posta en marcha dun plan social media no centro.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade  
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

#### **Reflexión/comentarios:**

O Centro posúe dende o ano 2015 o certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade vixente ata o mes de xullo de 2021. Por tal motivo, o Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade constitúe unha ferramenta estratéxica básica para alcanzar unha mellora continua da Facultade e das súas titulacións. Así, no marco do programa FIDES-AUDIT, que desde 2007 guiaba aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía da calidade dos ensinos, a Facultade, en estreita colaboración coa área de Calidade da Universidade de Vigo, deseñou e aprobou o seu sistema de garantía de calidade. A Facultade conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG con data 26 de abril de 2010 (certificado nº 48/10).

Como continuación ao proceso iniciado en 2007 de deseño do SGC, a ACSUG, ANECA e UNIBASQ consideraron abrir en 2013 un proceso de avaliación do deseño dos SGC e de certificación da súa implantación nos centros que se acollesen a aquel programa. O sometemento a este proceso de certificación ten un carácter voluntario para os centros.

O sometemento a este proceso de certificación ten un carácter voluntario para os centros. A Facultade de Dereito cursou, con data de 15 de decembro de 2013, a solicitude para someterse á dita avaliación e ao proceso de certificación de implantación do seu SGIC. Nun primeiro Informe de Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC, tras examinar minuciosamente as alegacións presentadas polo centro ao Informe provisional, o equipo de auditoría concedeu un prazo de seis meses para avaliar a forma coa que se iniciara o tratamento das non conformidades detectadas tal e como este se describira no plan de accións de melloras proposto polo centro. Finalizado o prazo, procedeu a unha nova revisión documental para emitir o Informe definitivo de auditoría da implantación do SGC do centro. Coa realización desta segunda revisión documental, que se completou cunha visita ao centro de medio día o 2 de xuño de 2015, a Facultade obtivo o distintivo de calidade: a certificación da implantación do seu SGC.

O proceso rematou cun relevante Informe de Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC no que a ACSUG, reiterando a valoración favorable xa anticipada polo equipo de auditoría no informe oral o propio día 2 de xuño e de forma pouco usual, destacou dez fortalezas, vinte e oito conformidades e só catro non conformidades menores e catro oportunidades para a mellora -tres delas substancialmente reiterativas das non conformidades-. En seguimento do Plan de Propostas de Mellora a ACSUG emitiu o 20 de novembro de 2018 un informe no que se indica que as accións de mellora “están a desenvolverse correctamente”.

En exercicio das competencias atribuídas polo artigo 14.1 do Real Decreto 420/2015, de 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, o Consello de Universidades, mediante Resolución do 28 de xaneiro de 2019, declara a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. A certificación, o informe e a acreditación institucional do centro converten á Facultade de Dereito nestes momentos nun dos centros máis destacados na xestión da calidade no Sistema Universitario de Galicia.

A acreditación institucional, que deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da presente resolución, terá, para o centro, os efectos previstos no artigo 27 ter, do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Polo tanto, a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, mentres manteña os seus efectos, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral. As titulacións oficiais incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019.

En decembro de 2021, a Facultade sométese ao proceso de renovación da certificación para a implantación do Sistema de Garantía de Calidade. En outubro de 2022, a Comisión de Avaliación da ACSUG emite un informe favorable no que se avanza na Certificación da Implantación do anterior Sistema de Xestión da Calidade. Neste informe destacan cinco puntos fortes detectados pola comisión de avaliación e describen os aspectos que deben ser obxecto de elaboración dun plan de accións de mellora.



A renovación da certificación da implantación do Sistema de Garantía da Calidade converte na actualidade á Facultade de Dereito nun dos centros máis destacados en xestión da calidade do Sistema Universitario Galego.

É necesario engadir que, dado que as dúas titulacións que imparte o centro, títulos que se imparten en dous centros da Universidade de Vigo – a Facultade de Dereito e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC precisan dunha coordinación mínima en todos os centros participantes no programa formativo. Dita coordinación se desenvolve a través de reunións periódicas da Comisión de Coordinación do Grao, na que participan os/as Decanos/as dambos os dous centros, así como os/as coordinadores/as de Grao, coa posibilidade de intervención de outros participantes, como o/a vicedecano/a de calidade. E, no Máster, a través de Comisión de Coordinación do Máster, na que participan os/as Decanos/as dambos os dous centros e dos tres colexios profesionais que colaboran na impartición do Máster (ou as persoas nas que deleguen), así como os/as coordinadores/as académicos do Máster en cada Facultade e os secretarios das comisións académicas, tamén coa posibilidade de intervención doutros participantes.

A existencia de comisións académicas, comisións de calidade e docentes diferentes e a colaboración, no caso do Máster, en cada centro de impartición de colexios de avogados diferentes xustifica que a coordinación se vincule ao respecto á memoria do título, que é única para toda a titulación

Nas enquisas de satisfacción do alumnado os valores obtidos para o bloque relativo ó SGC (valoración sobre “As canles de participación na mellora da titulación (caixa de queixas, suxestións e parabéns, delegación de alumnos, participación nas comisións, comunicación cos responsables da titulación...”)) son:

Nivel de satisfacción do estudiantado co Sistema de garantía de calidade				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
Grao	2,38	1,29	2,87	3,05
PCEO	4,83	3,40	2,80	1,75

En ambos casos, incrementouse o grao de satisfacción.

Nas enquisas de **satisfacción das persoas tituladas**, os valores obtidos para o bloque relativo ó SGC son moi satisfactorios:

Nivel de satisfacción das persoas tituladas co Sistema de garantía de calidade				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
Grao	3,58	3,25	4.00	3.50
PCEO	Non hai datos	2,50	Non procede	Non procede

No relativo ó **grao de satisfacción do profesorado** do Grao co SGC, non existen datos para este curso porque a enquisa é bianual.

Nivel de satisfacción do profesorado co Sistema de garantía de calidade				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
	ND	4,24	ND	4.3802

Dado que os resultados alcanzados son altos, non se considera necesario tomar ningunha medida.

No relativo ó **grao de satisfacción do PAS** do Grao co SGC, non hai datos por tratarse dunha enquisa bianual:

Nivel de satisfacción do PAS co Sistema de garantía de calidade				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
	NON HAI DATOS	4.44	NON HAI DATOS	4.24

<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Posible descoñecemento por unha parte do alumnado do Sistema de calidade do centro</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Análise de melloras para dar a coñecer o sistema de Calidade do centro.</li> <li>• Iniciar a planificación estratéxica para a elaboración, validación e aprobación do novo manual de calidade e do procedemento de Desenvolvemento Estratéxico DE-01 Ind05, que inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas do centro, en consonancia co plan estratéxico da Universidade. Fixar obxectivos contextualizados ao centro, establecer unha planificación con accións concretas para acadar os obxectivos e definir os obxectivos, os responsables do desenvolvemento e seguimento destas actuacións concretas, os indicadores e prazos de consecución nos que se deben levar a cabo e os recursos necesarios.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b></p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b>, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b></p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p><b><u>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></b></p>	

**CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS****Reflexión/comentarios:****PROFESORADO**

A contratación do profesorado nos distintos departamentos adscritos á Facultade réxese polo Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, que atribúe competencias aos departamentos e non aos centros para elaborar as propostas de asignación das novas prazas do profesorado ás áreas de coñecemento que os conforman.

No que respecta ao Grao da súa eficiencia do PDI para desenvolver as funcións e atender aos estudantes, debe terse en conta que o Grao en Dereito encádrase no marco legal da Planificación Docente Anual (PDA) e do Plan de Ordenación Docente (POD) da Universidade de Vigo, xa que se trata dunha titulación oficial con repercusión en POD, polo que as condicións en canto ao tamaño dos grupos e á dedicación do profesorado son as formalmente fixadas no devandito plan.

O Grao de Dereito conta no curso 2021/2022 cun total de 53 profesores dos cales 26 son profesores a tempo completo da Universidade de Vigo e 27 é profesorado a tempo parcial.

O detalle, por categorías académicas do profesorado que imparte docencia no Grao é o seguinte (datos relativos ao profesorado da titulación ao inicio do curso académico 2021/2022):

Categoría	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Catedrático/a	6	5	3	1	1
Titular de Universidade	6	7	11	13	14
Catedrática/o E.U.	0	0	0	0	1
Titular E.U.	1	1	1	1	1
Contratado doutor	9	8	8	9	9
Contratado/a interino/a	3	2	3	2	2
Axudante doutor/a	1	1	1	0	0
Asociado/a	23	23	22	19	17
Predoutoral Xunta	0	0	0	0	1
Non aplicable	4	4	1	6	7
Contratado FPU	0	1	1	0	0
Investigador distinguido		1	1	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>53</b>	<b>53</b>	<b>52</b>	<b>51</b>	<b>53</b>

Cabe destacar que o 49% do profesorado universitario que imparte docencia no Grao é profesorado estable (frente ao 45% do curso 2020/2021). Isto implica un incremento do nº de profesorado estable.

Respecto á cualificación do profesorado, os datos relativos ó número de doutores e sexenios son os seguintes:

Indicadores de Seguimento	Meta fixada	2021/2022	2020/2021	2019-2020	2018/2019	2017/2018
Cualificación do PDI (DOCTORES)	≥ 25 doutores	22	24	25	25	25
Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios reais / sexenios potenciais <sup>3</sup> )	≥ 50 sexenios	43 reais / 63 Potenciais	41 reais / 59 Potenciais	40 reais / 60 potenciais	35 reais / 57 potenciais	62 potenciais

Como se pode observar, o número de profesorado doutor mantense relativamente estable, aínda que neste curso sitúase lixeiramente por debaixo da meta fixada. O número de sexenios do profesorado incrementouse, o que certifica a suficiencia docente e investigadora do profesorado.

### PARTICIPACIÓN DO PDI EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN

En canto ao número de profesores que participaron nestes programas de formación os datos son os seguintes:

Profesorado en programas de formación				
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
6	15	17	10	7

Os resultados mostran que no último curso académico descendeu o número de profesores do título que participou en programas de formación. Hai que ter en conta que casi toda a formación ofrécese durante o período lectivo ordinario, o que dificulta a participación do profesorado que normalmente está ao máximo da súa capacidade docente efectiva, e que un importante número do persoal docente traballa a tempo parcial na universidade. Por outra banda, hai que destacar tamén que dende o curso 2017/2018, por iniciativa da Comisión de calidade, implantouse un Curso de actualización xurídica, no que participan docentes e investigadores da Facultade de Dereito, con docencia no Grao en Dereito, no Plan Conxunto ADE-Dereito e, así mesmo, no Máster universitario en avogacía. Entre os seus obxectivos, están os de ofrecer unha formación multidisciplinar aos docentes e investigadores da Facultade de Dereito, que redundará na calidade da súa docencia e investigación; a súa actualización en temáticas xurídicas alleas ás especialidades de cada docente, pero, a miúdo, necesarias para a aproximación e análise de cuestións complexas; o intercambio de información relativa a institucións ou réximes xurídicos polémicos, novidosos ou de actualidade; e a conformación de foros de debate e discusión. Dende o decanato solicitouse á Área de Formación e Innovación Educativa a inclusión deste curso como curso de formación permanente do PDI pero foi denegada, polo que non se contabiliza a participación dos docentes nestes cursos de actualización xurídica. Sinalar que o Centro habilita todos os anos un mecanismo que permite ao profesorado manifestar o seu interese na realización de cursos de formación, que posteriormente poden ser organizados de forma específica para o profesorado.

### PARTICIPACIÓN DO PDI EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Os docentes do título participan en programas de mobilidade docente, habitualmente no marco de intercambio dos programas Erasmus. En concreto, os valores de mobilidade para os docentes do título, son os seguintes:

<sup>3</sup> Número de sexenios potenciais: Parte enteira [(Ano de inicio do curso – Ano lectura teses+1)/6] dos Corpos docentes Universitarios (Catedrático/a e Profesor/a titular) máis Profesor/a contratado/a doutor/a. Ao poderse solicitar sexenios con carácter retrospectivo (méritos de investigación realizados en datas anteriores á lectura de teses) existe a posibilidade de que o número de sexenios potenciais de un PDI sexa inferior ao número de sexenios obtidos. Nestes casos, o cociente considerarase a unidade.

Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade				
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
5 (9.43%)	2 (3,8 %)	0 (0 %)	4 (7,69 %)	4 (7,41 %)

Como se pode apreciar, incrementouse a participación do profesorado en programas de mobilidade.

#### PORCENTAXE DE PROFESORADO DO TÍTULO AVALIADO POLO PROGRAMA DOCENTIA

- A avaliación quinquenal na última convocatoria, abarcou os anos dende 13-14 ao 17-18. Nesta convocatoria participou un docente que obtivo unha cualificación de Moi favorable.

#### PARTICIPACIÓN DO PAS EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN

O número de persoal de administración e servizos que participaron en programas de formación son:

Porcentaxe de PAS en formación (Indicador por Facultade) ( $\geq 75$ %)				
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
50.43 %	60,56 %	63.64 %	67.93 %	82.49 %

Os resultados mostran que no último curso académico descendeu o número de persoal de administración e servizos que participou en programas de formación, e sitúase por debaixo da meta establecida ( $\geq 75$  %). É necesario propor accións de mellora.

Instada pola Xerencia a colaboración do PAS para elaborar o Plan de Formación do ano seguinte, o Centro habilita un mecanismo para identificar, coa colaboración do PAS e a partir da análise das competencias actuais e das expectativas futuras, necesidades de formación. Se se detectan, a comisión de calidade transmite as necesidades á Administradora. O persoal pode trasladar directamente as súas necesidades ao Servizo de PAS. O procedemento permite ao PAS manifestar o seu interese na realización de cursos de formación, que posteriormente poden ser organizados de forma específica para o PAS.

Polo demais, as competencias globais encanto a detección de necesidades, o acceso (selección e contratación), a xestión da vida laboral, a eventual avaliación, a promoción e a formación continua do persoal de administración e servizos están centralizadas nos servizos centrais dependentes da Xerencia da Universidade de Vigo. Non obstante, con periodicidade anual, a comisión de calidade do centro analiza as necesidades de persoal do centro e ten en conta: a suficiencia e adecuación do persoal, os compromisos das memorias de verificación das titulacións, a situación e os resultados das titulacións, os resultados de QSP do centro, e as necesidades actuais e futuras do centro... Esta análise realízase en paralelo coa análise e consolidación das necesidades de persoal que debe acometer a Administradora do Campus. De feito, a comisión de calidade solicita un informe á administradora e remite un escrito ao persoal de administración e servizos do centro solicitándolle que poña de manifesto as necesidades de persoal nos seus respectivos ámbitos. A análise da comisión de calidade trasládase á administración e á xerencia aos efectos oportunos -negociación e desenvolvemento dunha nova RPT-.

**ANALISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN E DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO**

A satisfacción xeral dos distintos colectivos cos recursos humanos neste curso é a seguinte:

Enquisa		Recursos humanos			
		2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
Alumnado	Grao	2,40	1,30	2.93	3.5455
	PCEO	4	3,89	3.33	2.2308
Profesorado		NON PROCEDE	4,18	NON PROCEDE	4.2333
Persoas Tituladas	Grao	4,25	3,69	4.00	3.69

Analizando en detalle os ítems das enquisas de satisfacción relativos ós Recursos humanos (en comparación con todos os ítems da enquisa), atopamos que:

O grao de satisfacción do alumnado da titulación de Grao incrementouse de novo.

Entre os tres ítems mellor valorados por cada un dos colectivos, no **PCEO** está: “A atención do persoal de administración e servizos do centro” **(4)**.

E no colectivo das **persoas tituladas**, tamén destaca, entre os ítems mellor valorados: “A atención do persoal de administración e servizos” **(4,25)**.

No caso do **profesorado**, non existen datos para este curso porque a enquisa é bianual.

Entre os tres ítems peor valorados nas enquisas de satisfacción realizadas aos tres colectivos, non están os recursos humanos.

No relativo o **Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado** (Enquisas de avaliación docente) o valor alcanzado é alto e é superior o alcanzado nos cursos anteriores polo que non se considera necesario adoptar ningunha medida.

Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado				
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
3.96	4,09	3.95	3.99	3.90

No PCEO non existen datos desagregados por titulación.

En relación ao **grao de satisfacción do PAS**, en relación cos RECURSOS HUMANOS SOBRE O CENTRO E DAS SÚAS TITULACIÓNS, non existen datos porque a enquisa é bianual.

Grao de satisfacción do PAS cos RECURSOS HUMANOS	
A formación para facilitar o desempeño das súas funcións	ND
A dotación do PAS adscrito	ND

**MEDIA DE ALUMNOS POR GRUPO DE DOCENCIA**

	Media de alumnos por grupo de docencia				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Tamaño grupos A	42	38	36	38	38
Tamaño grupos B	29	26	25	26	22

**COMPROMISOS DE CONTRATACIÓN DE PDI**

Aínda que o procedemento de apoio do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Facultade de Dereito PE-02 P1 "Xestión do PDI", ten por obxecto, en relación ao PDI, a identificación das necesidades de recursos humanos e de formación continua, para mellorar a súa calidade, o centro non ten competencias en materia de contratación de persoal. De feito, a finalidade do proceso vincúlase á formación do PDI, ao efecto de contribuír a través da avaliación e formación a garantir que o profesorado estea cualificado e sexa competente no seu traballo, e a mellorar os resultados de calidade dos centros e titulacións.

As actuacións concernentes á contratación do persoal académico e do persoal de administración e servizos están centralizadas, respectivamente e en esencia, na Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e na Xerencia. Con todo, compete á Facultade de Dereito a aprobación da proposta da programación docente anual (PDA) co fin de distribuír en grupos docentes o número de horas asignado á titulación e previamente determinado polos órganos de goberno da Universidade, segundo os criterios de elaboración da PDA aprobados no Consello de Goberno para cada curso académico. Deste xeito, é o centro nas titulacións de Grao quen planifica os detalles de cada materia, aínda que condicionados polo cálculo das horas de profesorado empregadas na docencia presencial dos ensinos de Grao previamente determinadas segundo os criterios de elaboración da PDA aprobados para o correspondente curso académico.

Aprobada a PDA do centro, son os departamentos, atendendo ás materias e grupos aos que ten que impartir docencia nas diferentes titulacións en que participa, os que establecen as necesidades adicionais de profesorado, se as hai, ao obxecto de confeccionar o plan de organización docente (POD). Estas necesidades comunícanse á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado coa finalidade de que, se o considera oportuno, propoña en Consello de Goberno a asignación de novo profesorado.

Sen embargo, a pesar da normativa actual na Universidade española, á política restritiva en materia de promoción e consolidación de profesorado e á existencia dunha taxa de reposición coñecida por todos, a Facultade de Dereito e, en particular, a Comisión de calidade non fixeron abandono das súas funcións en materia de política de profesorado nin de selección, formación, promoción e consolidación de PDI e PAS. Aínda sendo conscientes de que a responsabilidade decisoria nos procedementos de xestión do persoal transcende á competencia dos centros, da política restritiva en materia de promoción e consolidación de persoal e da existencia dunha taxa de reposición, a Facultade e a Comisión de calidade tratan de ser máis proactivas en materia de política de profesorado e de selección, formación, promoción e consolidación de PDI e PAS. Periodicamente, a Comisión de Calidade remite aos órganos competentes da Universidade de Vigo varias propostas en relación coa contratación, consolidación e formación de PDI, a contratación e formación de PAS, a demanda de coordinación aos Departamentos para garantir a cobertura das necesidades dos servizos e os dereitos do alumnado e a petición de coordinación tamén á Comisión académica do Máster universitario en avogacía en temas de contratación de profesorado externo e para resolver problemas de docencia.

En relación ao **registro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada cos Recursos humanos.

**Puntos febles detectados:**

- No último curso académico descendeu o número de profesores do título que participou en programas de formación

**Accións de mellora a implantar:**

- Solicitar ante os órganos correspondentes da Universidade de Vigo:

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Descendeu o número de persoal de administración e servizos que participou en programas de formación</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>○ que teñan en conta as solicitudes de formación do profesorado;</li> <li>○ que se habilite un espazo para consultar a programación da formación docente cunha certa anticipación.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou valoración:</b>  E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve  E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)  R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>  I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente <u>resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI</u>  I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas  I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.  I8: Resultados das <u>enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución</u>  I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos  I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)  I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  I02-PE: Cualificación do PDI  I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)  I03(2)-PE: Profesorado por categoría</p>	



## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

### **Reflexión/comentarios:**

Na Facultade a docencia impártese en:

a) Aulas que contan con acceso a internet inalámbrico, ordenador para o profesorado, canón de proxección e tomas de corrente para permitir ao alumnado conectar os seus dispositivos portátiles. Ademais, dende setembro de 2020, as aulas contan con cámara web de alta resolución, micrófonos inalámbricos e, parte delas, con monitor interactivo de 65", para permitir a docencia en liña.

Sobre os servizos dispoñibles para a impartición da docencia é importante sinalar a utilidade da plataforma de teledocencia (Moovi), a disposición do profesorado como ferramenta de apoio á docencia e medio para compartir documentos, probas, traballos, cualificacións, etc. co alumnado.

Ademais, o profesorado conta con un campus remoto, onde dispón de aulas virtuais para impartir docencia en liña.

b) Aulas informáticas dotadas cun equipo informático en cada posto, acceso a internet inalámbrico, ordenador para o profesorado e canón de proxección.

Para as titorías, o persoal docente conta con despachos físicos habilitados para ese efecto. Ademais, dentro do campus remoto, o docente dispón dun despacho virtual desde onde pode realizar titorías en liña co alumnado.

A Facultade pon a disposición do alumnado: conexión a internet inalámbrica en toda a Facultade, préstamo de computadores e cafetería.

A información sobre medios materiais atópase na web do Centro, no seguinte enlace:

<http://dereito.uvigo.es/gl/Facultade/recursos-materiais-e-servizos>, onde se definen as instalacións e servizos a disposición do alumnado e do profesorado.

Tanto as infraestruturas como os recursos materiais postos a disposición do estudantado e destinados ao proceso formativo son adecuados para a impartición dos títulos de Graduado/a en Dereito e do Máster universitario en avogacía e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación.

A coordinadora da xestión das prácticas externas comproba que as infraestruturas e as instalacións coas que contan as distintas institucións de destino reúnen as condicións necesarias para a adquisición das competencias por parte do alumnado.

### **FONDOS BIBLIOGRÁFICOS E MATERIAL DOCENTE**

O estudantado ten a súa disposición ordenadores portátiles de préstamo, a biblioteca central do Campus na que se pode realizar gratuitamente a consulta de libros, e unha cantidade importante de materiais didácticos creados polo profesorado que contribúen de forma importante ao cumprimento do principio de igualdade de oportunidades.

Os fondos bibliográficos, recursos documentais, material docente, material complementario, etc. son suficientes e están actualizados (<http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es>).

### **SERVIZOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROGRAMAS DE ACOLLIDA**

O Plan de acción titorial (PAT) configúrase como o instrumento a través do cal se deseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria para as titulacións de Grao e Máster do centro. Préstaselle especial atención aos estudantes de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ós que están a finalizar os seus estudos.

O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudante e baseadas en relacións mutuas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do estudantado, que normalice as distintas accións e consiga un idóneo equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior.

Neste sentido, é importante destacar algún dos principios recollidos dunha forma ampla tanto no sistema de garantía de calidade da Facultade de Dereito como nas memorias dos seus títulos e que este plan trata de garantir: a adecuación dos

métodos de ensino, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

No PAT da Facultade, entre as actuacións de titorización na titulación de Grao en Dereito, inclusive a simultaneidade ADE-Dereito, prevense as seguintes:

**Actuacións de organización:** O equipo decanal e os coordinadores/as informarán ó profesorado e as distintas persoas implicadas no PAT coa finalidade de realizar a distribución definitiva das distintas accións, do alumnado e dos horarios entre os titores/as, os titores/as-estudantes, as aulas de atención etc.

**Actuacións de acollida:**

- Xornada de Acollida-Introdución aos estudos de dereito: xornada informativa para o novo estudantado de 1º curso destinado a facilitar ó alumnado o tránsito e adaptación á contorna universitaria, presentar as materias do Grao en Dereito e dar a coñecer os recursos e ferramentas dos que dispoñen na Universidade de Vigo e, en concreto, na súa Facultade.
- Acto de presentación de materias para o alumnado de todos os cursos
- Curso 3.5 de Orientación académica: curso para os estudantes de 3º curso do Grao e de 4º curso do PCEO destinado a facilitar a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de Máster e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral, presentar información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de Grao, e dar a coñecer os recursos e ferramentas á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade.

**Actuacións de apoio e seguimento:**

- Accións co profesorado titor: o profesorado titor asesorará ó seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. O alumnado titor poderá participar nas reunións a petición do profesorado titor. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado en calquera momento do curso. O alumnado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.
- Accións co alumnado titor: O alumno/a titor realiza unha sesión de presentación co grupo de estudantado que titoriza. Facilítalles a súa dirección electrónica e outros datos de contacto coa finalidade de que o seu respectivo grupo de estudantes se poida comunicar co/ela no momento en que o precise.
- Actuacións de avaliación do Grao de satisfacción: o alumnado e o profesorado implicado no PAT cobren as enquisas de avaliación do Grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a» do PAT). Así mesmo, as titoras e os titores informan ao coordinador/a da titulación das dificultades, incidentes, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

**Actuacións de carácter formativo:**

- Ciclo de conferencias, seminarios e xornadas: trátase de accións formativas organizadas desde o centro e que complementan a formación do alumnado. Permítenlle ao estudantado participar en contextos de aprendizaxe distintos á aula para potenciar a motivación e mellorar a integración na titulación e na Facultade.

O grao de satisfacción do ALUMNADO en relación á orientación académica recibida no plan de acción titorial é o seguinte:

Grao de satisfacción do alumnado coa orientación académica recibida no PAT					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Grao	2.60	1,67	2.92	2.82	2.84
PCEO	3.75	2,96	1.50	1.83	1.64

Das respostas obtidas do cuestionario final de satisfacción do PAT, dirixido ó alumnado, obtéñense as seguintes conclusións:

- Aínda que a mostra é moi pequena porque só contestaron 6 alumnos, os datos poñen de manifesto un grao medio/baixo de satisfacción do alumnado (pois máis do 50 por 100 dos alumnos consideran o PAT pouco útil).
- Por outra banda, tamén se aprecia un descenso no número de alumnos participantes nas enquisas (de 8 alumnos no curso 2020-2021 a 6 alumnos no curso 2021-2022).

A única solicitude/observación que se obtivo das enquisas foi: “Más actividades enfocadas especialmente a la orientación”

Hai que destacar que, aínda que no centro se celebra o curso de orientación 3.5 dirixido ao alumnado de 3º curso do Grao, onde se lles da información sobre as distintas materias optativas e as mencións, as prácticas externas, o TFG, a mobilidade, estudos de posgrado e saídas profesionais e as prácticas extracurriculares, pode que os estudantes non o perciban como un curso dentro do plan de acción tutorial.

De todos modos, no curso 2022- 2023 levaronse a cabo as seguintes accións orientadas a mellorar as canles de comunicación co alumnado:

- Creación dunha materia na plataforma Moovi para:
  - o Publicar, para cada curso do Grao e do PCEO, a información pertinente relativa ao PAT –ANAE do curso correspondente.
  - o Atender as consultas que se formulen por dita vía.

#### O grao de satisfacción das PERSOAS TITULADAS coa orientación académica recibida para continuar os estudos

Grao de satisfacción das persoas tituladas coa orientación académica recibida para continuar os estudos					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Grao</b>	4.14	2.75	3.83	3.50	2.67
<b>PCEO</b>	ND	3	ND	ND	ND

Como se pode observar, o grao de satisfacción das persoas tituladas coa orientación académica é alto e non se considera necesario propor accións de mellora.

#### O grao de satisfacción das PERSOAS TITULADAS coa orientación profesional e laboral recibida

Grao de satisfacción das persoas tituladas coa orientación profesional e laboral recibida					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Grao</b>	3.57	2,57	3.50	3.63	2.83
<b>PCEO</b>	ND	1,50	ND	ND	ND

Como se pode observar, o grao de satisfacción das persoas tituladas coa orientación profesional e laboral recibidas incrementouse tanto no grao como no PCEO.

**GRAO DE SATISFACCIÓN COS RECURSOS E SERVIZOS**

A través das enquisas institucionais que se realizan anualmente ao profesorado, alumnado e PAS, recóllese, entre outros, o grao de satisfacción destes colectivos cos recursos e servizos. Os valores destes indicadores foron:

		Grao de satisfacción cos Recursos materiais e servizos				
		2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Alumnado	Grao	2,30	2,14	3.61	3.64	3.50
	PCEO	3,60	3,91	3.00	3.46	3.66
Profesorado		ND	4,27	ND	4.43	ND
Persoas Tituladas	Grao	4,17	4,04	4.17	4.18	3.58
	PCEO	ND	3.91	ND	ND	ND
PAS		ND	4.50	ND	3.93	ND

Dende o punto de vista do **ALUMNADO**:

No **Grao**, de entre todos os items valorados nas enquisas de satisfacción coa titulación, os item peor valorados, en relación cos recursos materiais e servizos, foron:

- Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento **(2,20)**
- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia **(2,20)**

No **PCEO**, acadou unha puntuación superior a 3 todo o relativo aos recursos e servizos.

Dende o punto de vista dos **EGRESADOS do Grao**, entre os items máis valorados atopamos:

- As aulas e laboratorios **(4.33)**
- Espazos para o traballo autónomo ( biblioteca., aulas TIC....) **(4.17)**
- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia **(4.00)**

Dende o punto de vista do **PROFESORADO**, non existen datos ao tratarse dunha enquisa bianual.

Dende o punto de vista do **PAS**, non existen datos ao tratarse dunha enquisa bianual.

Se analizamos, nas enquisas de avaliación docente, a pregunta relativa á valoración do estudantado cos recursos proporcionados polo profesorado (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) os resultados son os seguintes:

	Valoración do estudantado cos recursos materiais					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Recursos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) facilitados e recomendados polo profesorado	3.94	4.05	3.83	3.86	3.86	3.77

Como conclusión, o grao de satisfacción dos distintos colectivos, reflexado tanto nas enquisas de satisfacción da titulación como nas enquisas de avaliación docente, relativos aos recursos materiais e servizos, ten, en xeral, unha valoración moi positiva.

**INFORME SOBRE COOPERACIÓN CON INSTITUCIÓN E EMPRESAS NA MATERIA “PRÁCTICAS EXTERNAS”**

A oferta formativa de prácticas externas para o curso 2021/2022, no Grao, foi de 29 prazas (3 prazas menos que no pasado curso) para un total de 17 alumnos. Ditas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Entidade (nº de prazas)
<b>DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE (2)</b>
<b>DESPACHOS DE ABOGADOS/ECONOMISTAS (4)</b> LEÓN REY ABOGADOS (2) JOSÉ ABUNDANCIA DOMINGUEZ ABOGADO(1) ADV ECONOMISTAS & ABOGADOS (1)
<b>SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (5)</b>
<b>INGADE (1)</b>
<b>CONCELLOS (10)</b> CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (2) CONCELLO DE CELANOVA (1) CONCELLO DE PEREIRO DE AGUIAR (3) CONCELLO DE BARBADÁS (5)
VICERREITORIA DE COOPERACIÓN, INTERNACIONALIZACIÓN E RESPONSABILIDADE SOCIAL (1)
<b>CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA(2)</b>
<b>XULGADOS (2)</b>
<b>CENTRO PENITENCIARIO PEREIRO DE AGUIAR (2)</b>

O grao de satisfacción dos titulados do Grao coas prácticas académicas externas” é alto tanto no PCEO como no Grao:

	Grao de satisfacción dos titulados do Grao coa utilidade das prácticas académicas externas				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Grao</b>	5	2,58	4.67	4.13	3.20
<b>PCEO</b>	ND	3	ND	ND	ND

En relación ao rexistro de QSPs, non se recibiron queixas relacionadas cos Recursos materiais e servizos.

**Puntos febles detectados:**

- Máis do 50% dos alumnos consideran o PAT pouco útil
- No PAT os alumnos solicitan máis actividades enfocadas especialmente á orientación
- Aínda que no centro se celebra o curso de orientación 3.5 dirixido ao alumnado de 3º curso do Grao, onde se lles da información sobre as distintas materias optativas e as mencións, as prácticas externas, o TFG, a mobilidade, estudos de posgrado e saídas profesionais e as prácticas extracurriculares, pode que os estudantes non o perciban como un curso dentro do plan de acción tutorial.

**Accións de mellora a implantar:**

- Actualizar anualmente, na plataforma Moovi, para cada curso do Grao e do PCEO do PAT, a información pertinente relativa ao PAT – ANAE.
- Incorporación de novos ámbitos profesionais. Asinar novos convenios de colaboración para prácticas
- Potenciar as prácticas extracurriculares a través da difusión da oferta tanto na páxina web do centro como por outras canles
Libre circulación de traballadores e políticas sociais europeas	100 %	100 %	100 %	96%	94%
Unión Europea, constitución e medio ambiente	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Argumentación e interpretación xurídica	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón	97 %	100 %	100 %	100%	100%
Dereito de defensa da competencia	92 %	100 %	95 %	72%	92%
Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos	100 %	100 %	97 %	98%	100%
Dereito tributario da Unión Europea e internacional	100 %	100 %	100 %	95%	90%
Litigación internacional e sostibilidade	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Dereito penal e procesual de menores	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Criminoloxía e dereito penitenciario	100 %	96 %	100 %	100%	97%
Dereito de danos e responsabilidade civil	100 %	100 %	100 %	93%	89%
Prácticas externas	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Traballo de Fin de Grao	100 %	100 %	100 %	98%	100%
<b>TOTAL 4º CURSO</b>	<b>96 %</b>	<b>96 %</b>	<b>97 %</b>	<b>93%</b>	<b>93%</b>

b. *Respecto do PCEO:*

En **1º curso do PCEO**, a media global é dun 91%. Destacan por debaixo da meta fixada: Dereito constitucional I (74%) e Microeconomía (76%).

Materia	Taxa de éxito Meta fixada (≥ 80%) 1º curso PCEO				
	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
	Dereito: Teoría do dereito	100 %	95 %	100 %	100%
Dereito: Dereito constitucional I	65 %	61 %	85 %	60%	74%
Dereito: Dereito romano	96 %	92 %	100 %	100%	100%
Economía: Microeconomía	90 %	95 %	50 %	67%	76%
Dereito: Dereito constitucional II	73 %	67 %	100 %	88%	95%
Dereito: Introducción ao dereito civil e dereito da persoa	100 %	95 %	100 %	91%	90%
Estatística: Estatística	70 %	79 %	71 %	68%	88%
Economía: Economía española e mundial	100 %	90 %	95 %	93%	95%
Empresa: Matemática das operacións financeiras	87 %	82 %	87 %	85%	95%
Empresa: Xestión de empresas	95 %	95 %	95 %	96%	100%
<b>TOTAL 1º CURSO PCEO</b>	<b>88 %</b>	<b>85 %</b>	<b>88 %</b>	<b>85 %</b>	<b>91 %</b>

En **2º curso do PCEO**, a media global é dun 75%, por debaixo da meta fixada (≥ 80%). Destacan por debaixo da media: Dereito civil I. Obrigas e contratos (50%) e Dereito civil II. Dereitos reais (53%).

Materia	Taxa de éxito Meta fixada (≥ 80%) 2º curso PCEO				
	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
	Dereito internacional público	56 %	84 %	96 %	75%
Dereito penal I	88 %	79 %	94 %	24%	72%
Dereito civil I. Obrigas e contratos	95 %	100 %	89 %	29%	50%
Dirección de operacións	70 %	96 %	95 %	100%	100%
Empresa: Contabilidade financeira I	95 %	94 %	95 %	75%	75%
Sistema xudicial español e proceso civil	89 %	90 %	100 %	88%	93%
Dereito administrativo I	100 %	90 %	89 %	79%	88%
Dereito civil II. Dereitos reais	90 %	100 %	83 %	43%	53%
Macroeconomía	95 %	95 %	79 %	63%	73%
Contabilidade financeira II	71 %	77 %	95 %	47%	80%
<b>TOTAL 2º CURSO PCEO</b>	<b>85 %</b>	<b>91 %</b>	<b>92 %</b>	<b>62%</b>	<b>75%</b>

En **3º curso do PCEO**, a media global actual é dun 83%. Todas as materias están por debaixo da meta fixada, a excepción de Dereito procesual penal (56%) e Dirección de recursos humanos (62%).

Materia	Taxa de éxito Meta fixada (≥ 80%) 3º curso PCEO				
	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022

Dereito da Unión Europea	100 %	87 %	95 %	80%	100%
Dereito penal II	100 %	78 %	100 %	100%	83%
Dereito mercantil I	100 %	71 %	89 %	77%	88%
Dereito administrativo II	83 %	95 %	93 %	100%	70%
Dereito procesual penal	94 %	94 %	100 %	100%	56%
Dereito financeiro e tributario I	91 %	85 %	100 %	95%	100%
Dirección de recursos humanos	100 %	100 %	100 %	95%	62%
Econometría	84 %	71 %	82 %	96%	85%
Decisións de investimento	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Dirección comercial I	100 %	100 %	100 %	100%	77%
Políticas económicas	84 %	95 %	100 %	100%	92%
<b>TOTAL 3º CURSO PCEO</b>	<b>94 %</b>	<b>89 %</b>	<b>96 %</b>	<b>95%</b>	<b>83%</b>

En **4º curso do PCEO**, a media global actual é dun 95%, superior á meta fixada. Todas as materias están por enriba da meta fixada.

Materia	Taxa de éxito Meta fixada ( ≥ 80%) 4º curso PCEO				
	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Dereito civil III. Familia e sucesións	91 %	100 %	100 %	100%	100%
Dereito mercantil II	89 %	67 %	92 %	100%	77%
Dereito financeiro e tributario II	100 %	100 %	96 %	100%	95%
Réxime fiscal da empresa I	92 %	100 %	100 %	100%	100%
Teoría da organización	100 %	100 %	100 %	100%	91%
Dirección estratéxica	100 %	100 %	100 %	95%	100%
Dereito internacional privado	100 %	100 %	100 %	100%	89%
Procesos especiais e métodos alternativos de solución de conflitos	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Dirección estratéxica internacional	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Valoración de activos	92 %	100 %	95 %	90%	95%
Análise contable	100 %	100 %	100 %	100%	100%
<b>TOTAL 4º CURSO PCEO</b>	<b>97 %</b>	<b>97 %</b>	<b>98 %</b>	<b>99%</b>	<b>95%</b>

En **5º curso do PCEO**, a media global actual é dun 82%. Todas as materias presentan taxas altas.

Materia	Taxa de éxito Meta fixada ( ≥ 80%) 5º curso PCEO				
	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Dereito do traballo de da seguridade social		90 %	100 %	100%	94%
Dirección comercial II		100 %	100 %	100%	100%
Decisións de financiamento		88 %	90 %	100%	94%
Investigación comercial		100 %	100 %	95%	100%
Planificación financeira		100 %	95 %	100%	100%
Xurisdicións contencioso-administrativa e social		100 %	100 %	94%	100%
Contabilidade de custos		100 %	95 %	89%	100%
Lingua estranxeira para a empresa		100 %	100 %		100%
Réxime fiscal da empresa II		100 %		100%	100%
Auditoría					100%

	No cursada por alumnado del PCEO	No cursada por alumnado del PCEO	No cursada por alumnado del PCEO	No cursada por alumnado del PCEO
Dereito tributario da U. Europea e internacional				
Creación e viabilidade de empresas		100 %	100%	
Mercados financeiros	100 %	100 %	100%	100%
Simulación e control interno de empresas		100 %		
Argumentación e interpretación xurídica				100%
Sistemas xurídicos contemporáneos: Dereito continental e dereito anglosaxón				100%
Criminoloxía e dereito penitenciario		100 %	100%	100%
Prácticas externas	100 %	100 %	100%	100%
Traballo de Fin de Grao-Dereito	100 %	100 %	100%	100%
<b>TOTAL 5º CURSO PCEO</b>	<b>98 %</b>	<b>99 %</b>	<b>98%</b>	<b>82%</b>

Non se dispón de datos actualizados sobre a **inserción laboral proporcionados pola universidade**. No obstante, nas enquisas de satisfacción dirixidas aos titulados fórmulaselles unha pregunta para coñecer se traballaron ou traballan nalgún ámbito relacionado coa titulación.

No curso 2021-2022 as enquisas de satisfacción amosaron os seguintes resultados:

Opositor/a	57%
Empregado/a por conta propia	0%
Empregado/a por conta allea	29%
En busca de emprego	14%

En relación co **tempo medio en atopar un emprego**, non se dispón de datos.

Por outra banda, hai que ter en conta que no **Grao en Dereito** deberán relativizarse os datos pois unha importante porcentaxe do estudiantado do Grao en Dereito continuará a súa formación, ben cursando o Máster universitario en avogacía para poder acceder ao exercicio profesional da avogacía ou ben preparando unha oposición para acceder ao emprego público, polo que, tras a finalización dos seus estudos de Grao, non optarán pola procura dun emprego.

Ata fai catro cursos, dende o centro realizábase unha enquisa aos titulados de Grao no momento de recoller o título pero durante este curso decidiuse non levala a cabo dado que o tempo transcurrido dende que terminan os estudos de Grao ata que recollen o título é moi pequeno para poder atopar traballo na meirande parte dos casos.

En relación coa **duración media dos estudos**, incrementouse no Grao e descendeu no PCEO. No Grao supérase a meta fixada:

Titulación (Meta fixada)	Duración media dos estudos				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Grao (≤ 5/4)	5.55	5.26	5.05	4.47	4,40

PCEO ( $\leq 6/5$ )	5.53	5.71	5.58	5.00	NON PROCEDE
<b>Puntos febles detectados:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• É necesario propor accións de mellora para incentivar a participación do alumnado do Grao nas enquisas de satisfacción.</li> <li>• A taxa de éxito do Grao (74%) descendeu lixeiramente con respecto á do curso anterior, e está por debaixo da meta prevista (<math>\geq 80\%</math>).</li> <li>• Respecto do <b>Grao</b>: a <b>taxa de rendemento</b> do Grao (56%) é similar á do curso anterior, estando por debaixo da meta prevista (65 %).</li> <li>• Respecto do <b>Grao</b>: a <b>taxa de graduación</b> (30.19 %) descendeu lixeiramente e está lonxe de alcanzar a meta proposta (<math>\geq 50\%</math>).</li> <li>• Respecto do <b>PCEO</b>, a <b>taxa de graduación</b> tamén descendeu lixeiramente, estando por debaixo da meta fixada (<math>\geq 60\%</math>).</li> <li>• Respecto do <b>Grao</b>: a <b>taxa de éxito</b> (74%) descendeu con respecto ó curso anterior, quedando por debaixo da meta prevista (<math>\geq 80\%</math>).</li> <li>• Respecto do <b>Grao</b>: a <b>taxa de eficiencia</b> (78%) descendeu lixeiramente e queda por debaixo da meta prevista (<math>\geq 90\%</math>).</li> <li>• En relación coa <b>duración media dos estudos</b>, incrementouse no Grao e supérase a meta fixada.</li> </ul>		<b>Accións de mellora a implantar:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que as enquisas se poidan facer o día do exame da materia ou noutro momento que se considere oportuno pois poden existir certas datas que dificulten esta realización.</li> <li>• Promoción da realización das enquisas a través das redes sociais e realización de sorteos.</li> <li>• Promoción da inclusión da avaliación continua segundo a normativa da Universidade de Vigo e a súa inclusión na guía docente.</li> <li>• Fixar as datas de exame das materias con peores taxas de graduación de cada curso académico do xeito mais separado posible.</li> <li>• Solicitud de elaboración e subministro aos equipos decanais da taxa de idoneidade do PCEO.</li> <li>• Solicitud de correctores da taxa de abandono que poidan medirse con datos da propia Universidade: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Taxa de cambio nos estudos a unha das dúas titulacións do PCEO. Relación porcentual entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ O número de estudantes que, despois de abandonar –segundo o criterio do RD 1393– están matriculados nunha das dúas titulacións nos anos N-1 ou N da súa primeira cohorte;</li> <li>○ O número de estudantes da cohorte da primeira titulación que abandonaron os estudos (RD 1393).</li> </ul> </li> <li>- Taxa de exclusión. Relación porcentual entre: <ul style="list-style-type: none"> <li>○ O número de estudantes da cohorte que non superan o número mínimo de créditos de permanencia en primeiro e, por tanto, abandonan os estudos do grao correspondente;</li> <li>○ O número total de estudantes da cohorte.</li> </ul> </li> </ul> </li> <li>• Extender a asignación de persoa titora e a aprobación da proposta temática do Traballo de fin de grao máis de dous cursos académicos no caso de que o traballo se atope na fase final de elaboración. A estes efectos, esixírase acompañar a solicitud do estudante do informe favorable da persoa titora no que se faga constar que o TFG está rematado ou próximo á súa finalización e a súa dispoñibilidade para manter o labor de titorización. Neste suposto, ao estar xa practicamente rematado o traballo, a extensión da titorización non afectará ao número de</li> </ul>			

	Traballos de fin de grao que lle corresponda asumir á persoa titora no respectivo curso académico.
<b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
<b>Indicadores:</b> I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de graduación <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de abandono <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de eficiencia <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de rendemento <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de éxito <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego I010-D0: Duración media dos estudos	



## 2.2. Seguimento da titulación: Máster universitario en Avogacía

### CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

#### Reflexión/comentarios:

Os estudos de **Máster universitario en avogacía** comezaron a impartirse no curso académico 2013/2014.

Durante o curso 2015/2016, o **Máster universitario en avogacía** someteuse con éxito ao proceso de renovación da súa acreditación, obtendo o informe favorable por parte do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o 4 de outubro de 2016.

Trala acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, declarada pola Resolución de 28 de xaneiro de 2019, do Consello de Universidades, a titulación oficial de **Máster universitario en avogacía** incorpora como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019. Mentres a acreditación manteña os seus efectos -deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da resolución da declaración-, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral.

O título de **Máster universitario en avogacía** da Universidade de Vigo impártese en dúas Facultades (Dereito de Ourense e Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo), o que xustifica que, respectándose en todo caso escrupulosamente o disposto na memoria de verificación, exista unha planificación docente, unhas guías docentes, uns coordinadores e un profesorado non idéntico en ambos centros.

A definición dos módulos e materias que compoñen o plan de estudos do Máster son coherentes cos obxectivos e as competencias do título e se corresponden co establecido na memoria de verificación.

Mediante o acceso ás guías docentes das materias pode comprobarse que o desenvolvemento das actividades académicas, as metodoloxías docentes e o sistema de avaliación e cualificación se corresponde co establecido na memoria. As guías docentes seguen un modelo estandarizado, son elaboradas polo coordinador de cada materia a través da aplicación Docnet, apróbanse cada curso académico pola Xunta de Facultade de cada Centro e publícanse con antelación á apertura do período de matrícula para que as persoas interesadas poidan ter coñecemento delas con tempo suficiente. Cada materia conta cunha persoa coordinadora coa función de, basicamente, uniformar metodoloxías docentes e criterios de avaliación entre o distinto profesorado que participa na materia correspondente.

Tamén se publican a través da páxina web os horarios de clase e o calendario de exames coa debida antelación, antes da apertura do período de matrícula. Do mesmo xeito, durante o cuadrimestre, o alumnado pode acceder ó cronograma de actividades onde se recollen todas aquelas probas, presentacións, entrega de traballos, etc, para facilitar ao estudante a planificación do seu traballo autónomo.

Por outra banda, o Plan de Acción Titorial (PAT) configúrase como un mecanismo que permite ofrecer ó estudantado apoio académico e profesional. Ademais, permite detectar problemas no desenvolvemento e planificación da ensinanza e facilita a coordinación docente.

Hai que destacar que a **demand**a do título mántense relativamente alta a pesar de que o número de matriculados está directamente relacionado co número de alumnos que terminan o grao. Ó tratarse dun máster profesionalizante, hai que ter en conta que, dos que finalizan os seus estudos de grao, non todos optan por o exercicio profesional senón que optan por preparar algunha das oposicións do ámbito xurídico.

A **evolución do estudantado matriculado** reflicte que neste curso descendeu o nº de matriculados. Sen embargo, considérase que foi unha baixada puntual dado que no curso 2022/2023 recuperouse de novo a matrícula.

Matrícula de novo ingreso por preinscripción no Máster (Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico)							
	2022/2023	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	22	9	17	22	16	25	18

En relación á **taxa de ocupación** descendeu con respecto ó ano anterior, situándose por debaixo da meta fixada pero no curso 2022/2023 superouse a meta fixada polo que non se considera necesario adoitir medidas especiais.

**Taxa de ocupación** = % entre matrícula de novo ingreso por preinscripción e prazas ofertadas.

Taxas de ocupación (≥ 66 %)							
	2022/2023	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	73,33%	30%	56.67 %	73,33%	53.33 %	83.33 %	60 %

A **nota media de acceso do alumnado** para este curso é dun 6,89. Non existen metas fixadas tendo en conta a escasa utilidade do dato, en relación coa complexidade que esixe o seu manexo e análise.

A **nota mínima de acceso do alumnado**, en cambio, resulta de análise moito máis sinxela e é máis reveladora que a anterior. No **Máster universitario en avogacía**, neste curso académico, non se estableceu nota mínima porque o nº de solicitudes foi inferior ó número de prazas ofertadas polo que non foi necesario establecer unha nota mínima de acceso.

Nota mínima de acceso (≥5.5)						
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	Non hai datos	Non hai datos	Non hai datos	5.48	6.010	5.99

Polo tanto, consideramos que non é necesario establecer accións de mellora.

En canto ao **perfil de ingreso do alumnado**, 1 alumno realizou os estudos de acceso no estranxeiro e 8 son graduados en Dereito.

Polo tanto, non é preciso realizar unha maior análise destes datos, dadas as características do xenérico perfil de acceso aos estudos xurídicos, como se acaba de expoñer.

En canto ao **número de estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais**, non se dispón de datos para o Máster e resultaría dificultoso e complexo pola propia normativa que regula esta titulación.

No relativo ao **número de profesores/as que participan en programas de mobilidade**, neste curso 3 profesores participaron en programas de mobilidade.

Número de profesores/as que participan en programas de mobilidade						
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	3	1	0	4	3	3

Respecto ó **número de estudantes estranxeiros**, no curso 2021/2022 contamos con 1 alumno estranxeiro no Máster.

### **Planificación e desenvolvemento do ensino**

No relativo ao **nivel de satisfacción do ALUMNADO coa planificación e o desenvolvemento do ensino** incrementouse considerablemente en relación á cursos anteriores, superando a meta fixada ( $\geq 3.5$  sobre 5 puntos).

Satisfacción xeral do alumnado coa planificación e o desenvolvemento do ensino						
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
<b>Máster (<math>\geq 3.5</math>)</b>	3.63	2.84	2.96	3.61	3.45	4.13

O nivel de **satisfacción das PERSOAS TITULADAS do Máster** coa **planificación e desenvolvemento do ensino** descendeu considerablemente neste curso académico.

Nivel de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento						
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
<b>Máster (<math>\geq 3</math>)</b>	1.56	3.10	3.85	4.44	3.05	3.26

Analizando os ítems das **enquisas de satisfacción** de cada colectivo e titulación, no relativo á **ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO**:

O **ALUMNADO do Máster** valora moi positivamente:

- A utilidade das prácticas da titulación (4,75)
- O calendario das probas de avaliación (3,75)
- A orientación académica recibida no plan de acción titorial (3,75)

Mentres que **entre os tres ítems peor valorados** está:

- A coordinación entre as materias do plan de estudos (2,75)

No caso do grao de satisfacción das **PERSOAS TITULADAS do Máster** valoran moi positivamente:

- A distribución das materias do plan de estudos (2.67)

mentres que entre os ítems peor valorados están:

- Os programas de mobilidade, de ser o caso (1.0)
- A orientación académica recibida (1.0)

- A orientación profesional e laboral recibida (1.33)
- O grao de actualización dos contidos do plan de estudos (1.33)

Á vista dos resultados acadados faise necesario propor accións de mellora.

En relación co **nivel de satisfacción do PROFESORADO do máster** coa planificación (e desenvolvemento), non hai datos para este curso.

En relación co **nivel de satisfacción do ESTUDANTADO do máster coa actividade docente do profesorado** (Enquisas de avaliación docente):

	Nivel de satisfacción xeral do estudantado coa actividade docente do profesorado					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
<b>Máster</b>	4.17	4,14	3.76	4.12	3.74	4.26

Máis en detalle, o nivel de satisfacción obtido (sobre 5) foi o seguinte:

	2021/2022
1. A guía docente expón de xeito claro e comprensible como se desenvolve a materia (contidos, metodoloxías, sistemas de avaliación...).	4.20
2. A coordinación (para evitar solapamentos de contidos, incoherencias ...) entre o profesorado da materia é axeitada. (Contestar só no caso de materias impartidas por mais de un/ha profesor/a)	4.26
3. O volume de traballo do alumnado é proporcional aos créditos da materia.	4.13
4. As clases están organizadas para facilitar a aprendizaxe desta materia	4.32
5. Os recursos didácticos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios...) facilitados e recomendados son útiles.	4.09
6. As metodoloxías desenvolvidas nas clases adecúanse ó que se presenta na guía docente	4.24
7. Orienta e resolve con claridade as dúbidas que se lle formulan (en clase, titorías, plataformas de docencia virtual...)	4.24
8. As probas e as actividades para a avaliación favorecen o meu aprendizaxe.	4.09
9. Cumpre os criterios de avaliación establecidos na guía docente.	4.24
<b>10. En xeral, estou satisfeito co seu labor docente.</b>	<b>4.17</b>

Como se pode observar, os resultados son moi satisfactorios.

En relación co **Grao de satisfacción dos titulados coa utilidade das prácticas académicas externas** descendeu en relación a cursos pasados.

	Nivel de satisfacción xeral do estudiantado coa utilidade das prácticas académicas externas				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	2.33	3.58	4.57	4.60	3.33

En relación ao **registro de QSPs**, no se recibiu nada relacionado coa organización e desenvolvemento dentro do máster.

#### Puntos febles detectados:

- O número de estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais: non se dispón de datos para o Máster.
- O nivel de satisfacción das PERSOAS TITULADAS do Máster coa planificación e desenvolvemento do ensino descendeu considerablemente
- As PERSOAS TITULADAS do Máster, no relativo á ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO, valoran negativamente:
  - Os programas de mobilidade, de ser o caso (1.0)
  - A orientación académica recibida (1.0)
  - A orientación profesional e laboral recibida (1.33)
  - O grao de actualización dos contidos do plan de estudos (1.33)
- O Grao de satisfacción dos titulados coa utilidade das prácticas académicas externas descendeu en relación a cursos pasados.

#### Accións de mellora a implantar:

- Visita dos alumnos do Grao en Dereito, PCEO e Máster en Avogacía, a institucións xudiciais ou vinculadas ao ámbito xurídico, así, entre outras, ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ou ao Instituto de Medicina Legal de Galicia
- Dende a coordinación profesional, solicitar información dos responsables dos distintos Xulgados, sobre as vistas orais que poidan resultar de interese para o estudiantado, e publicitar dita información a través dunha circular enviada por correo electrónico ao estudiantado.
- Organización, en colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, dun obradoiro dirixido a estudantes da Facultade de Dereito para a elaboración de CV e a preparación de entrevistas.
- Colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo na Feira internacional EMPREGOinCAMPUS co obxectivo de por en contacto a titulados/as e estudantes da Facultade de Dereito con entidades que estean buscando talento e coas Administracións que desexen mostrar ao alumnado a súa oferta de emprego.
- Organizar reunións, inicial e de seguimento, en grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos co titor asinado nas prácticas académicas externas.

#### Evidencias nas que basexa a valoración:

E1: Memoria vixente do título  
 E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora  
 E3: Perfil de ingreso do alumnado(graο)  
 E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico)  
 E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade  
 E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.).  
 QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza

#### Indicadores nos que se basexa a valoración:

I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescripción

I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia

I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)

I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros

I4/I05-DO/I06-DO/I07-DO/I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.

I01-AC: Nota media de acceso

I01(2)-AC: Nota mínima de acceso

I02-AC: Ocupación

I03-AC: Preferencia

I03(2)-AC: Adecuación

## **CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA**

### **Reflexión/comentarios:**

Toda a información esencial referida aos Títulos (Denominación, Centros onde se imparte título, número de créditos e duración do título, tipo de ensinanza, número de prazas de novo ingreso que se ofertan, idiomas en que se imparte o título, condicións de acceso e admisión, competencias, metodoloxía docente, etc.) atópase publicada e está accesible na páxina web da titulación: <http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/>

Esta información proporcionada ao alumnado e ás persoas interesadas en xeral, vaise actualizando e perfeccionando en función das necesidades que paulatinamente se van observando en cada curso académico.

A xestión das páxinas web faise de acordo co Plan de información pública, que ten como obxectivo garantir que a información relevante das titulacións está dispoñible de forma pública, accesible e actualizada para os distintos grupos de interese e que cumpra cos requisitos establecidos tanto polo propio centro, como polos programas de calidade da Universidade de Vigo e da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario Galego (ACSUG). En concreto, proporcionase información ao estudante, antes de elixir os estudos a cursar e, tamén, cando xa se matriculou. Ademais, búscase a máxima transparencia e mellorar a accesibilidade dos distintos grupos de interese á información sobre as titulacións.

O Plan recolle os diferentes medios de difusión empregados polo Centro, así como toda a información que se publica a través dos mesmos. Así mesmo, móstrase a periodicidade á hora de revisar a información, e os responsables en cada caso.

### **GRAO DE SATISFACCIÓN COA INFORMACIÓN PÚBLICA**

A **satisfacción xeral dos distintos colectivos** coa Información e transparencia neste curso é a seguinte:

#### **Alumnado**

	Nivel de satisfacción xeral do ESTUDANTADO coa Información e transparencia				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	3.17	2,59	3	4	3,79

PROFESORADO	No hay datos (encuesta bianual)
-------------	---------------------------------

#### **Persoas Tituladas**

	Nivel de satisfacción xeral das PERSOAS TITULADAS coa Información e transparencia				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	2.67	3.50	4.21	4.675	2.33

Analizando os ítems das enquisas de satisfacción de cada colectivo e titulación, o ítem mellor valorado, relativo á Información e transparencia é:

Items mellor valorado polo **ALUMNADO**:

- A utilidade da páxina web da titulación (3.25)

- A facilidade para atopar contidos na páxina web (3.25)

Ningún dos items relativos á Información e transparencia está entre os tres peor valorados polo alumnado.

Items mellor valorado polas persoas **TITULADAS**:

- A facilidade para atopar contidos na páxina web (2.67)
- A utilidade da páxina web da titulación (2.67)

Ningún dos items relativos á Información e transparencia está entre os tres peor valorados polas persoas tituladas.

A vista dos resultados, pódese considerar que a información pública recollida na web e a transmitida por outros soportes/medios denda Facultade é exhaustiva, adecuada e completa.

En relación ao **registro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada coa Información e transparencia.

**Puntos febles detectados:**

- Información duplicada na web do centro

**Accións de mellora a implantar:**

- Revisar e reorganizar a documentación publicada na páxina web do centro relacionada co SGC para evitar erros e duplicidades, e trasladar á Área de Calidade a necesidade de que a aplicación institucional utilizada para xestionar as accións de mellora (dentro da aplicación do SGQ) teña unha vista pública á que poida acceder a través dunha ligazón/URL. Deste xeito, calquera referencia ao plan de melloras incluíría a ligazón a esta vista.
- Para mellorar o sistema de codificación das actuacións de mellora e, en consecuencia, o proceso de seguimento e trazabilidade das melloras propostas, o primeiro curso no que se propuxera a actuación incluírase no campo "Curso no que se formula a actuación".

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.



### **CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE**

#### **Reflexión/comentarios:**

O Centro posúe dende o ano 2015 o certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade vixente ata o mes de xullo de 2021. Por tal motivo, o Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade constitúe unha ferramenta estratéxica básica para alcanzar unha mellora continua da Facultade e das súas titulacións. Así, no marco do programa FIDES-AUDIT, que desde 2007 guiaba aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía da calidade dos ensinos, a Facultade, en estreita colaboración coa área de Calidade da Universidade de Vigo, deseñou e aprobou o seu sistema de garantía de calidade. A Facultade conseguiu a Certificación FIDES-AUDIT por parte da ACSUG con data 26 de abril de 2010 (certificado nº 48/10).

Como continuación ao proceso iniciado en 2007 de deseño do SGC, a ACSUG, ANECA e UNIBASQ consideraron abrir en 2013 un proceso de avaliación do deseño dos SGC e de certificación da súa implantación nos centros que se acollesen a aquel programa. O sometemento a este proceso de certificación ten un carácter voluntario para os centros.

O sometemento a este proceso de certificación ten un carácter voluntario para os centros. A Facultade de Dereito cursou, con data de 15 de decembro de 2013, a solicitude para someterse á dita avaliación e ao proceso de certificación de implantación do seu SGIC. Nun primeiro Informe de Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC, tras examinar minuciosamente as alegacións presentadas polo centro ao Informe provisional, o equipo de auditoría concedeu un prazo de seis meses para avaliar a forma coa que se iniciara o tratamento das non conformidades detectadas tal e como este se describira no plan de accións de melloras proposto polo centro. Finalizado o prazo, procedeu a unha nova revisión documental para emitir o Informe definitivo de auditoría da implantación do SGC do centro. Coa realización desta segunda revisión documental, que se completou cunha visita ao centro de medio día o 2 de xuño de 2015, a Facultade obtivo o distintivo de calidade: a certificación da implantación do seu SGC.

O proceso rematou cun relevante Informe de Auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC no que a ACSUG, reiterando a valoración favorable xa anticipada polo equipo de auditoría no informe oral o propio día 2 de xuño e de forma pouco usual, destacou dez fortalezas, vinte e oito conformidades e só catro non conformidades menores e catro oportunidades para a mellora -tres delas substancialmente reiterativas das non conformidades-. En seguimento do Plan de Propostas de Mellora a ACSUG emitiu o 20 de novembro de 2018 un informe no que se indica que as accións de mellora “están a desenvolverse correctamente”.

En exercicio das competencias atribuídas polo artigo 14.1 do Real Decreto 420/2015, de 29 de maio, de creación, recoñecemento, autorización e acreditación de universidades e centros universitarios, o Consello de Universidades, mediante Resolución do 28 de xaneiro de 2019, declara a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo. A certificación, o informe e a acreditación institucional do centro converten á Facultade de Dereito nestes momentos nun dos centros máis destacados na xestión da calidade no Sistema Universitario de Galicia.

A acreditación institucional, que deberá renovarse antes do transcurso de cinco anos contados a partir da data da presente resolución, terá, para o centro, os efectos previstos no artigo 27 ter, do Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro.

Polo tanto, a acreditación institucional da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, mentres manteña os seus efectos, permitirá renovar a acreditación das titulacións oficiais que imparta o centro sen necesidade de someterse ao procedemento xeral. As titulacións oficiais incorporarán como data de renovación da acreditación no Rexistro de Universidades, Centros e Títulos o 28 de xaneiro de 2019.

En decembro de 2021, a Facultade sométese ao proceso de renovación da certificación para a implantación do Sistema de Garantía de Calidade. En outubro de 2022, a Comisión de Avaliación da ACSUG emite un informe favorable no que se avanza na Certificación da Implantación do anterior Sistema de Xestión da Calidade. Neste informe destacan cinco puntos fortes detectados pola comisión de avaliación e describen os aspectos que deben ser obxecto de elaboración dun plan de accións de mellora.

A renovación da certificación da implantación do Sistema de Garantía da Calidade converte na actualidade á Facultade de Dereito nun dos centros máis destacados en xestión da calidade do Sistema Universitario Galego.

É necesario engadir que, dado que as dúas titulacións que imparte o centro, títulos que se imparten en dous centros da Universidade de Vigo – a Facultade de Dereito e a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo-, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC precisan dunha coordinación mínima en todos os centros participantes no programa formativo. Dita coordinación se desenvolve a través de reunións periódicas da Comisión de Coordinación do Grao, na que participan os/as Decanos/as de ambos os dous centros, así como os/as coordinadores/as de Grao, coa posibilidade de intervención de outros participantes, como o/a vicedecano/a de calidade. E, no Máster, a través de Comisión de Coordinación do Máster, na que participan os/as Decanos/as de ambos os dous centros e dos tres colexios profesionais que colaboran na impartición do Máster (ou as persoas nas que deleguen), así como os/as coordinadores/as académicos do Máster en cada Facultade e os secretarios das comisións académicas, tamén coa posibilidade de intervención doutros participantes.

A existencia de comisións académicas, comisións de calidade e docentes diferentes e a colaboración, no caso do Máster, en cada centro de impartición de colexios de avogados diferentes xustifica que a coordinación se vincule ao respecto á memoria do título, que é única para toda a titulación

Nas enquisas de **satisfacción do alumnado** os valores obtidos para o bloque relativo ó SGC son:

Nivel de satisfacción do estudantado co Sistema de garantía de calidade					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Máster</b>	2.75	2.50	2.60	3.33	3.57

Incrementouse con respecto aos cursos anteriores.

Nas enquisas de **satisfacción das persoas tituladas**, os valores obtidos para o bloque relativo ó SGC son:

Nivel de satisfacción do estudantado co Sistema de garantía de calidade					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Máster</b>	1.67	3.00	4.17	4.20	3.33

Como se pode observar, neste colectivo descendeu o grao de satisfacción co Sistema de garantía de calidade.

No relativo ó **grao de satisfacción do PROFESORADO** do máster co SGC, non hai datos para este curso:

Nivel de satisfacción do profesorado co Sistema de garantía de calidade					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Máster</b>	NON HAI DATOS	3.88	NON HAI DATOS	4.29	ND

No relativo ó **grao de satisfacción do PAS do máster** co SGC, non hai datos para este curso:

Nivel de satisfacción do PAS co Sistema de garantía de calidade					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Máster</b>	NON HAI DATOS	4	NON HAI DATOS	4.33	ND

#### Puntos febles detectados:

- O grao de satisfacción das persoas tituladas co Sistema de garantía de calidade descendeu

#### Accións de mellora a implantar:

- Iniciar a planificación estratéxica para a elaboración, validación e aprobación do novo manual de calidade e do procedemento de Desenvolvemento Estratéxico DE-01 Ind05, que inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas do centro, en consonancia co plan estratéxico da Universidade. Fixar obxectivos contextualizados ao centro, establecer unha planificación con accións concretas para

	<p>acadar os obxectivos e definir os obxectivos, os responsables do desenvolvemento e seguimento destas actuacións concretas, os indicadores e prazos de consecución nos que se deben levar a cabo e os recursos necesarios.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Trasladar á Área de Calidade propostas para mellorar a utilidade e eficacia da aplicación de xestión da documentación de calidade, en concreto no que se refire á xestión das accións de mellora.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b>  E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u>  E10: Documentación do SGC (Política, <b>obxectivos de calidade</b>, manual e procedementos)  E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)  E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC  EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p><b>Indicadores nos que se baseou a valoración:</b>  I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade  <b>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</b></p>	

## **CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS**

### **Reflexión/comentarios:**

A contratación do profesorado nos distintos departamentos adscritos á Facultade réxese polo Regulamento de Profesorado da Universidade de Vigo, que atribúe competencias aos departamentos e non aos centros para elaborar as propostas de asignación das novas prazas do profesorado ás áreas de coñecemento que os conforman.

O Máster en Avogacía tiña, no curso 2019/2020, 39 profesores fronte a un total de 42 profesores no curso 2018/2019.

No curso 2019/2020, 13 son profesores a tempo completo da Universidade de Vigo e 26 é profesorado externo (avogados), seguindo o indicado no artigo 4.3 da Lei de acceso en relación co artigo 13 do seu regulamento de desenvolvemento e coa cláusula terceira do Convenio entre a Universidade de Vigo e o ICA de Ourense, onde se indica que o persoal docente do Máster deberá ter unha composición equilibrada entre avogados e profesores universitarios, de forma que en conxunto ningún destes colectivos supere o 50% da docencia correspondente ao curso de formación.

O detalle, por categorías académicas do profesorado que imparte docencia no Máster (datos relativos ao profesorado da titulación ao inicio de cada curso académico) é o seguinte:

Categoría	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Catedrático/a Universidade	5	5	3	1	1	1
Titular de Universidade	3	3	5	8	9	9
Catedrática/o E.U.	0	0	0	0	1	1
Titular E.U.	0	0	0	0	0	0
Contratado doutor	5	4	5	5	4	4
Contratado/a interino/a	0	0	0	1	0	0
Axudante doutor/a	1	1	0	0	0	0
Asociado/a	3	2	3	2	0	0
Predoutoral Xunta	0	0	0	0	0	0
Non aplicable	22	22	23	25	25	25

Respecto á cualificación do profesorado, os datos relativos ó número de doutores e sexenios son os seguintes:

Indicadores de Seguimento	Meta fixada	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Cualificación do PDI (DOCTORES)	≥ 15 doutores	14	13	14	15	15
Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	≥ 30 sexenios	29 reais / 39 potenciais	28 reais/35 potenciais	26 reais/35 Potenciais	26 reais / Potenciais 33	37 potenciais

Como se pode observar, o **número de sexenios** do profesorado incrementouse o que certifica a suficiencia investigadora do profesorado. Ademais, supérase a meta fixada.

En relación ó **número de doutores**, incrementouse con respecto ao curso anterior. É necesario facer un seguimento da evolución para o seguinte curso académico dado que está por debaixo da meta fixada.

### PARTICIPACIÓN DO PDI EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN

En canto ao número de **PROFESORES** que participaron en **programas de formación**, os datos son os seguintes:

Profesorado en programas de formación					
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
3	8	10	6	2	5

Os resultados mostran que no último curso académico descendeu o número de profesores do título que participou en programas de formación.

Aínda que o número de docentes que participa en programas de formación non resulta elevado, hai que ter en conta que boa parte da formación ofrécese durante o período lectivo ordinario, período, o que dificulta a participación do profesorado que normalmente está ao máximo da súa capacidade docente efectiva, e que un importante número de profesorado traballa a tempo parcial na universidade.

Dende o curso 2017/2018, por iniciativa da Comisión de calidade, implantouse un Curso de actualización xurídica, no que participan docentes e investigadores da Facultade de Dereito, con docencia no Grao en Dereito, no Plan Conxunto ADE-Dereito e, así mesmo, no Máster universitario en avogacía. Entre os seus obxectivos, están os de ofrecer unha formación multidisciplinar aos docentes e investigadores da Facultade de Dereito, que redundará na calidade da súa docencia e investigación; a súa actualización en temáticas xurídicas alleas ás especialidades de cada docente, pero, a miúdo, necesarias para a aproximación e análise de cuestións complexas; o intercambio de información relativa a institucións ou réximes xurídicos polémicos, novos ou de actualidade; e a conformación de foros de debate e discusión. Dende o decanato solicitouse á Área de Formación e Innovación Educativa a inclusión deste curso como curso de formación permanente do PDI pero, dende dita área, denegaron a solicitude e, polo tanto, non se computa.

Sinalar que o Centro habilita todos os anos un mecanismo que permite ao profesorado manifestar o seu interese na realización de cursos de formación, que posteriormente poden ser organizados de forma específica para o profesorado.

### PARTICIPACIÓN DO PDI EN PROGRAMAS DE MOBILIDADE

Os docentes do título participan en programas de mobilidade docente, habitualmente no marco de intercambio dos programas Erasmus. En concreto, os valores de mobilidade para os docentes do título en programas de mobilidade, son os seguintes:

Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade				
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
3 (5.66%)	1 (2.70%)	0 (0 %)	4 (9,52 %)	3 (7,5 %)

Como reflicten os datos, a participación dos **DOCENTES** do título en **programas de mobilidade** incrementouse neste curso.

**PORCENTAXE DE PROFESORADO DO TÍTULO AVALIADO POLO PROGRAMA DOCENTIA**

- A avaliación quinquenal na última convocatoria, abarcou os anos dende 13-14 ao 17-18. Nesta convocatoria participou un docente que obtivo unha cualificación de Moi favorable.

**PARTICIPACIÓN DO PAS EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN**

O número de persoal de administración e servizos que participaron en programas de formación son:

Porcentaxe de PAS en formación (Indicador por Facultade) ( $\geq 75\%$ )					
2020/2021	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
50,43%	60,56%	63,64 %	67,93 %	82,49 %	57,89 %

Os resultados mostran que no último curso académico descendeu o número de persoal de administración e servizos que participou en programas de formación, e sitúase por debaixo da meta establecida ( $\geq 75\%$ ).

Instada pola Xerencia a colaboración do PAS para elaborar o Plan de Formación do ano seguinte, o centro habilita un mecanismo para identificar, coa colaboración do PAS, e a partir da análise das competencias actuais e das expectativas futuras, necesidades de formación. Se se detectan, a comisión de calidade transmite as necesidades á Administradora e á área de formación do PAS. O persoal pode transmitir directamente as súas necesidades ao Servizo de PAS. O procedemento permite ao PAS manifestar o seu interese na realización de cursos de formación, que posteriormente poden ser organizados de forma específica para o PAS.

Polo demais, as competencias globais canto a detección de necesidades, o acceso (selección e contratación), a xestión da vida laboral, a eventual avaliación, a promoción e a formación continua do persoal de administración e servizos están centralizadas nos servizos centrais dependentes da Xerencia da Universidade de Vigo. Non obstante, con periodicidade anual, a comisión de calidade do centro analiza as necesidades de persoal do centro e, ten en conta: a suficiencia e adecuación do persoal, os compromisos das memorias de verificación das titulacións, a situación e os resultados das titulacións, os resultados de QSP do centro, e as necesidades actuais e futuras do centro.... Esta análise realízase en paralelo coa análise e consolidación das necesidades de persoal que debe acometer a Administradora do Campus. De feito, a comisión de calidade solicita un informe á administradora e remite un escrito ao persoal de administración e servizos do centro solicitándolle que poña de manifesto as necesidades de persoal nos seus respectivos ámbitos. A análise da comisión de calidade trasládase á administradora e á xerencia aos efectos oportunos -negociación e desenvolvemento dunha nova RPT-.

**ANALISE DAS ENQUISAS DE SATISFACCIÓN E DE AVALIACIÓN DOCENTE DO PROFESORADO**

A satisfacción xeral dos distintos colectivos do máster cos **recursos humanos** neste curso é a seguinte:

Colectivo	Recursos humanos				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Alumnado	2.75	3.33	3.27	4	3.61
Profesorado	NON PROCEDE	4.04	NON PROCEDE	4.2333	NON PROCEDE
Persoas Tituladas	2	3.88	4	4.3	3.5

Analizando en detalle os ítems das enquisas de satisfacción do **alumnado** relativos ós Recursos humanos (en comparación con todos os ítems da enquisa), atopamos que o ítem "12- A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro" atópase entre os peor valorados.

No caso do **PROFESORADO**, non hai datos por tratarse dunha enquisa bianual.

No caso dos **EGRESADOS**, o ítem "O desempeño do profesorado" está entre os peor valorados con unha puntuación de 1.67. Este dato contrasta co valor alcanzado nas enquisas ao estudantado deste curso. A xustificación pode estar en que os egresados sufriron os problemas surxidos co inicio da docencia online na etapa Covid e postcovid sufrida no curso 2019/2020 e 2020/2021.

No relativo o **Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado** (Enquisas de avaliación docente) o valor alcanzado é alto.

Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado					
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
4.17	4.07	3.76	4.16	3.74	4.26

En relación ao **grao de satisfacción do PAS**, non hai valoración sobre os ítems relacionados cos **RECURSOS HUMANOS SOBRE O CENTRO E DAS SÚAS TITULACIÓNS**, porque a enquisa é bianual.

Grao de satisfacción do PAS cos RECURSOS HUMANOS				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
A formación para facilitar o desempeño das súas funcións	ND	3.20	ND	4
A dotación do PAS adscrito	ND	2.60	ND	4

#### MEDIA DE ALUMNOS POR GRUPO DE DOCENCIA

	Media de alumnos por grupo de docencia				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Tamaño grupos (Para os Másters, como só teñen un grupo o TMG, é a media de alumnos matriculados)	15	22	16	25	18

#### COMPROMISOS DE CONTRATACIÓN DE PDI

Aínda que o procedemento de apoio do Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) da Facultade de Dereito PE-02 P1 "Xestión do PDI", ten por obxecto, en relación ao PDI, a identificación das necesidades de recursos humanos e de formación continua, para mellorar a súa calidade, o centro non ten competencias en materia de contratación de persoal. De feito, a finalidade do proceso vincúlase á formación do PDI, ao efecto de contribuír a través da avaliación e formación a garantir que o profesorado estea cualificado e sexa competente no seu traballo, e a mellorar os resultados de calidade dos centros e titulacións.

As actuacións concernentes á contratación do persoal académico e do persoal de administración e servizos están centralizadas, respectivamente e en esencia, na Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado e na Xerencia. Con todo, compete á Facultade de Dereito a aprobación da proposta da programación docente anual (PDA) co fin de distribuír en grupos docentes o número de horas asignado á titulación e previamente determinado polos órganos de goberno da Universidade, segundo os criterios de elaboración da PDA aprobados no Consello de Goberno para cada curso académico.

Aprobada a PDA do centro, son os departamentos, atendendo ás materias e grupos aos que ten que impartir docencia nas diferentes titulacións en que participa, os que establecen as necesidades adicionais de profesorado, se as hai, ao obxecto de confeccionar o plan de organización docente (POD). Estas necesidades comunícanse á Vicerreitoría de Ordenación Académica e Profesorado coa finalidade de que, se o considera oportuno, propoña en Consello de Goberno a asignación de novo profesorado.

Sen embargo, a pesar da normativa actual na Universidade española, á política restritiva en materia de promoción e consolidación de profesorado e á existencia dunha taxa de reposición coñecida por todos, a Facultade de Dereito e, en particular, a Comisión de calidade non fixeron abandono das súas funcións en materia de política de profesorado nin de selección, formación, promoción e consolidación de PDI e PAS. Aínda sendo conscientes de que a responsabilidade decisoria nos procedementos de xestión do persoal transcende á competencia dos centros, da política restritiva en materia de promoción e consolidación de persoal e da existencia dunha taxa de reposición, a Facultade e a Comisión de calidade tratan de ser máis proactivas en materia de política de profesorado e de selección, formación, promoción e consolidación de PDI e PAS. Periodicamente, a Comisión de calidade remite aos órganos competentes da Universidade de Vigo varias propostas en relación coa contratación, consolidación e formación de PDI, a contratación e formación de PAS, a demanda de coordinación aos Departamentos para garantir a cobertura das necesidades dos servizos e os dereitos do alumnado e a petición de coordinación tamén á Comisión académica do Máster universitario en avogacía en temas de contratación de profesorado externo e para resolver problemas de docencia.

En relación ao **registro de QSPs**, non se recibiu ningunha queixa relacionada cos Recursos humanos.

#### Puntos febles detectados:

- O grao de satisfacción das persoas tituladas co Sistema de garantía de calidade descendeu.
- Descendeu o número de profesores do título que participou en programas de formación.
- Descendeu o número de persoal de administración e servizos que participou en programas de formación, e sitúase por debaixo da meta establecida ( $\geq 75\%$ ).
- O ítem "O desempeño do profesorado" nas enquisas de satisfacción ós egresados está entre os peor valorados con unha puntuación de 1.67.

#### Accións de mellora a implantar:

- Análise da implementación de medidas para dar a coñecer e mellorar o grao de satisfacción dos distintos colectivos do centro co sistema de garantía de calidade.
- **Solicitar datos sobre temas de formación de docencia no marco específico do máster.**
- Solicitar á área de Calidade que, de oficio, informe á persoa coordinadora de calidade do centro nestes casos:
  - O/A profesor/a obtivera unha puntuación inferior a 2 puntos na avaliación docente dunha materia durante 3 anos consecutivos.
  - O/A profesor/a obtivera unha puntuación inferior a 2 puntos na avaliación docente global durante 3 anos consecutivos.

#### Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve  
 E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)  
 R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos ( DOCENTIA)

#### Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan



en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)  
I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)  
I02-PE: Cualificación do PDI  
I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)  
I03(2)-PE: Profesorado por categoría

## **CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS**

### **Reflexión/comentarios:**

Na Facultade a docencia impártese en:

a) Aulas que contan con acceso a internet inalámbrico, ordenador para o profesorado, canón de proxección e tomas de corrente para permitir ao alumnado conectar os seus dispositivos portátiles. Ademais, dende setembro de 2020, as aulas contan con cámara web de alta resolución, micrófonos inalámbricos e, parte delas, con monitor interactivo de 65", para permitir a docencia en liña.

Sobre os servizos dispoñibles para a impartición da docencia é importante sinalar a utilidade da plataforma de teledocencia (Moovi), a disposición do profesorado como ferramenta de apoio á docencia e medio para compartir documentos, probas, traballos, cualificacións, etc. co alumnado.

Ademais, o profesorado conta con un campus remoto, onde dispón de aulas virtuais para impartir docencia en liña.

b) Aulas informáticas dotadas cun equipo informático en cada posto, acceso a internet inalámbrico, ordenador para o profesorado e canón de proxección.

Para as titorías, o persoal docente conta con despachos físicos habilitados para ese efecto. Ademais, dentro do campus remoto, o docente dispón dun despacho virtual desde onde pode realizar titorías en liña co alumnado.

A Facultade pon a disposición do alumnado: conexión a internet inalámbrica en toda a Facultade, préstamo de computadores e cafetería.

A información sobre medios materiais atópase na web do Centro, no seguinte enlace:

<http://dereito.uvigo.es/gl/Facultade/recursos-materiais-e-servizos>, onde se definen as instalacións e servizos a disposición do alumnado e do profesorado.

Tanto as infraestruturas como os recursos materiais postos a disposición do estudantado e destinados ao proceso formativo son adecuados para a impartición dos títulos de Graduado/a en Dereito e do Máster universitario en avogacía e coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación.

A coordinadora da xestión das prácticas externas comproba que as infraestruturas e as instalacións coas que contan as distintas institucións de destino reúnen as condicións necesarias para a adquisición das competencias por parte do alumnado.

### **FONDOS BIBLIOGRÁFICOS E MATERIAL DOCENTE**

O estudantado ten a súa disposición ordenadores portátiles de préstamo, a biblioteca central do Campus onde se pode realizar gratuitamente a consulta de libros, e unha cantidade importante de materiais didácticos creados polo profesorado que contribúen de forma importante ao cumprimento do principio de igualdade de oportunidades.

Os fondos bibliográficos, recursos documentais, material docente, material complementario, etc. son suficientes e están actualizados (<http://www.perseo.biblioteca.uvigo.es>).

### **SERVIZOS DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROGRAMAS DE ACOLLIDA**

O Plan de acción titorial (PAT) configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria para as titulacións do centro. Préstaselle especial atención aos estudantes de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ós que están a finalizar os seus estudos.

O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do/a estudante e basexadas en relacións mutuas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do estudantado, que normalice as distintas accións e consiga un idóneo equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior.

Neste sentido, é importante destacar algún dos principios recollidos dunha forma ampla tanto no sistema de garantía de calidade da Facultade de Dereito como nas memorias dos seus títulos e que este plan trata de garantir: a adecuación dos

métodos de ensino, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

No PAT da Facultade, entre as actuacións de titorización na titulación de Máster en Avogacía prevense as seguintes:

#### Actuacións de organización:

O coordinador/a da titulación informará o profesorado e os distintos implicados no PAT co fin de realizar a distribución definitiva das distintas accións, do alumnado e dos horarios entre os titores/as, as aulas de atención etc.

#### Actuacións de acollida:

- a. Acto de benvida (a primeira semana do curso) A xornada de acollida está destinada ao alumnado de primeiro curso e os seus obxectivos prioritarios son fundamentalmente tres: facilitarlle o cambio que sempre lle supón o tránsito da etapa de estudos de grao a estudos de Máster, presentarlle o Máster universitario en avogacía e darlle a coñecer os recursos e as ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito. No acto de benvida os/as decanos/as da Facultade e do Ilustre Colexio de Avogados e os coordinadores/as académico e profesional do Máster reciben o alumnado de novo ingreso. Os membros da comisión académica do Máster preséntanlle a estrutura e os contidos do plan de estudos, as guías docentes, os horarios e os calendarios, as prácticas externas, o traballo de fin de Máster e informan da importancia de participar nos principais órganos colexiados e nos procesos de avaliación da satisfacción para garantir a calidade e a mellora continua no centro e nas titulacións. Ademais, móstrase a web do Máster como a canle de información pública fundamental das principais unidades e servizos. Tamén intervén o coordinador/a do PAT no Máster, que presenta o PAT: os seus obxectivos, a importancia de participar, as principais actuacións etc. Unha ou varias persoas representantes do Ilustre Colexio de Avogados imparten un relatorio sobre o exercicio da avogacía.

#### Actuacións de apoio e seguimento

- a. Accións co profesorado titor O profesorado titor asesorará o seu alumnado ao longo de todo o curso académico mediante a programación de polo menos dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes no Máster universitario en avogacía, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado en calquera momento do curso. O estudiantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos no primeiro curso, e nos casos que sexa necesario de forma individual; e no segundo curso de forma individual, sen prexuízo de reunións en grupo para informar sobre aspectos xerais de interese sobre as materias de Prácticas externas e de Traballo de fin de Máster. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

#### Actuacións de avaliación do grao de satisfacción

O alumnado e o profesorado implicado no PAT cumprirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a» do PAT). Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudiantado.

#### Actuacións de carácter formativo

Ciclo de conferencias, seminarios e xornadas Trátase accións formativas organizadas dende o centro e que complementan a formación do alumnado. Permítenlle ao estudiantado participar en contextos de aprendizaxe distintos á aula para potenciar a motivación e mellorar a integración na titulación e na Facultade.

O grao de satisfacción do **ALUMNADO** do máster en relación á **orientación académica** recibida no plan de acción titorial incrementouse en relación ó curso anterior:

	Grao de satisfacción do alumnado coa orientación académica recibida no PAT				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	3.75	2.82	2.67	3.6667	3.56

O grao de satisfacción das **PERSOAS TITULADAS** coa **orientación académica** para continuar os estudos descendeu consideráblemente no último curso:

	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa orientación académica para continuar os estudos				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	1.00	3.00	3.57	4.0	2.33

O grao de satisfacción das **PERSOAS TITULADAS** coa orientación profesional e laboral segue a descender con respecto a cursos anteriores:

	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa orientación profesional e laboral				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	1.33	2.50	3.57	4.60	2.67

#### Grao de satisfacción cos recursos e servizos dos distintos colectivos

A través das enquisas institucionais que se realizan anualmente ao profesorado, alumnado e PAS, recóllese, entre outros, o grao de satisfacción destes colectivos cos **recursos e servizos**. Os valores destes indicadores foron:

	Grao de satisfacción cos recursos materiais e servizos				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Alumnado	3.69	3.27	2,69	4,08	3,79
Profesorado	Non hai datos	4.22	Non hai datos	4,37	ND
Tituladas/os	2.00	3.30	4,39	4,55	3,64
PAS	Non hai datos	3.00	Non hai datos	4,33	ND

O **ALUMNADO** do máster valora positivamente:

- As aulas e laboratorios (**3.75**)
- Os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento (**3.75**)
- Os espazos para o traballo autónomo (biblioteca, aulas TIC, e o seu equipamento) (**3.75**)

E o item, en relación cos recursos materiais e servizos, que menos puntúa o **ALUMNADO**:

- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (**3.50**)

Dende o punto de vista dos **EGRESADOS**, entre os items máis valorados está:

- As aulas e laboratorios (**2.33**)

E entre os peor valorados:

- As plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (1.50)

Este dato contrasta co valor alcanzado nas enquisas ao estudiantado deste curso. A xustificación pode estar en que os egresados sufriron os problemas surxidos co inicio da docencia online na etapa Covid e postcovid sufrida no curso 2019/2020 e 2020/2021.

Dende o punto de vista do **PROFESORADO** e **PAS**, non hai datos por tratarse dunha enquisa bianual.

Se analizamos nas enquisas de avaliación docente a pregunta relativa á valoración do **ESTUDANTADO** do máster cos recursos proporcionados polo profesorado (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) os resultados son os seguintes:

	Valoración do estudiantado do máster cos recursos materiais					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Recursos (bibliografía, materiais, recursos virtuais, exercicios,...) facilitados e recomendados polo profesorado	4.09	3.99	3.71	4.05	3.68	4.28

Como conclusión, o grao de satisfacción dos distintos colectivos, reflexado tanto nas enquisas de satisfacción da titulación como nas enquisas de avaliación docente ten unha valoración positiva.

### Informe sobre cooperación con institucións e empresas na materia “Prácticas Externas” no curso 2021-2022

A oferta formativa de prácticas externas para o curso 2021/2022, no Máster, foi de:

- Prácticas externas básicas: 23 prazas
- Prácticas externas: 27 prazas

Ditas prazas foron distribuídas do seguinte xeito:

Entidade (nº de prazas)	
Entidade	nº de prazas
ABUNDANCIA DOMÍNGUEZ, JOSÉ	2
AL MALEK PÉREZ, WALID	1
ALVAREZ GONZÁLEZ, ZAIDA	2
BLANCO ARCE, FERNANDO (FERRO ABOGADOS)	2
CADAVEIRA GONZÁLEZ, PAULA	1
CID VÁZQUEZ, MARÍA JESÚS	1
DE LEON REY, DAVID	1
DUARTE LORENZO, SONIA	1
FERNÁNDEZ SOTO, JOSÉ MANUEL	2
FERREIRA RIVERA, ALBINO	1

GOMEZ DIAZ, ANABEL	2
GOMEZ DOMINGUEZ, MIGUEL	1
GONZALEZ ESTEVEZ, ARTURO	1
GONZÁLEZ FERNANDEZ, JOSÉ CARLOS	2
GONZÁLEZ SEOANE, JOSÉ ANTONIO	1
HIDALGO FERNÁNDEZ, ÁLVARO	1
LÓPEZ LÓPEZ, MARTA	2
MAYO MARTÍNEZ, BENJAMÍN	1
MOSQUERA DIEGUEZ, ARTURO	2
NEIRA BARRAL, DANIEL	1
ORBAN SOUSA, RICARDO	1
PAZOS ALZUGARAY, PILAR	2
PEREIRA SARDI, ALFONSO	1
RODRÍGUEZ DÍAZ, JOSÉ MANUEL	1
SALGADO CARBAJALES, FÁTIMA	2
SALGADO CARBAJALES, LUIS MANUEL	2
SILVA VARELA, ELVIRA	2
VALLÉS URRIZA, RAFAEL	1

O Grao de satisfacción dos titulados do Máster no relativo á “A utilidade das prácticas académicas externas” sigue sendo alto, aínda que descendeu en relación a cursos pasados:

Grao de satisfacción dos titulados do Máster coa utilidade das prácticas académicas externas				
2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
2.33	3.50	4.57	4.60	3.33

En relación ao rexistro de QSPs, non existen queixas relacionadas cos Recursos materiais e servizos.

#### Puntos febles detectados:

- O grao de satisfacción das **PERSOAS TITULADAS** coa **orientación académica** para continuar os estudos descendeu considerablemente no último curso
- O grao de satisfacción das **PERSOAS TITULADAS** coa orientación profesional e laboral segue a descender con respecto a cursos anteriores
- Dende o punto de vista dos **EGRESADOS**, entre os peor valorados están as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia (1.50)

#### Accións de mellora a implantar:

- Creación dunha materia na plataforma Moovi para publicar, para cada curso dunha titulación a información pertinente relativa ao PAT – ANAE do curso correspondente.
- Organizar reunións, inicial e de seguimento, en grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos co titor asinado nas prácticas académicas externas.
- Organización, en colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo, dun obradoiro dirixido a estudantes da Facultade de Dereito para a elaboración de CV e a preparación de entrevistas.
- Colaboración coa Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo na Feira internacional EMPREGOinCAMPUS, co obxectivo de por en contacto a titulados/as e estudantes da Facultade de Dereito con entidades que estean buscando talento e coas Administracións que desexen mostrar ao alumnado a súa oferta de emprego.

**Evidencias nas que se baseou a valoración:**

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

**CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE****Reflexión/comentarios:**

As competencias, a metodoloxía docente e os sistemas de avaliación atópanse nas guías docentes que os coordinadores de materia elaboran a través da aplicación Docnet. As guías docentes son produto do consenso entre o profesorado responsable da materia e son supervisadas pola coordinación do Máster e a Comisión de calidade. As guías docentes apróbanse pola Xunta de Facultade, publícanse con antelación suficiente e están dispoñibles en <http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/guias-docentes>. O profesorado facilita tamén o acceso ás guías docentes ao alumnado matriculado nas súas materias, a través da plataforma de teledocencia FAITIC.

As actividades formativas, as metodoloxías e os sistemas de avaliación recollidos nas guías docentes resultan coherentes coas competencias que se pretende desenvolver e cos resultados de aprendizaxe previstos.

En canto ao **Grao de satisfacción do alumnado** en relación aos **resultados de aprendizaxe**, os valores obtidos (sobre 5) son:

	Grao de satisfacción do alumnado do máster en relación aos resultados de aprendizaxe				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	4.13	2.88	2.43	3.79	3.42

Desglosado por ítems:

	A formación adquirida (coñecementos e contidos)				O cumprimento das túas expectativas formativas			
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
Máster	4.50	3.00	2.55	3.86	3.75	2.76	2.33	3,71

Entre os tres ítems peor valorados polo alumnado do Máster, non está ningún relacionado cos **resultados de aprendizaxe**:

Entre os tres ítems mellor valorados polo alumnado do Máster, están:

17- A formación adquirida (**4.50**)

18- O cumprimento das túas expectativas formativas (**3.75**)

Como se pode observar, o grao de satisfacción do alumnado cos resultados do aprendizaxe aumentou en relación a cursos pasados.

En cuanto ao **grao de satisfacción das persoas tituladas do máster** en relación aos **resultados de aprendizaxe**, os valores obtidos (sobre 5) son:

	Grao de satisfacción das persoas tituladas do máster en relación aos resultados de aprendizaxe				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	1.67	2.88	3.71	4.40	3.17

Desglosado por ítems:

	A formación adquirida				A utilidade da formación recibida para a carreira profesional			
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019
Máster	1.67	2.75	3.71	4.40	1.67	3.00	3.71	4.40



Como se pode observar, o **grao de satisfacción das persoas tituladas cos resultados do aprendizaxe** descendeu comparado cos datos do curso anterior.

Débase ter en conta que as persoas tituladas que contestaron a esta enquisa e o alumnado que cursou o segundo cuatrimestre do seu primeiro curso do máster en modalidade en liña, o que motivou un enorme esforzo de adaptación tanto para o profesorado como para o alumnado. Aesto hai que engadir a falta de medios técnicos nas primeiras semanas que poido redundar nunha diminución da calidade da docencia.

En relación ao **Grao de satisfacción do profesorado do máster** con respecto aos **resultados**, non se dispón de datos por tratarse dunha enquisa bianual:

Grao de satisfacción xeral do profesorado con respecto aos Resultados					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	ND	3.90	ND	4.25	ND

En relación ao **Grao de satisfacción xeral do alumnado do máster** con respecto á **Titulación**, os datos obtidos son:

Grao de satisfacción xeral do alumnado con respecto á Titulación					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster ( $\geq 3.5$ )	3.47	2.89	2.85	3.8264	3.61

Como se pode observar, o Grao de satisfacción xeral coa titulación do alumnado do máster incrementouse e roza case a meta fixada ( $\geq 3.5/5$ ).

En relación ao **Grao de satisfacción xeral das persoas tituladas** con respecto á **Titulación do máster**, os datos obtidos son:

Grao de satisfacción xeral dos titulados con respecto á Titulación					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster ( $\geq 3$ )	1.93	3.31	4.10	4.44	3.17

Como se pode observar, o Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación do máster descendeu considerablemente e está por debaixo da meta fixada ( $\geq 3/5$ ).

En relación ao **Grao de satisfacción xeral do profesorado** con respecto á **Titulación do máster**, non hai datos por tratarse dunha enquisa bianual:

Grao de satisfacción xeral do profesorado con respecto á Titulación					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster ( $\geq 3.5$ )	Non procede	3.97	Non procede	4.29	Non procede

En relación coa **participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción**, desde o equipo de goberno da Facultade nos últimos cursos realízase un gran esforzo por concienciar ao alumnado sobre a importancia que para o Centro

ten o dispor de datos sobre o Grao de satisfacción, aínda que non sempre se alcanzan os valores desexados. No curso 2021/2022 o índice de participación descendeu en relación ao curso anterior.

	% de participación do alumnado nas enquisas				
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
Máster	31%	50 %	55 %	43,75 %	74 %

A **taxa de éxito** tamén nos dá información anual dos resultados de aprendizaxe e dos resultados do título.

**Taxa de éxito** = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número de créditos presentados a exame.

En relación coa **taxa global de éxito no Máster**:

	Taxa global de éxito					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster( ≥ 90%)	100%	100%	99.76%	99 %	100 %	100 %

A taxa global de éxito do Máster é moi alta (100 %). Non precisa accións de mellora.

En relación coa **taxa de éxito por materias no Máster**:

A taxa de éxito do Máster é moi alto en todas as materias.

Materia	Taxa de éxito 1º curso Máster				
	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio	100 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica extraxudicial	100 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica civil I	100 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica civil II	100 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica mercantil	100 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica penal I	100 %	94 %	100%	100%	100%
Práctica penal II	101000 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica administrativa	100 %	94 %	100%	100%	100%
Práctica tributaria	100 %	100 %	100%	100%	100%
Práctica laboral e de seguridade social	100 %	100 %	100%	100%	100%
Prácticas externas básicas	100 %	100 %	100%	100%	100%
Prácticas externas	100 %	100 %	100%	100%	100%

Traballo fin de Máster	100 %	100 %	100%	100%	100%
<b>TOTAL 1º CURSO</b>	<b>100 %</b>	<b>99 %</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

**Puntos febles detectados:**

- O grao de satisfacción das persoas tituladas do máster en relación aos resultados de aprendizaxe:
  - A formación adquirida (1.67)
  - A utilidade da formación recibida para a carreira profesional (1.67)
- O Grao de satisfacción xeral coa titulación dos egresados do máster descendeu considerablemente (1.93) e está por debaixo da meta fixada ( $\geq 3/5$ ).
- No curso 2021/2022 o índice de participación do alumnado do máster nas enquisas de satisfacción descendeu en relación ao curso anterior.

**Accións de mellora a implantar:**

- Valoración e toma en consideración, no seu caso, pola comisión de calidade de accións de melloras destinadas a unha maior vinculación do alumnado da titulación coa formación e coa práctica xurídica, como, por exemplo saídas profesionais, visita de profesionais á Facultade, etc.
- Difusión específica no Máster de ofertas laborais destinadas ao seu alumnado.
- Adopción de medidas para incentivar o contacto do alumnado do Máster con asociacións e agrupación que concentran os novos profesionais nese ámbito.

**Evidencias nas que se se baseou a valoración:**

E4: Guías docentes das materias

E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,titor e cualificación)

E25/: Informes de cualificación por materia

EA11: Informes de prácticas

**Indicadores nos que se baseou a valoración:**

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análise xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción

I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

**CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO****Reflexión/comentarios:****Matrícula de novo ingreso por preinscrición - Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico**

Matrícula de novo ingreso por preinscrición no Máster (Evolución do estudantado matriculado en cada curso académico)						
	2022/2023	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Máster</b>	22	9	17	22	16	25

No **Máster**, non se cubriron todas as prazas ofertadas (30) e a **demanda diminuiu neste curso**. No curso 2022/2023 recuperouse de novo a matrícula.

**Taxa de ocupación**

**Taxa de ocupación** = % entre matrícula de novo ingreso por preinscrición e prazas ofertadas.

Neste curso a taxa de ocupación foi inferior á meta fixada pero recuperouse no curso 2022/2023.

Taxas de ocupación (≥ 66 %)						
	2022/2023	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018
<b>Máster</b>	73,33%	30%	56.67%	73.33 %	53.33 %	83.33 %

**Evolución dos indicadores de resultados****Taxa global de rendemento no Máster:**

**Taxa de rendemento** = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número créditos matriculados.

Taxa de rendemento (≥ 90 %)						
Titulación (Meta)	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	97%	96 %	96 %	97 %	99 %	99 %

A taxa de rendemento do Máster mantense estable e atópase moi por enriba da meta pretendida (90 %), polo que se debería continuar na mesma liña. Non se necesitan propostas de mellora.

**Taxa global de abandono no Máster:**

**Taxa de abandono** = porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na universidade ou que, sen haberse graduado nese título, non se matricularon nel durante dous cursos seguidos.

Titulación (Meta)	Taxa de abandono ( $\leq 10\%$ )					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	9.09%	12.50%	0 %	0 %	4.35 %	0 %

A taxa de abandono do Máster descendeu en relación ao curso pasado e cumprese a meta fixada.

#### Taxa global de graduación no Máster:

**Taxa de graduación** = Porcentaxe de estudantes que finalizan a ensinanza no tempo teórico previsto no plan de estudos ou nun curso máis.

Titulación (Meta)	Taxa de graduación ( $\geq 90\%$ )					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	86.36%	87.50%	100 %	94.44 %	94.44 %	95.65 %

A taxa de graduación é lixeiramente inferior á meta fixada. É necesario ver a evolución nos sucesivos cursos.

#### Taxa global de éxito no Máster:

**Taxa de éxito** = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número de créditos presentados a exame.

Titulación (Meta)	Taxa de éxito ( $\geq 90\%$ )					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	100%	100%	100 %	99 %	100 %	100 %

A taxa global de éxito do Máster é moi alta.

#### Taxa global de eficiencia no Máster::

**Taxa de eficiencia (ou taxa de rendemento de egresados)** = relación porcentual entre o número total de créditos superados ao longo da titulación por un/a egresado/a e o número total de créditos matriculados.

Titulación (Meta)	Taxa de eficiencia ( $\geq 90\%$ )					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster	100%	100%	100 %	100 %	99 %	99 %

A taxa de eficiencia do Máster alcanza o 100%, e supera claramente a meta fixada ( $\geq 90\%$ ), polo que non caben recomendacións de mellora neste punto.

### Rexistro das taxas por materia do Máster

#### Taxa de avaliación

A media global (98%) é superior á do curso anterior (94%). Toda as materias teñen unha taxa de avaliación por encima da meta fixada ( $\geq 90\%$ ), a excepción da materia **Traballo fin de Máster**.

Materia	Taxa de avaliación ( $\geq 90\%$ ) Máster					
	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio	100 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica extraxudicial	100 %	100 %	94 %	95%	94%	100%
Práctica civil I	100 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica civil II	100 %	100 %	87 %	95%	94%	100%
Práctica mercantil	99 %	100 %	94%	95%	94%	100%
Práctica penal I	100 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica penal II	100 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica administrativa	100 %	100 %	100 %	95%	94%	90%
Práctica tributaria	99 %	100 %	93 %	95%	94%	100%
Práctica laboral e da seguridade social	100 %	100 %	93 %	95%	94%	100%
Prácticas externas básicas	99 %	100 %	93 %	91%	88%	100%
Prácticas externas	100 %	100 %	100 %	100%	100%	100%
Traballo fin de Máster	93 %	86 %	96 %	96%	95%	79%
<b>TOTAL 1º CURSO</b>	<b>99%</b>	<b>99 %</b>	<b>96 %</b>	<b>95%</b>	<b>94%</b>	<b>98%</b>

### Taxa de rendemento

A media global (98%) é superior á do curso anterior. Todas as materias están por encima da meta fixada ( $\geq 90\%$ ), a excepción da materia **Traballo fin de Máster**.

Materia	Taxa de rendemento ( $\geq 90\%$ ) Máster					
	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021	2021/2022
Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio	100 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica extraxudicial	100 %	100 %	94 %	95%	94%	100%
Práctica civil I	100 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica civil II	100 %	100 %	87 %	95%	94%	100%
Práctica mercantil	99 %	100 %	94 %	95%	94%	100%
Práctica penal I	99 %	100 %	94 %	95%	94%	100%
Práctica penal II	99 %	100 %	100 %	95%	94%	100%
Práctica administrativa	100 %	100 %	94 %	95%	94%	90%
Práctica tributaria	99 %	100 %	93 %	95%	94%	100%
Práctica laboral e de seguridade social	100 %	100 %	93 %	95%	94%	100%
Prácticas externas básicas	99 %	100 %	93 %	95%	88%	100%
Prácticas externas	100 %	100 %	100 %	100%	100%	100%
Traballo fin de Máster	92 %	86 %	96 %	96%	95%	79%
<b>TOTAL 1º CURSO GRAO</b>	<b>99%</b>	<b>99 %</b>	<b>95 %</b>	<b>95%</b>	<b>94%</b>	<b>98%</b>

**Taxa de éxito por materias:**

Todas as materias están por encima da meta.

Materia	Taxa de éxito (≥ 90%)					
	Máster					
	2016/2017	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020-2021	2021-2022
Deontoloxía, organización profesional e quenda de oficio	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica extraxudicial	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica civil I	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica civil II	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica mercantil	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica penal I	99 %	100 %	94 %	100 %	100%	100%
Práctica penal II	99 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica administrativa	100 %	100 %	94 %	100 %	100%	100%
Práctica tributaria	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Práctica laboral e de seguridade social	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Prácticas externas básicas	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Prácticas externas	100 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
Traballo fin de Máster	99 %	100 %	100 %	100 %	100%	100%
<b>TOTAL 1º CURSO</b>	<b>100 %</b>	<b>100 %</b>	<b>99 %</b>	<b>100 %</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

Non se dispón de datos actualizados sobre a **inserción laboral proporcionados pola universidade**. No obstante, nas enquisas de satisfacción dirixidas aos titulados (nas que se formula unha pregunta para coñecer a situación laboral ou académica da/o encuestado/a), os resultados son os seguintes:

Inserción laboral dos egresados do Máster 2021/2022			
Estudiante	Opositor/a	Empregado/a por conta allea	En busca de emprego
50%	0%	25%	25%

En relación co **tempo medio en atopar un emprego**, no curso anterior solicitouse á área de Calidade, que engadira, dentro da enquisa aos Egresados, unha pregunta sobre o tempo medio que tardan en encontrar traballo.

En relación coa **duración media dos estudos**, mantense estable e por debaixo da meta fixada:

Titulación (Meta fixada)	Duración media dos estudos					
	2021/2022	2020/2021	2019/2020	2018/2019	2017/2018	2016/2017
Máster (≤ 2.1)	2.09	2.00	2.00	2.02	2.2	2.06

<p><b>Puntos febles detectados:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Necesidade de adecuar o desenvolvemento do acto de defensa do TFM ás previsións da guía docente</li> </ul>	<p><b>Accións de mellora a implantar:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Dende a coordinación académica procurar que os membros do Tribunal do TFM adecúen o desenvolvemento do acto de defensa ás previsións da guía docente e explorar fórmulas para darlle máis peso á opinión dos titores (que sempre son especialistas nos temas do TFM que supervisan e coñecen cada proxecto en detalle) na valoración dos aspectos substantivos do texto de cada TFM.</li> </ul>
<p><b>Evidencias nas que se baseou a valoración:</b> E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p>	
<p><b>Indicadores:</b>  I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico  I12: Evolución dos indicadores de resultados  <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de graduación  <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de abandono  <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de eficiencia  <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de rendimento  <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de éxito  <input checked="" type="checkbox"/> Taxa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)  I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso  I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego  I010-D0: Duración media dos estudos</p>	



---

## **3. ANEXOS**

### **3.1. Análise das melloras propostas para o curso 2021/2022**

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2021C01
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2021-2022
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO
<b>Ámbito de aplicación</b>	Centro
<b>Titulación (siempre que el alcance sea la titulación)</b>	
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Crear un curso en Moovi para o PAT para cada titulación
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	O grao de satisfacción do alumnado co PAT é baixo
<b>Objetivos</b>	Incrementar o grao de satisfacción do alumnado en relación ao PAT
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Crear en Moovi un curso para o PAT co alumnado a través do cal poidan manterse informados e poidan contactar directamente con tutor/a ou cordiandara do PAT</li> <li>• Incluir nese curso de Moovi un enlace ao buzón QSP, indicando que poden presentar queixas de maneira anónima.</li> </ul>
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2022
<b>Recursos / financiamiento</b>	Centro
<b>Responsable de su aplicación</b>	Vicedecano/a de Calidad
<b>Persona/s responsable/s de la ejecución de la actuación a desarrollar (si procede)</b>	
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	31/10/2022
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	Curso en Moovi
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	Realizada
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	Medio
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

Ficha de Mejora	
CENTRO	Facultad de Derecho
Nº de Ficha de mejora	2021C02
Curso académico en que se formula la acción	2021-2022
Programa de calidad asociado	Seguimiento anual de las titulaciones
Criterio del programa al que se asocia	CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD
Ámbito de aplicación	Centro
Titulación (siempre que el alcance sea titulación)	
Denominación de la acción de mejora	Mejora del procedimiento PE02- P1 Xestión do PDI
Punto débil / Análisis de las causas	<p>En el procedimiento PE02-P1 no se determina el papel de la Comisión de Calidad en relación al análisis de las necesidades del PDI en lo relativo a la suficiencia y adecuación del personal. Se envió un correo electrónico al área de Calidad y la respuesta obtenida fue:</p> <p><i>Con respecto ás necesidades do PDI, no procedemento PE02-P1 non se determina o papel da Comisión de Calidade na análise da necesidade de dotación de prazas e cualificación do PDI porque esas tarefas son función dos departamentos tal como se recolle nos Estatutos da Uvigo. De todos os xeitos poderíase establecer algún mecanismo para que o centro poida notificar as súas necesidades ó departamento correspondente e que este actúe en consecuencia se así o considera</i></p>
Objetivos	Establecer un mecanismo para que los centros puedan notificar sus necesidades de dotación de plazas y calificación del PDI a los departamentos
Actuaciones a desarrollar	Solicitar al área de Calidad que se establezca un mecanismo para que los centros puedan notificar sus necesidades de dotación de plazas y calificación del PDI a los departamentos
Fecha límite para su ejecución	31/12/2022
Recursos / financiamiento	Rectorado
Responsable de su aplicación	Rectorado
Responsable del seguimiento	Comisión de Calidad
Fecha para realizar el seguimiento	30/09/2022
Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación	Copia del escrito remitido al área de Calidad (email enviado el 6 de Julio de 2022)
OBSERVACIONES	
Revisión / Valoración de la acción de mejora	
Estado / Nivel de cumplimiento	Bajo
Resultados obtenidos	Se envió un email al área de Calidad con la solicitud el 6 de Julio de 2022 y otro el 9 de mayo de 2023, pero no se obtuvo respuesta
Grado de satisfacción	Bajo
Acciones correctoras a desarrollar	Se volverá a realizar la solicitud al área de Calidad. Se pasa la ficha de mejora para la siguiente anualidad (2023C01)
Responsable de la revisión	Vicedecana de Calidad
Fecha de la revisión	

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2021C03
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2021-2022
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	CRITERIO 5. Recursos materiales e servicios
<b>Ámbito de aplicación</b>	Centro
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Sustitución de los videoproyectores de las aulas por tecnología LED
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	Debido al uso, los videoproyectores de las aulas con mayor carga horaria experimentan una notable pérdida de intensidad y calidad de la imagen, lo que repercute negativamente en el desarrollo de las clases
<b>Objetivos</b>	Mejorar los recursos materiales del centro para la impartición de la docencia
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Sustituir, dentro de las posibilidades presupuestarias, los videoproyectores de las aulas con mayor carga docente.
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2022
<b>Recursos / financiamiento</b>	Rectorado
<b>Responsable de su aplicación</b>	Rectorado
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/09/2022
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	Realizada
<b>Resultados obtenidos</b>	Se han sustituido los videoproyectores de las aulas con mayor carga docente por nuevos cañones que asegurarán una buena calidad de imagen, lo que redundará en un favorable desarrollo de las clases.
<b>Grado de satisfacción</b>	Alto
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	No procede
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

Ficha de Mejora	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2021C04
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2021-2022
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDAD</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	Centro
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Recertificación do SGC
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	A duración media dos estudos de Grao e PCEO incrementouse. As datos das taxas de rendemento e éxito das diferentes materias do grao e PCEO inciden directamente na duración media dos estudos
<b>Objetivos</b>	Potenciar a mellora das devanditas taxas para acadar as metas fixadas en relación coa duración media dos estudos, mediante o seu envío ao profesorado antes da elaboración das guías docentes para a súa toma en consideración.
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Enviar un email ao profesorado co informe das taxas antes da elaboración das guías docentes
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	Rectorado
<b>Responsable de su aplicación</b>	Vicedecana de organización académica
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	Email enviado ao profesorado co informe das taxas
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

Ficha de Mejora	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023G03
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2022-2023
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<u>CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVICIOS</u>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	Grao e PCEO
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Estudiar la viabilidad de reformar la Sala de Lectura y libre acceso
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	Los alumnos piden Salas o aulas para trabajos en grupo. La sala de libre acceso del centro tiene goteras que no han podido arreglar porque filtra el agua por los cristales.
<b>Objetivos</b>	Poner a disposición del alumnado espacios para trabajo en grupo.
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Estudiar la viabilidad de reformar la Sala de Lectura y libre acceso
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	Rectorado
<b>Responsable de su aplicación</b>	Decanato
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
Revisión / Valoración de la acción de mejora	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023G04
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2023-2024 (iniciada en el curso 2021-2022)
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>C01. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	PCEO
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Situar, no calendario de probas de avaliación, as materias con peores taxas de graduación de cada curso académico do xeito mais separado posible
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	O alumnado do Grao valora negativamente o calendario das probas de avaliación
<b>Objetivos</b>	Incrementar o grao de satisfacción do alumnado
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Situar, no calendario de probas de avaliación, as materias con peores taxas de graduación de cada curso académico do xeito mais separado posible
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	
<b>Responsable de su aplicación</b>	Decanato
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023M01
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2023-2024
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>C01. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	Máster
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Solicitar información dos responsables dos distintos Xulgados, sobre as vistas orais que poidan resultar de interese para o estudantado
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	As PERSOAS TITULADAS do Máster, no relativo á ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO, valoran negativamente:  A orientación académica recibida (1.0)  A orientación profesional e laboral recibida (1.33)
<b>Objetivos</b>	Incrementar o grao de satisfacción do alumnado
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Dende a coordinación profesional, solicitar información dos responsables dos distintos Xulgados, sobre as vistas orais que poidan resultar de interese para o estudantado, e publicitar dita información entre alumnado
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	
<b>Responsable de su aplicación</b>	Coordinadora da Titulación
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023M02
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2023-2024
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>C01. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	Máster
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Organizar reuniones, inicial e de seguimiento, en grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos co titor asinado nas prácticas académicas externas.
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	Grao de satisfacción dos titulados coa utilidade das prácticas académicas externas descendeu en relación a cursos pasado
<b>Objetivos</b>	Incrementar o grao de satisfacción do alumnado
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Organizar reuniones, inicial e de seguimiento, en grupos reducidos de 4 ou 5 alumnos co titor asinado nas prácticas académicas externas.
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	
<b>Responsable de su aplicación</b>	Coordinadora da Titulación
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023M03
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2023-2024
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>C06. RESULTADOS DE APRENDIZAXE</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	Máster
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Accións de melloras destinadas a unha maior vinculación do alumnado da titulación coa formación e coa práctica xurídica,
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	O grao de satisfacción das persoas tituladas do máster en relación aos resultados de aprendizaxe:  A formación adquirida (1.67)  A utilidade da formación recibida para a carreira profesional (1.67)
<b>Objetivos</b>	Incrementar o grao de satisfacción do alumnado do máster en relación á formación adquirida e a utilidade da formación recibida para a carreira profesional
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Valoración e toma en consideración, no seu caso, pola comisión de calidade de accións de melloras destinadas a unha maior vinculación do alumnado da titulación coa formación e coa práctica xurídica, como, por exemplo saídas profesionais, visita de profesionais á Facultade, etc.
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	
<b>Responsable de su aplicación</b>	Comisión de Calidad
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

Ficha de Mejora	
CENTRO	Facultad de Derecho
Nº de Ficha de mejora	2023M04
Curso académico en que se formula la acción	2023-2024
Programa de calidad asociado	Seguimiento anual de las titulaciones
Criterio del programa al que se asocia	<b><u>C06. RESULTADOS DE APRENDIZAXE</u></b>
Ámbito de aplicación	TITULACIÓN
Titulación (siempre que el alcance sea titulación)	Máster
Denominación de la acción de mejora	Difusión específica no Máster de ofertas laborais destinadas ao seu alumnado
Punto débil / Análisis de las causas	O Grao de satisfacción xeral coa titulación dos egresados do máster descendeu
Objetivos	Incrementar o grao de satisfacción dos egresados do máster
Actuaciones a desarrollar	Difusión específica no Máster de ofertas laborais destinadas ao seu alumnado
Fecha límite para su ejecución	31/12/2024
Recursos / financiamiento	
Responsable de su aplicación	Coordinadora da Titulación
Responsable del seguimiento	Comisión de Calidad
Fecha para realizar el seguimiento	30/06/2024
Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación	
OBSERVACIONES	
Revisión / Valoración de la acción de mejora	
Estado / Nivel de cumplimiento	
Resultados obtenidos	
Grado de satisfacción	
Acciones correctoras a desarrollar	
Responsable de la revisión	
Fecha de la revisión	

<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023M05
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2023-2024
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>C06. RESULTADOS DE APRENDIZAXE</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	Máster
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Adopción de medidas para incentivar o contacto do alumnado do Máster con asociacións e agrupación que concentran os novos profesionais nese ámbito.
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	O Grao de satisfacción xeral coa titulación dos egresados do máster descendeu
<b>Objetivos</b>	Incrementar o grao de satisfacción dos egresados do máster
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Adopción de medidas para incentivar o contacto do alumnado do Máster con asociacións e agrupación que concentran os novos profesionais nese ámbito.
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	
<b>Responsable de su aplicación</b>	Coordinadora da Titulación
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	



<b>Ficha de Mejora</b>	
<b>CENTRO</b>	Facultad de Derecho
<b>Nº de Ficha de mejora</b>	2023M06
<b>Curso académico en que se formula la acción</b>	2023-2024
<b>Programa de calidad asociado</b>	Seguimiento anual de las titulaciones
<b>Criterio del programa al que se asocia</b>	<b><u>C07. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO</u></b>
<b>Ámbito de aplicación</b>	TITULACIÓN
<b>Titulación (siempre que el alcance sea titulación)</b>	Máster
<b>Denominación de la acción de mejora</b>	Adecuar o desenvolvemento do acto de defensa ás previsións da guía docente e explorar fórmulas para darlle máis peso á opinión dos titores
<b>Punto débil / Análisis de las causas</b>	Necesidade de adecuar o desenvolvemento do acto de defensa do TFM ás previsións da guía docente
<b>Objetivos</b>	Adecuar o desenvolvemento do acto de defensa ás previsións da guía docente e explorar fórmulas para darlle máis peso á opinión dos titores
<b>Actuaciones a desarrollar</b>	Dende a coordinación académica procurar que os membros do Tribunal do TFM adecúen o desenvolvemento do acto de defensa ás previsións da guía docente e explorar fórmulas para darlle máis peso á opinión dos titores (que sempre son especialistas nos temas do TFM que supervisan e coñecen cada proxecto en detalle) na valoración dos aspectos substantivos do texto de cada TFM.
<b>Fecha límite para su ejecución</b>	31/12/2024
<b>Recursos / financiamiento</b>	
<b>Responsable de su aplicación</b>	Coordinadora da Titulación
<b>Responsable del seguimiento</b>	Comisión de Calidad
<b>Fecha para realizar el seguimiento</b>	30/06/2024
<b>Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación</b>	
<b>OBSERVACIONES</b>	
<b>Revisión / Valoración de la acción de mejora</b>	
<b>Estado / Nivel de cumplimiento</b>	
<b>Resultados obtenidos</b>	
<b>Grado de satisfacción</b>	
<b>Acciones correctoras a desarrollar</b>	
<b>Responsable de la revisión</b>	
<b>Fecha de la revisión</b>	

Ficha de Mejora	
CENTRO	Facultad de Derecho
Nº de Ficha de mejora	2023GDT01
Curso académico en que se formula la acción	2023-2024 (iniciada en 2020-2021)
Programa de calidad asociado	Seguimiento anual de las titulaciones
Criterio del programa al que se asocia	C06: Resultados de aprendizaje
Ámbito de aplicación	Titulación
Titulación (siempre que el alcance sea la titulación)	Grao en Derecho
Denominación de la acción de mejora	Realizar un análisis comparativo entre sedes en asignaturas en las que las tasas revelen un reducido rendimiento de los estudiantes.
Punto débil / Análisis de las causas	Tasas de rendimiento inferior al 50% en algunas asignaturas.
Objetivos	Garantizar la adquisición de los resultados de aprendizaje
Actuaciones a desarrollar	Analizar las causas del reducido rendimiento de los estudiantes en algunas asignaturas en comparación con otras que comparten competencias
Fecha límite para su ejecución	37/12/2024
Recursos / financiamiento	Recursos Propios
Responsable de su aplicación	Comisión de Calidad
Persona/s responsable/s de la ejecución de la actuación a desarrollar (si procede)	Vicedecana de Calidad
Responsable del seguimiento	Comisión de calidad
Fecha para realizar el seguimiento	31/10/2024
Indicadores de ejecución o evidencias documentales de su implantación	
OBSERVACIONES	
Revisión / Valoración de la acción de mejora	
Estado / Nivel de cumplimiento	
Resultados obtenidos	
Grado de satisfacción	
Acciones correctoras a desarrollar	
Responsable de la revisión	
Fecha de la revisión	

### **3.3. Acordos da Comisión de Calidade durante o curso 2021/2022**



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
2-DECEMBRO-2021

**COMISIÓN DE CALIDADE**  
**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE DECEMBRO DE 2021**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><b>PRESIDENTA</b> 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p><b>VOGAIS</b> 2. D. Diego Casas Rodríguez 3. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes 4. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 5. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 6. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 7. D. Adrián Martínez Solleiro 8. D. Virxilio Rodríguez Vázquez 9. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p><b>SECRETARIA</b> 10. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><b>Non asisten:</b> D. José Luis Castro Fírvida</p>	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de calidade do día 2 de decembro de 2021, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 08.45 horas en primeira convocatoria e ás 09.15 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>1º.</b> Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (reunión ordinaria do día 8 de xullo de 2021).</p> <p><b>2º.</b> Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.</p> <p><b>3º.</b> Validación, se procede, dos informes finais de avaliación do PAT do curso 2020-2021 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.</p> <p><b>4º.</b> Validación, se procede, dos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2020-2021.</p> <p><b>5º.</b> Validación, se procede, da memoria do Curso de Actualización Xurídica 2020/2021.</p> <p><b>6º.</b> Delegación, se procede, na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía da competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.</p> <p><b>7º.</b> Seguimento e actualización, se procede, do Plan de Melloras do Centro.</p> <p><b>8º.</b> Identificación das necesidades de PAS do centro, segundo indica o procedemento PE01 P1. Xestión do PAS.</p> <p><b>9º.</b> Identificación das necesidades de formación do PAS do centro, segundo indica o procedemento PE01 P1. Xestión do PAS.</p> <p><b>10º.</b> Análise das necesidades de formación do PDI para o seu traslado a Área de Formación e innovación Educativa.</p> <p><b>11º.</b> Validación e toma de decisións, se procede, en materia de execución de gastos.</p> <p><b>12º.</b> Preparación da reunión de auditoría asociada ao proceso de Renovación da certificación da implantación do sistema de garantía de calidade do centro.</p> <p><b>13º.</b> Asuntos de trámite.</p> <p><b>14º.</b> Rolda de intervencións.</p>
---	---



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
2-DECEMBRO-2021

Ás 09:15 horas do día 2 de decembro de 2021, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.

**Punto 1º. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (reunión ordinaria do día 8 de xullo de 2021).**

Apróbase, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 8 de xullo de 2021 enviada a todos os membros da Comisión como anexo á convocatoria da presente reunión.

**Punto 2º. Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.**

A vicedecana informa dos seguintes asuntos:

A) O pasado 14 de setembro a Área de calidade remitiu aos centros a proposta de borrador de actualización do Manual de calidade e o Procedemento de programación estratéxica, que foron revisados e achegáronse de novo cos comentarios e anotacións que se consideraron oportunos. Neste intre están pendentes de aprobación e cando se reciban pasarán á Comisión de calidade para a súa validación e por último eleváranse á Xunta de Facultade para a súa aprobación definitiva. O mes de decembro de 2022 é a data límite fixada para a súa implantación.

Segundo o Procedemento de programación estratéxica, cada centro debe establecer unhas liñas en consonancia co Plan estratéxico da Universidade.

En canto ao Manual de calidade, tamén se deseñou un Manual institucional e cada centro debe elaborar en concordancia o seu propio.

Tanto as liñas estratéxicas como o Manual de calidade do centro deben ser validados pola Comisión de calidade e aprobados pola Xunta de Facultade.

B) Convocada pola Área de calidade, celebrouse unha reunión o pasado 22 de outubro con todos os vicedecanos/as de calidade dos centros para presentar a axenda ligada aos programas de calidade do presente curso académico 2021-2022 e na que se informou sobre:

- A entrada en vigor do “Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e do procedemento de aseguramento da súa calidade”, que suporá cambios na elaboración dos informes e nos procedementos.

- O novo Manual de calidade e o Procedemento de programación estratéxica, xa indicados anteriormente.

- Enquisas de avaliación docente (EADs) que se volverán lanzar en liña. Se o profesorado non manifesta a súa conformidade a enquisa non se realizará co conseguinte problema que pode ocasionar á hora de solicitar, por exemplo, os complementos da Xunta ou telos en conta no programa Docencia.

- En relación ao procedemento “PE02 -Xestión do PDI” introduciranse directamente nun formulario as necesidades de formación do persoal docente e investigador e proporcionarán o enlace (ata agora debía cubrirse unha ficha por cada curso solicitado e remítilla á Área de formación e innovación educativa).

A vicedecana aclara que todos os cursos que solicitou ata agora o profesorado trasladáronse á Área de formación e innovación educativa pero non sempre houbo resposta.

- A aplicación da xestión documental do Sistema de Garantía da Calidade (SGC) para o curso 2021-2022 estará en breve dispoñible.

- Durante o curso 2021-2022 achegarán os borradores dos Procedementos para traballar na súa mellora:



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

DO-0101: Deseño, verificación, modificación e acreditación das titulacións.

DO-0102: Seguimento e mellora das titulacións

DO-0103: Suspensión e extinción dunha titulación

A modificación dos indicados procedementos sería para adaptarse á entrada en vigor do Real Decreto 822/2021.

PE-02: Xestión do PDI, coa elaboración dun novo manual de Docencia.

Durante o curso 2021-2022 estará activa unha nova aplicación para a xestión das actas que se denomina “Doctas” e que consta de dous módulos:

- “Documentos de unidades” que permite que as unidades estruturais da Universidade de Vigo poidan publicar diversos tipos de documentos (actas, memorias, informes, etc.) de forma autónoma a través da Secretaría virtual,
- “Reunións-Comisións” que permite que as persoas autorizadas poidan definir reunións de diversas comisións (Claustro, Consello de Goberno, etc.) e achegar documentos para que os correspondentes membros os poidan revisar con anterioridade á reunión.

A aplicación “Doctas” facilitará a xestión documental das actas. A idea é ter aí un repositorio de actas e documentos institucionais pero con acceso limitado ás persoas que proceda.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota comenta que no Consello de Goberno xa utilizan desde hai tempo esta aplicación.

**Punto 3º. Validación, se procede, dos informes finais de avaliación do PAT do curso 2020-2021 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía.**

A vicedecana indica que os informes finais de avaliación do PAT achegáronse aos membros da comisión e, por se houbera algún erro material que deba subsanarse, solicita se delegue nas respectivas coordinadoras do Grao e do Mestrado a competencia para realizar as correccións que procedan.

Acórdase, por asentimento, validar os Informes finais de avaliación do PAT do curso 2020-2021 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía e delegar nas coordinadoras de ambas as dúas titulacións a competencia para corrixir os erros materiais que se poidan detectar.

Os Informes finais de avaliación do PAT do curso do curso 2020-2021 do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía figuran como anexo I e anexo II da presente acta.

**Punto 4º. Validación, se procede, dos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2020-2021.**

A vicedecana sinala que se remitiron os Informes de accións de coordinación do Grao e do Mestrado.

A coordinadora do Grao, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol, agradece ás coordinadoras de Prácticas externas e de Relacións internacionais os informes que aportaron e igualmente á vicedecana de Organización académica a súa contribución.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A coordinadora do Mestrado, a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes, agradece á profesora D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto, coordinadora de Prácticas externas, ao profesor D. Roberto Bustillo, secretario da Comisión académica e a D. Benjamín Mayo, coordinador profesional do Mestrado, a súa colaboración para realizar o Informe.

As coordinadoras do Grao e do Mestrado comentan que nos Informes están pendentes os datos relativos ao número de persoal docente e persoal de administración que participaron en programas de mobilidade. A coordinadora de Relacións Internacionais do centro parece que recibirá hoxe estes datos e así xa se poderían incluír.

A vicedecana propón que se delegue nas coordinadoras do Grao e do Mestrado a competencia para actualizar os datos de mobilidade e a corrección dos erros materiais que se poidan detectar nos Informes.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota comenta que no Informe do Mestrado, na páxina 14, aparecen sombreados os datos de mobilidade sinalados e tamén, na páxina 17, hai outra parte marcada. A coordinadora do Mestrado responde que aparecen así para completar os datos e tamén para engadir as datas de aprobación do Informe pola Comisión Académica.

A coordinadora do Grao indica que no Informe do Grao figura en castelán a parte referida á información sobre os programas de mobilidade pero pode traducirse a galego ou facer constar que figura nese idioma porque así o remitiu á coordinadora de Relacións internacionais. A secretaria comenta que o mellor sería que todo fose en galego.

Acórdase, por asentimento, validar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2020-2021 e delegar nas coordinadoras de ambas as dúas titulacións a competencia para incluír os datos relativos aos programas de mobilidade e a corrección dos erros materiais que se poidan detectar.

Os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2020-2021 figuran como anexo III e anexo IV da presente acta.

**Punto 5º. Validación, se procede, da memoria do Curso de Actualización Xurídica 2020/2021.**

A vicedecana indica que a memoria do Curso de Actualización Xurídica achegouse aos membros da Comisión.

A profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol, coordinadora académica do Curso, informa que na memoria fíxose constar a programación seguida no curso 2020-21 e o persoal do negociado de apoio a centros e departamentos incluíu os importes abonados aos relatores e as partidas orzamentarias. Agradece a este persoal o traballo realizado e tamén a colaboración prestada pola secretaria da Facultade.

Acórdase, por asentimento, validar a memoria do Curso de Actualización Xurídica 2020-2021 que figura como anexo V da presente acta.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Punto 6º. Delegación, se procede, na Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade e nas Sras. Coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía da competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.**

A vicedecana comenta que aínda non están cargados os datos para poder elaborar o informe de seguimento das titulacións polo que solicita que se delegue nela e nas coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía a competencia para poder organizar a súa elaboración cando se dispoña da información.

Acórdase, por asentimento, delegar na vicedecana de Planificación e Calidade e nas coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía a competencia para organizar a realización dos informes de seguimento das titulacións oficiais do centro.

**Punto 7º. Seguimento e actualización, se procede, do Plan de Melloras do Centro.**

A vicedecana informa que o Plan de Melloras vai incluído no Informe de Revisión do Sistema pola Dirección (IRSD) e trátase dun documento aberto durante todo o curso. As melloras do curso 2020-21 están todas realizadas agás unha que aínda está aberta: analizar as taxas académicas que hai noutros centros para saber se estamos na media doutras Facultades.

O Plan de Melloras xa figura na web da Facultade pero non está coas últimas actualizacións pero sí as do curso 2020-21. O documento inclúe as melloras do curso 2018-19 e 2019-20, que están pechadas, pero pareceulle que sería interesante deixar así o documento para que o poida consultar o equipo auditor o vindeiro 10 de decembro. As melloras do curso 2020-21 realizadas figuran marcadas en cor verde e as de cor amarelo son as que estarían pendentes, como é o caso da comparativa de taxas. As destacadas en cor vermello son as que se arrastran de anos anteriores pero xa se pecharon este curso.

Agradece a colaboración das coordinadoras do Grao, do Mestrado, de Relacións internacionais, de Prácticas e da vicedecana de Organización académica.

A decana opina que tamén deberían figurar as melloras deste curso, que sempre se fan co Informe de Revisión do Sistema pola Dirección, pero que aínda non se puido comezar por non dispor dos datos, tal como comentou anteriormente á vicedecana. Sería interesante incluílas se xa se realizou algunha.

A vicedecana aclara que o equipo auditor analizará as melloras do curso 2019-20 xunto co Sistema de Garantía de Calidade, segundo lle informaron desde a Área de calidade. A aplicación documental para o curso 2021-22 non está aberta e podería comentarse que imos con moito retraso e dispomos moi tarde dos datos para facer o IRSD e parécelle interesante ir cubrindo o documento a medida que xorden novas melloras.

A coordinadora do Grao sinala que se podían incluír as accións de mellora reflectidas no Informe de coordinación. Non están no aplicativo pero si figuran.

A idea da vicedecana é entregar o documento ao persoal do negociado de apoio a centros e departamentos para incorporar as melloras. Pódense recoller todas as do curso 2021-22 e subilas xa ao rexistro. Elaborará as fichas que procedan e pasarallas ás coordinadoras do Grao e Mestrado para posteriormente introducilas





UNIVERSIDADE  
DE VIGO

no aplicativo. Neste momento están sin cubrir as do curso 2020-21 pois trátase dun documento que sempre está aberto. Poden subirse e irse pechando a medida que se vaian realizando.

A decana engade que se deixen as que xa se realizaron como a Feira de emprego xurídico e a vicedecana responde que elaborará o documento e de seguido o pasará ao decanato e ás coordinadoras do Grao e Mestrado para que se revise.

Acórdase, por asentimento, incorporar ao Plan de Melloras de Centro as propostas de mellora recollidas nos informes do PAT e nos informes de coordinación para o curso académico 2021-2022.

**Punto 8º. Identificación das necesidades de PAS do centro, segundo indica o procedemento PE01 P1. Xestión do PAS.**

A vicedecana sinala que todos os anos se solicita á Administradora do campus un informe para identificar as necesidades de PAS e tamén da súa formación. Esta competencia tena delegada no Xefe de equipo, que remitiu o informe que se achegou aos membros da Comisión xunto coa convocatoria da reunión.

No informe manifesta a necesidade de PAS na Área de grao, de posgrao e na Área económica. En canto á formación sinala que sería necesaria sobre a aplicación CIVIDAS (tramitación de expedientes) e tamén cursos de inglés para o persoal que deba relacionarse co alumnado estranxeiro, ademáis de formación en materia de protección de datos e específica sobre a Covid-19 e ferramentas para o teletraballo. Esta formación foi a mesma que figuraba no informe remitido o curso pasado e que xa se trasladara aos órganos competentes pero non se recibiu contestación. Reiteráranse de novo estas necesidades de formación con indicación de que o persoal prefere que sexa presencial e non en liña.

Acórdase, por asentimento, trasladar ao órgano competente o informe elaborado polo Xefe de equipo do campus sobre as necesidades estruturais e tamén de formación do PAS do centro.

**Punto 9º. Identificación das necesidades de formación do PAS do centro, segundo indica o procedemento PE01 P1. Xestión do PAS.**

A vicedecana indica que as necesidades de formación do PAS xa se trataron no punto anterior, conxuntamente coas necesidades de PAS.

**Punto 10º. Análise das necesidades de formación do PDI para o seu traslado a Área de Formación e innovación Educativa.**

A vicedecana informa que todos os anos se remite un correo ao persoal docente e investigador solicitando que indiquen as necesidades de formación que consideren oportunas e a única resposta recibida foi a do profesor D. Virxilio Rodríguez Vázquez e que se trasladará a Área de formación e innovación educativa.

Por outra banda, hai tamén unha proposta dunha empresa que leva bases de datos para o ámbito xurídico e cede á palabra á decana para que informe ao respecto.

A decana lembra que na última Comisión de calidade xa se tratara este asunto, da proposta da empresa Wolters Kluwer para a formación do profesorado sobre recursos electrónicos para o ámbito xurídico pero o



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
2-DECEMBRO-2021

presuposto era inasumible para o centro. Despois seguiron insistindo e ofrecían outras posibilidades e ela reiteroulles que a sesión a realizar debía ser sobre as bases de datos e amosáronse favorables para facelo solicitando que se lles indicase unha data. A proposta foi no mes de novembro pero non tiñan dispoñibilidade polo que podería indicárselle outras datas alternativas pero xa para o vindeiro ano, intentar buscar un oco cando non haxa clases.

Á profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota parécelle moi interesante esta formación, o mesmo que ao profesor D. Virxilio Rodríguez, quen agradece á decana as xestións realizadas.

Á profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota comenta que o ano pasado solicitou un curso de formación sobre a firma electrónica e cónstalle que a vicedecana fixo a proposta e non houbo resposta polo que, se é posible, debía reiterase. A vicedecana contesta que trasladará de novo a solicitude deste curso.

A decana sinala que ela e a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández fixeron hai poucos días un curso sobre repositorios en aberto pero non estaba orientado ao ámbito xurídico polo que podería solicitarse na biblioteca algunha formación sobre bases de datos para este ámbito pois entende que son os que mellor coñecen o que interesa ao persoal docente. A vicedecana responde que contactará coa directora da Biblioteca e ver as posibilidades de orientalo para o profesorado do centro e que lle pasen algunha proposta para valorala.

Acórdase por asentimento:

- a) Trasladar á Área de formación e innovación educativa as necesidades de formación manifestadas pola persoal docente e investigador.
- b) Solicitar á empresa Wolters Kluwer unha proposta de datas para realizar un curso de formación específica en bases de datos para o ámbito xurídico.
- c) Solicitar na biblioteca universitaria a impartición dalgún curso orientado ao ámbito xurídico en relación cos índices bibliométricos e indicadores de impacto, importancia dos perfís de investigadores e de repositorios como Investigo.

#### **Punto 11º. Validación e toma de decisións, se procede, en materia de execución de gastos.**

Neste punto, a vicedecana cede a palabra á decana para que informe ao respecto.

A decana informa que o presuposto da Facultade está executado íntegramente salvo algunhas cuestións que están pendentes como a pintura da delegación de alumnado pero o gasto xa está xerado e rematarán este mes. No resto das partidas orzamentarias quedou practicamente a cero o presuposto. Faranse as obras precisas para a instalación de portas automáticas para o acceso aos despachos do quinto andar e tamén a cuberta da terraza.

Agradece á coordinadora do Mestrado en avogacía que se fixeran cargo do importe polo mantemento desa web pois o centro xa non dispuña de presuposto. Os gastos que se foron afrontando son os que xa se trataran en reunións anteriores desta comisión:

- Na sala de videoconferencia instalouse un novo canón de proxección.
- No salón de graos, que é compartido coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo, instalouse unha pantalla.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A vicedecana aclara que, de acordo co decanato da Facultade indicada, retirouse o canón de proxección e no seu lugar colocouse unha pantalla, quedando así estéticamente moito mellor a sala.

A decana comenta que, xeneralmente, no mes de xaneiro, desde a vicerreitoría de Economía ou de Planificación remiten un documento excel para solicitar unha proposta de obras que irían con cargo á vicerreitoría. Desde o decanato remítase o excel cuberto coas propostas de obra priorizadas e logo realizaban as que consideraban oportunas. Este ano acometeuse a obra solicitada de adaptación dun aseo para persoas ostomizadas. Se os membros da comisión consideran oportuno levar a cabo algunha obra, agradeceríamos que se indique ou que trasladen a proposta para incluíla cando así o soliciten desde a vicerreitoría. O vindeiro 14 de decembro remata o mandato do equipo decanal e deste xeito facilitaríase o traballo ao novo equipo. Pódese remitir o excel enviado á vicerreitoría o ano pasado, do que se eliminarían as obras acometidas, para que sirva de referencia por se alguén quere aportar algunha suxestión.

O presidente da delegación de alumnado, D. Diego Casas, pregunta polas obras que se realizarán no quinto andar e a decana responde que son para cubrir a parte que vai dos ascensores ata o acceso ao pasillo dos despachos e deste xeito facilitar tamén o acceso ás persoas con problemas de mobilidade.

Acórdase, por asentimento, validar as propostas realizadas en materia de execución de gastos.

**Punto 12º. Preparación da reunión de auditoría asociada ao proceso de Renovación da certificación da implantación do sistema de garantía de calidade do centro.**

A vicedecana lembra a reunión co equipo auditor, que será virtual, o vindeiro 10 de decembro. Segundo o programa que remitiron, a xuntanza do equipo auditor coa Comisión de calidade está prevista de 11.00 a 12.30 h. e co equipo decanal de 12.45 a 13.15 h. Na Área de calidade confirmaron que xa non sería preciso outra reunión posterior coa Comisión de calidade, que abonda co equipo decanal, de 13.45 a 14.00 h.

Antes do día 10 de decembro hai que confirmar as persoas que asistirán e con ese motivo remitiuse un correo aos membros da Comisión de calidade que xa respostaron. Tamén se convidou a asistir a esa reunión á profesora D.<sup>a</sup> Susana Álvarez González, como vicedecana de Organización académica e coordinadora de Prácticas e tamén á profesora D.<sup>a</sup> Belén Sánchez Ramos, na súa calidade de coordinadora de Relacións internacionais do centro e así se lle trasladará ao equipo auditor.

Vaise habilitar a Sala de xuntas do Decanato para que poidan seguir a reunión as persoas que así o desexen e deste xeito facilitar a coordinación. Para asistir en remoto achegárase o enlace e a contrasinal de acceso só ás persoas que o soliciten pois debe facerse a través da ACSUG. A conexión hai que realizala cinco minutos antes e aconséllase que fagan as comprobacións necesarias por se deben descargar algún programa.

Desde á Área de calidade solicitaron que se preparase unha presentación para achegala ao equipo auditor. A vicedecana reuniuse coa técnica de Calidade, D.<sup>a</sup> Raquel Gandón, para preparar esta visita e fai algunhas recomendacións insistindo na importancia de que asista o maior número posible de persoas.

Na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo xa tiveron a xuntanza co equipo auditor a semana pasada. A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota pregunta se a composición do equipo auditor é a mesma e a vicedecana responde afirmativamente.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
2-DECEMBRO-2021

A decana comenta que deberíamos ter presente o último informe emitido polo equipo auditor no que figuraban diversas cuestións que non dependían do centro e que dalgún xeito habería que trasladarlles. A nosa intención é mellorar como centro e tamén as titulacións.

A vicedecana agradece á atención e dispoñibilidade dos membros da Comisión de calidade para asistir e ao longo destes días remitirá a documentación para preparar a auditoría.

**Punto 13º. Asuntos de trámite.**

No hai ningún asunto de trámite.

**Punto 14º. Rolda de intervencións.**

A decana agradece ás coordinadoras do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en Avogacía o labor realizado pois levaron o maior peso na elaboración dos informes do pasado curso académico, tanto o de coordinación como o do PAT e tamén quere transmitir moito ánimo de cara á certificación do vindeiro 10 de decembro.

Sen máis cuestións que tratar, ás 10:40 horas, remata a sesión, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e praxe

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

A Vicedecana de Planificación e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
11-FEBREIRO-2022

**COMISIÓN DE CALIDADE**  
**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2022**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><b>PRESIDENTA</b> 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p><b>VOGAIS</b> 2. D. Diego Casas Rodríguez 3. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes 4. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 5. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 6. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 7. D. Virxilio Rodríguez Vázquez 8. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p><b>SECRETARIA</b> 9. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><b>Non asisten:</b> D. José Luis Castro Fírvida D. Adrián Martínez Solleiro</p>	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de calidade do día 11 de febreiro de 2022, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 09.00 horas en primeira convocatoria e ás 09.30 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>1º.</b> Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (reunión ordinaria do día 2 de decembro de 2021).</p> <p><b>2º.</b> Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.</p> <p><b>3º.</b> Toma en consideración da presentación da declaración de interese na tramitación da verificación do título de Máster universitario en Criminoloxía para a súa implantación no curso 2023/24.</p> <p><b>4º.</b> Toma en consideración da presentación da declaración de interese na modificación do título de Máster universitario en Avogacía para a súa adaptación, se é preciso, á reforma da Lei 15/2021, de 23 de outubro, pendente de desenvolvemento regulamentario.</p> <p><b>5º.</b> Toma en consideración da presentación da declaración de interese na modificación do título de Grao en Dereito.</p> <p><b>6º.</b> Toma de decisión, se procede, en relación coa previsión de gasto da Facultade de Dereito para o exercicio 2022.</p> <p><b>7º.</b> Asuntos de trámite.</p> <p><b>8º.</b> Rolda de intervencións.</p>
---	--

Ás 09:30 horas do día 11 de febreiro de 2022, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
11-FEBREIRO-2022

**Punto 1º. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2022).**

Apróbase, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 2 de decembro de 2021 enviada a todos os membros da comisión como anexo á convocatoria da presente reunión.

**Punto 2º. Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.**

A vicedecana informa dos seguintes asuntos:

A) O pasado 10 de decembro celebrouse a reunión co equipo auditor asociado ao proceso de renovación do certificado de implantación do Sistema de Garantía de Calidade do centro e estase á espera de recibir o informe. O máis probable, segundo lle comentou a técnica de Calidade, D.<sup>a</sup> Raquel Gandón, é que agarden a que rematen as visitas en todos os centros para emitir á vez os informes. Parece que o último centro sería a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo e farán a visita nos vindeiros días.

B) En relación coas accións formativas do PDI:

- Trasladáronse á Área de formación e innovación educativa todas os cursos de formación solicitados polo profesorado.

- Desde o decanato seguiuuse en contacto coa empresa Wolters Kluwer para intentar fixar unha data para impartir un curso de formación específico en bases de datos para o ámbito xurídico. A decana contactou de novo coa empresa e a resposta foi que se vería a dispoñibilidade do formador para o mes de febreiro ou marzo.

- A decana xa solicitara na biblioteca se había posibilidade de impartir algún curso de formación orientado ao ámbito xurídico en relación cos índices bibliométricos e indicadores de impacto, a importancia dos perfís investigadores e dos repositorios como Investigo. A vicedecana chamou onte ao xefe de sección de referencia da biblioteca central pero estaba reunido e comentáronlle que nestes días teñen bastante traballo co cambio de persoal e que xa contactaría en canto puidese.

C) Enquisas de avaliación docente do profesorado.

Nestas enquisas o alumnado avaliaría ao profesorado que impartiu docencia no primeiro período e ata o momento a taxa de participación é moi baixa. Ao ser en liña parece que é a tónica xeral. Preocúpalle que queden docentes sen avaliar pola repercusión que pode ter á hora de solicitar a participación no programa Docencia quinquenal ou os complementos da Xunta. Ampliaron o prazo e volveuse remitir un recordatorio a todo o alumnado solicitando que se cubriaran.

O alumno D. Diego Casas opina que o mellor é que as enquisas volvan realizarse de xeito presencial se queren mellorar a participación.

A Vicedecana cre que dalgún xeito debería fomentarse a participación dos estudantes, como ir polas aulas e reservar uns minutos para que a cubran nese intre. Ao final son moitas as enquisas que deben facer é resulta moi complicado que as cubran todas. Pensará cómo incrementar esta taxa e tamén agradece aos membros da comisión as súas suxestións ao respecto.

D) Remitiuse un correo ao profesorado e aos delegados do alumnado por se consideraban que había necesidades de adquisición de material, mobiliario e equipamento ou reformas que permitira mellorar a



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

calidade da docencia ou a habitabilidade do edificio e só se recibiu a resposta de dous profesores. O profesor D. Virxilio Rodríguez suxire que se equipen con pantalla interactiva e os medios necesarios para impartir a docencia a través do campus remoto as aulas do centro que faltasen e a profesora D.<sup>a</sup> Belén Sánchez solicita diverso material para acondicionar un seminario que se habilitou como despacho para unha profesora, como consecuencia duns cambios que se produciron entre os despachos das áreas de Dereito internacional público e Dereito internacional privado.

En canto ao equipamento das aulas para a docencia a través do campus remoto, a vicedecana comenta que só quedan pendentes as aulas informáticas Aranzadi e 1.3 e a aula 2.3, non considerando que sexa necesario pois o centro dispón dunha cámara portátil con micro que podería utilizarse en caso de ser preciso. Comenta tamén que se foron renovando os canóns das aulas a medida que ían fallando e substituíronse por outros láser. A vicedecana propón tratar este asunto no punto 6º da orde do día.

**Punto 3º. Toma en consideración da presentación da declaración de interese na tramitación da verificación do título de Máster universitario en Criminoloxía para a súa implantación no curso 2023/24.**

A vicedecana indica que este punto da orde do día xurdiu a raíz da solicitude do profesor D. Virxilio Rodríguez a quen cede a palabra.

O profesor D. Virxilio Rodríguez agradece ao equipo decanal a boa acollida da proposta en relación co Máster universitario en Criminoloxía e que a totalidade do que agora vai expor consta na documentación que se remitiu coa convocatoria da reunión. Son documentos normalizados proporcionados pola vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado.

A iniciativa parte da Universidade da Coruña, do profesorado da área de Dereito penal, concretamente dos profesores D.<sup>a</sup> Patricia Faraldo e D. José Ángel Brandariz, catedráticos de Dereito penal, que contactaron por se había interese en participar neste Máster, contando tamén coa colaboración de profesores da área de Dereito penal da Universidade de Santiago de Compostela. Na área de Dereito penal da Universidade de Vigo valoraron internamente a oportunidade da proposta chegando á conclusión de que a persoa que faría de interlocutor sería el e que tamén era interesante que se adscribise a esta Facultade de Dereito. Iniciaron unha xira de diálogos e reunións cos compañeiros das tres universidades (A Coruña, Vigo e Santiago) para perfilar o Máster do que informou á decana do centro, quen se puxo a disposición para convocar á Xunta de Facultade, e á Comisión de calidade e tamén llo expuxo ao vicerreitor de Organización Académica que deu a súa conformidade para comezar o traballo.

A Universidade de Santiago tiña dúbidas ao principio por motivos internos, que necesitaban máis tempo para analizalo ao ter unha titulación de Grao en Criminoloxía pero que non había ningunha oposición ao Máster e que, incluso de cara ao futuro, valorarían a súa participación.

É un Máster interuniversitario entre as universidades da Coruña e Vigo e a coordinación será da Universidade da Coruña, que onte o aprobou na súa Xunta de Facultade e previamente na Comisión correspondente.

O desexo sería que participasen as tres universidades e, aínda que sexa impulsado pola área de Dereito penal, tamén debe contarse coa colaboración doutras áreas.



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

Agradece a disposición da decana para facilitar a tramitación de cara a amosar o interese, igualmente a colaboración do vicerreitor de Organización Académica.

En canto ao interese do título, aparece explicado polo miúdo na memoria xustificativa remitida. Pensamos que é de interese un Máster universitario en Criminoloxía no Sistema Universitario de Galicia porque non hai ningunha titulación de posgrao deste tipo, só un Grao en Criminoloxía, do que aínda non saíu a primeira promoción. No resto do Estado existen 30 universidades que teñen implantado este Máster e 40 universidades o Grao en Criminoloxía. Actualmente os estudantes do Grao en Criminoloxía suman 20.000 persoas e no Mestrado tamén un importante número. En canto ao norte de Portugal, neste intre hai 13 títulos de Criminoloxía en total, entre Grao, Máster e programas de Doutoramento. Teñen unha oferta moi elevada en relación con estes estudos. A nivel de Estado case o 50% dos estudantes cursan o Máster en Criminoloxía en Universidades privadas.

Os obxectivos serían proporcionar unha formación complementaria aos estudantes do Grao e aos profesionais do sistema penitenciario. Hai potenciais demandantes deste título: estudantes do Grao en Dereito, do Grao en Traballo Social, en Criminoloxía, en Psicoloxía, en Socioloxía, Ciencias Políticas e Educación Social. Casi 7.000 alumnos se gradúan anualmente nestas titulacións. Para o persoal funcionario do Ministerio do Interior, persoal das forzas de seguridade, de institucións penitenciarias e para o persoal que traballa en centros de menores, servizos sociais e atención a menores este Máster sería unha mellora importante na súa formación, e, polo tanto, tamén potenciais demandantes.

Para esta Facultade é interesante pois supón sumar un título de posgrao e cre que se hai posibilidade de incrementar a oferta de títulos, debe aproveitarse. Os números poñen de manifesto que é unha titulación moi recoñecida polo número de persoas demandantes, que cubre sempre as prazas ofertadas. Está plenamente xustificada e moi interesante para o centro que a incorpore.

En relación á convivencia co Máster universitario en Avogacía, xa o valorou coa súa coordinadora académica, a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández e co secretario da Comisión académica, o profesor D. Roberto Bustillo e tamén coa decana, chegando a conclusión de que o Máster en Criminoloxía non debería constituír unha competencia, ao contrario, podería ser complementario e habería que analizar tamén a posibilidade de facer uns estudos conxuntos.

O Máster en Criminoloxía atraería a estudantes doutras titulación de Grao do campus e tamén doutros campus universitarios de Galicia. Debe terse en conta que esta Facultade non ten un número moi grande de persoal docente e investigador e tampouco de persoal de administración e servizos polo que cómpre valorar coa Reitoría o traballo que debe asumirse. Ao tratarse dun Máster interuniversitario (con posibilidade de incorporación da Universidade de Santiago) a cuestión do cadro de persoal é algo que debe definirse no proceso de elaboración da correspondente memoria pois neste intre non é posible (na Universidade da Coruña tampouco o solicitan agora).

Remata a exposición agradecendo a atención e a receptividade por parte do equipo decanal e queda a disposición para aclarar calquera dúbida.





UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A vicedecana matiza que a Comisión de calidade só valida a toma en consideración da presentación da declaración de interese na tramitación da verificación do título e corresponde a Xunta de Facultade aprobala.

A profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández agradece o traballo realizado polo profesor D. Virxilio Rodríguez e á área de Dereito penal pola súa contribución para aumentar as titulacións desta Facultade.

A profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández felicita ao profesor D. Virxilio Rodríguez pola súa exposición e o labor que fixeron e parécelle que é unha gran iniciativa para este centro, que sumaría un novo título. Valorouse a posibilidade de compatibilizar o Máster en Criminoloxía e o Máster en Avogacía, que suporía un gran traballo.

O profesor D. Virxilio Rodríguez explica que debe aprobarse unha comisión redactora e por parte da Universidade de Vigo estarían tamén a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández, contratada doutora da Área de Dereito procesual e o alumno D. Diego Casas Rodríguez, do Programa Conxunto Grao en ADE/Grao en Dereito. Por parte da Universidade da Coruña completaría esta comisión o profesor D. José Ángel Brandariz, catedrático de Dereito penal, o profesor D. Xulio Ferreiro, titular de Dereito procesual e actual decano da Facultade de Dereito e a alumna D.<sup>a</sup> Andrea Teira Fachado, do Grao en Dereito.

A vicedecana agradece todo o traballo realizado e comenta que as novas titulacións sempre son beneficiosas para o centro e sobre todo se pode compaxinarse co Máster en Avogacía.

Acórdase, por asentimento, validar a presentación da declaración de interese na tramitación da verificación do título de Máster universitario en Criminoloxía para a súa implantación no curso académico 2023-24.

A declaración de interese, a memoria económica e a memoria xustificativa do Máster universitario en criminoloxía incorpóranse á presente acta como anexo I.

**Punto 4º. Toma en consideración da presentación da declaración de interese na modificación do título de Máster universitario en Avogacía para a súa adaptación, se é preciso, á reforma da Lei 15/2021, de 23 de outubro, pendente de desenvolvemento regulamentario.**

A vicedecana sinala que a Lei 15/2021, de 23 de outubro, pode afectar ao título de Máster universitario en Avogacía pero aínda está pendente de desenvolvemento regulamentario polo que se presentaría esta declaración de interese na modificación do título. Cede a palabra á coordinadora académica da titulación, a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes.

A profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández comenta que a Lei 15/2021, de 23 de outubro, modificou a Lei que regulaba o acceso ás profesións de avogado e procurador, establecendo un sistema de acceso único a estas profesións polo que pode ser necesario modificar o título de Máster universitario en Avogacía.

O Ministerio estase reunindo coas persoas interesadas para perfilar o regulamento correspondente. Xa contactou co vicerreitor de Organización Académica e o mellor será esperar e ver o que sucede con este regulamento.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A decana pregunta se non hai que remitir as memorias xustificativas deste Máster e a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández responde que seguiu as indicacións dadas polo vicerreitor e parece que non cómpre achegalas pero volverá contrastalo por se houbera algunha novidade.

Por se posteriormente hai que aportar algunha documentación adicional, propónse que se delegue na coordinadora académica da titulación a competencia para incorporar o que proceda.

Acórdase, por asentimento, validar a presentación da declaración de interese na modificación do título de Máster universitario en Avogacía para a súa adaptación, se é preciso, á reforma da Lei 15/2021, de 23 de outubro, pendente de desenvolvemento regulamentario e delegar na coordinadora académica da titulación a competencia para incorporar a documentación complementaria que proceda.

A declaración de interese na modificación do título de Máster universitario en Avogacía incorpórase a presente acta como anexo II.

**Punto 5º. Toma en consideración da presentación da declaración de interese na modificación do título de Grao en Dereito.**

A vicedecana explica que se trae este punto á Comisión por un correo remitido dende a Vicerreitoría de Organización Académica en relación a todas as titulacións que se imparten na Facultade, por se se quere modificar a memoria do Grao. Se ben é certo que a memoria de Grao en Dereito ten moitas modificacións menores pendentes de reflectir na memoria definitiva, na web do centro figura unha versión que contempla todos os posibles cambios. A súa proposta é que non se presente a declaración de interese para modificar a memoria do Grao en Dereito pois cre que agora non é o momento oportuno.

Acórdase, por asentimento, non presentar a declaración de interese para a modificación do título de Grao en Dereito.

**Punto 6º. Toma de decisión, se procede, en relación coa previsión de gasto da Facultade de Dereito para o exercicio 2022.**

A vicedecana informa que desde a vicerreitoría de Planificación remitiron un impreso excel solicitando se indicasen as obras que se considerasen prioritarias relacionadas co edificio e proxecta na pantalla o documento que se enviou desde o decanato. Á marxe destas obras que se solicitan, tal como se informou en anteriores reunións desta comisión, no quinto andar xa se cubriu a parte que enlazaba os dous edificios e tamén se abordou o aseo para persoas ostomizadas e se instalaron os monitores interactivos nas aulas que faltaban. Así mesmo, xunto coa Facultade de Ciencias Empresariais, substituíse o canón do salón de graos por un monitor interactivo máis grande.

A decana comenta que se remitira aos membros da comisión o excel coa proposta de obras priorizadas por se tiñan algunha suxestión e a profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota respondeu solicitando que se arranxasen as ventás dos aseos do terceiro andar polo que se incorporou no documento que se revisasen todos os baños. Por outra banda, hai que contar que previsiblemente no mes de outubro terá lugar o IV Congreso Internacional da Auga, que se suspendera no ano 2020 por mor da pandemia, e parte da previsión do gasto irá destinado a este Congreso, xunto co presuposto que aporte a Universidade de Vigo.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A vicedecana, tal como xa indicara no punto segundo, informa que se remitira un correo ao profesorado e aos delegados de curso por se tiñan algunha suxestión, se consideraban que existían necesidades de adquisición de material, mobiliario, equipamento ou reformas que permitiran mellorar a calidade da docencia e a habitabilidade do edificio. O profesor D. Virxilio Rodríguez respondeu que lle parecía interesante equipar con pantallas táctiles e cos dispositivos necesarios para impartir a docencia a través do campus remoto as aulas que quedasen pendentes. A vicedecana aclara que só faltan as aulas informáticas 1.3 e Aranzadi e a aula 2.3. Nas aulas informáticas só imparte ela clases e non o considera necesario ao dispor dunha cámara portátil con micro. En canto á aula 2.3, ten un aforo reducido e non se utiliza para impartir docencia.

A profesora D.<sup>a</sup> Belén Sánchez solicitou, por mor dun cambio de despachos, mobiliario para un seminario que se acondicionará como despacho.

A decana aclara que os gastos de mobiliario e equipamento para os despachos van con cargo ao presuposto que corresponde ás áreas e, se precisan complementalo porque non lles alcanza, deberá valorarse e ver as necesidades concretas. No quinto andar hai un seminario que era compartido entre as áreas de Dereito internacional Público e Dereito internacional privado e chegaron a un acordo polo que nese espazo se instalara a profesora D.<sup>a</sup> Laura Movilla e o que ela utilizaba será destinado a dous profesores asociados e o destes pasará a ocupalo outra profesora, D.<sup>a</sup> Laura Carballo. Entende que se os despachos estaban equipados e algún mobiliario poderá utilizarse.

Acórdase, por asentimento, validar a proposta de obras priorizadas a acometer no centro remitida á Vicerreitoría de Planificación e a previsión de gastos do centro para o exercicio 2022.

A proposta de obras priorizadas a acometer no centro que se remitiu á Vicerreitoría de Planificación incorpórase á presente acta como anexo III.

**Punto 7º. Asuntos de trámite.**

No hai ningún asunto de trámite.

**Punto 8º. Rolda de intervencións.**

Non hai ningunha intervención.

Sen máis cuestións que tratar, ás 10:35 horas, remata a sesión, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e prace

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

A Vicedecana de Planificación e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
6-MAIO-2022

**COMISIÓN DE CALIDADE**  
**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 6 DE MAIO DE 2022**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><b>PRESIDENTA</b> 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p><b>VOGAIS</b> 2. D. Diego Casas Rodríguez 3. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes 4. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 5. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 6. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 7. D. Adrián Martínez Solleiro 8. D. Virxilio Rodríguez Vázquez 9. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p><b>SECRETARIA</b> 10. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><b>Non asisten:</b> D. José Luis Castro Fírvida</p>	<p>Acta da reunión extraordinaria da Comisión de calidade do día 6 de maio de 2022, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 12.00 horas en primeira convocatoria e ás 12.30 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>PUNTO ÚNICO:</b> Validación, se procede, da Memoria inicial de verificación do Máster universitario en Criminoloxía.</p>
---	---

Ás 12:30 horas do día 6 de maio de 2022, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.

**PUNTO ÚNICO: Validación, se procede, da Memoria inicial de verificación do Máster universitario en Criminoloxía.**

A vicedecana indica que, xunto coa convocatoria da reunión, achegouse a Memoria inicial que se vai presentar para a verificación do título de Máster universitario en Criminoloxía e cede a palabra ao profesor D. Virxilio Rodríguez por se desexa intervir para explicar o que considere oportuno.

O profesor D. Virxilio Rodríguez agradece todas as facilidades que se deron desde o decanato da Facultade para poder tramitar en tempo a Memoria ante a Vicerreitoría de Organización Académica, convocándose a Comisión de calidade e a Xunta de Facultade e ponse a disposición para aclarar calquera cuestión.

A Memoria segue o formato normalizado que corresponde pois desde a Vicerreitoría de Organización Académica indicaron que, ao tratarse dun Máster interuniversitario coa Universidade da Coruña e ser esta a



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

que se vai encargar da tramitación ante o Ministerio, debía adaptarse ao seu modelo, que, por outra banda, non difire moito do da Universidade de Vigo.

A partires da declaración de interese que xa se tramitara, xunto coa memoria económica e xustificativa requiridas, comezouse a traballar e mantivéronse varias reunións. Trátase dun Máster interdisciplinar no que participan a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo e que consta de 60 créditos ECTS (1 curso académico). Cada cuatrimestre tería 30 ECTS con tres especialidades a cursar no segundo cuatrimestre:

- Política de seguridade e corpos policiais
- Execución penal e intervención ante o delito
- Administración de xustiza

Para ter a especialidade o alumnado debe cursar os 21 créditos ECTS correspondentes. Impartíranse 6 materias obrigatorias no primeiro cuatrimestre, que constitúen o módulo xeral, e 5 materias optativas no segundo cuatrimestre, que son as que integran a especialidade (ofertándose 15 materias optativas en total), ademais de 3 créditos ECTS de Prácticas externas e 6 créditos ECTS do Traballo de fin de Máster. Hai materias de 6, 4,5 e de 3 ECTS.

En canto ao profesorado propónse nesta etapa inicial un cadro de 31 profesores co grao de doutor e todos con vinculación permanente. En principio as áreas que integrarían o plan de estudos na Memoria son as áreas de Dereito penal e Dereito procesual das Universidades de Vigo e da Coruña e tamén as áreas de Personalidade, evolución e tratamento psicolóxico e de Psicoloxía básica da Universidade de Vigo e a área de Psicoloxía social da Universidade da Coruña.

Agradece a participación da profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes e do alumno D. Diego Casas Rodríguez e queda a disposición por se hai algunha dúbida.

A profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández pide que conste en acta o seu agradecemento pola importante labor de coordinación realizada polas universidades da Coruña e Vigo. A decana comparte tamén este agradecemento.

Acórdase, por asentimento, validar a Memoria inicial de verificación do Máster universitario en Criminoloxía que figura como anexo da presente acta.

Sen máis cuestións que tratar, ás 12:42 horas, remata a sesión, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e prace

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

A Vicedecana de Planificación e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
10-MAIO-2022

COMISIÓN DE CALIDADE  
ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 10 DE MAIO DE 2022

<p><b>Asisten:</b></p> <p>PRESIDENTA 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p>VOGAIS 2. D. Diego Casas Rodríguez 3. 4. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 4. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 5. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 6. D. Adrián Martínez Solleiro 7. D. Virxilio Rodríguez Vázquez 8. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p>SECRETARIA 9. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><i>Asiste con voz e sen voto (convidada)</i> D.<sup>a</sup> Susana Álvarez González, Vicedecana de Organización Académica e Profesorado.</p> <p><b>Non asisten:</b> <i>Desculpa ausencia (xustificada):</i> D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes</p> <p>D. José Luis Castro Fírvida</p>	<p>Acta da reunión extraordinaria da Comisión de calidade do día 10 de maio de 2022, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 11.30 horas en primeira convocatoria e ás 12.00 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>PUNTO ÚNICO:</b> Toma de decisións en relación coa incidencia comunicada na docencia da materia “Sistema xudicial español e proceso civil” (2º curso-Grao en Dereito).</p>
--	--

Ás 12.00 horas do día 10 de maio de 2022, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.

**PUNTO ÚNICO: Toma de decisións en relación coa incidencia comunicada na docencia da materia “Sistema xudicial español e proceso civil” (2º curso-Grao en Dereito).**

A vicedecana indica que se achegou aos membros da Comisión toda a documentación correspondente a este punto e fai un breve resumo.

O pasado 28 de abril recibíuse na secretaría do decanato un correo da profesora D.<sup>a</sup> Inés Iglesias Canle, coordinadora da materia “Sistema xudicial español e proceso civil”, con copia a D. Pablo Grande, director



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

do departamento de Dereito Público, informando que o alumnado desta materia de 2º curso do Grao comunicara á profesora D.<sup>a</sup> Ana Isabel González Fernández (achegando tamén o correo que lle remitira esta profesora) unha incidencia nesa materia, que tiñan problemas para seguir as clases dos grupos prácticos por non impartirse a docencia teórica. Este correo trasladouse a todo o profesorado da materia para o seu coñecemento, dando un prazo por se querían presentar algunha alegación.

Recibiuse despois un correo dos delegados de 2º curso do Grao no que indicaban que, se ben era verdade que había temas de teoría que aínda non se impartiran, a súa intención non era presentar ningunha queixa e non querían prexudicar a ningunha das dúas profesores que estaban dando a materia.

A profesora Iglesias Canle manifestaba que nas clases prácticas se impartía teoría e que no exame final o alumando debía examinarse de todo o temario, independentemente de se se explicara ou non.

Unha vez verificado o cronograma da materia e a guía docente, non se está cumprindo e quedan temas sen impartir. Cede á palabra á vicedecana de Organización Académica, a profesora D.<sup>a</sup> Susana Álvarez, convidada a asistir a esta reunión por se desexa explicar algunha cuestión ou aclarar o que considere.

A vicedecana de Organización Académica sinala que non ten nada máis que engadir ao exposto, que unha vez detectada a incidencia trasladada ao decanato tratou de resolvela a través da área pero non se conseguiu e a resposta foi que se seguiría o trámite a través do Procedemento para o seguimento e o control da docencia do centro. A relación de feitos está clara e tamén as aclaracións do alumnado. Desde o seu punto de vista parece que é un problema de coordinación. A práctica impártena catro profesores e xéranse dificultades docentes. Non está na clase para saber como se aborda a metodoloxía. Os rexistros de docencia están correctos segundo o cronograma e queda a disposición por se alguén quere intervir.

A vicedecana de Calidade indica que se esquecía de informar que a profesora D.<sup>a</sup> Miryam Martínez García remitira un escrito ao decanato alegando que o alumnado ten un nivel de coñecementos baixo o que implica que debe dedicar máis horas ás explicacións e que non considera que estivese incumprindo as súas obrigas.

A coordinadora do Grao, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández comenta que recibiu en prazo o cronograma da materia, no que se detallan os temas a impartir por semanas. É relevante a estes efectos que hai dúas docentes, unha para a teoría -a profesora Martínez García- e outra para a práctica -a profesora González Fernández-. O que se desprende do correo da profesora González Fernández é que non existe unha simultaneidade entre a explicación teórica e a práctica e, por outra banda, a profesora Martínez García aporta unhas explicacións alegando as dificultades de comprensión do alumnado que segundo ela xustifican eses retrasos. O que máis lle preocupa é que a vindeira semana remata o cuadrimestre e a estas alturas resulta complicado reverter a situación. De cara ao vindeiro curso o que hai que pedir é que se elaboren conxuntamente os cronogramas, se axuste o contido da materia ao tempo dispoñible e se cumpra rigorosamente o cronograma sobre todo cando hai varios profesores que deben impartir docencia de maneira simultánea en teoría e en práctica.

O alumnado está preocupado porque os exames son inminentes e a estas alturas é moi difícil solventar o tema. En canto á incidencia comunicada, debe servirnos para extraer leccións e por parte desta comisión se lle indique que hai que facer ese esforzo de coordinación, que os temas teóricos e prácticos deben impartirse en paralelo.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
10-MAIO-2022

Por problemas de afonía da decana, a vicedecana de Calidade da lectura ao texto enviado pola decana a través do chat e no que indica que cre que se trata da primeira incidencia posta de manifesto á Comisión de calidade da materia en cuestión, se ben en moitas reunións de coordinación comentouse que é unha materia excesivamente ampla para o número de créditos que ten. A súa opinión é que se debería pedir ao profesorado que intente adaptar o contido á carga lectiva da materia e que, sen prexuízo do que poida haber algún pequeno desaxuste no cronograma, se intente cumprir de forma rigorosa. Tamén se podería pedir que, no caso de que aprecien que non lles dará tempo a impartir todo o programa por algún retraso excepcional no cronograma, poñan en coñecemento do alumnado con tempo suficiente o tema ou temas do cronograma que non se poderá impartir na clase pero que será obxecto de avaliación e que deberán preparar pola súa conta. En ningún caso o alumnado pode estar a unha semana vista do exame sen saber se teñen que preparar pola súa conta 1, 2 ou 3 temas nin que temas dos que faltan por explicar vai impartir a profesora. Entende que pode haber desaxustes no cronograma, pero deben ser os mínimos e se afectan ao traballo autónomo dos alumnos deben coñecelos con antelación suficiente.

Tamén se pode insistir na necesidade de que o cronograma se consensúe entre todo o profesorado que impartirá a materia no curso en cuestión e que os grupos medianos e os grupos grandes deben estar perfectamente coordinados no caso de que os docentes non sexan os mesmos, sobre todo para saber onde hai que complementar teoría cando a impartida non foi suficiente para resolver a práctica. Cre que a materia debería ser coñecida pola persoa que imparte a teoría e que os desaxustes no cronograma non deben afectar ao desenvolvemento das prácticas. Non lle parece de recibo que se está prevista unha práctica para a que se supón que o alumnado tivo que ver unha teoría esta non se vise por desaxustes no cronograma e a persoa que imparte a práctica resulte afectada por elo sen coñecer previamente a situación. Quizais non haxa que esperar ao final do curso para ver que temas quedan por explicar e haxa que dar por explicado remitíndose ao manual temas da metade do programa.

Na súa opinión, avaliada a situación denunciada e vendo que nos últimos correos apréciase a vontade do profesorado implicado de solventar os problemas e de que non se produzan no futuro máis incidencias na materia, non parece necesario enviar un escrito aos directores/as dos departamentos nin á vicerreitoría de Organización Académica, instando a adopción das medidas necesarias para garantir o axeitado cumprimento das obrigas docentes e os dereitos do alumnado, sen prexuízo de que se as incidencias se repiten, deban adoptarse medidas máis rigorosas.

Quizais os alumnos membros desta comisión poidan dicirnos se en anos anteriores se producían desaxustes na materia explicada e avaliada e como os solventaban.

A vicedecana agradece a exposición da decana, coa que está totalmente de acordo, e cede a palabra aos alumnos por se desexan comentar algo sobre a súa experiencia nesta materia.

O alumno D. Diego Casas comenta que no seu caso a materia fora impartida integramente pola profesora Iglesias Canle e o cronograma como tal era bastante inexistente, polo menos na súa forma de dar a materia, que adaptaba a profesora segundo o seu mellor saber e entender baseándose no seu propio criterio e que levaba moitos anos impartíndoa. Como presidente da delegación de alumnado si recibiu comentarios no curso actual respecto a esta materia, tanto por parte dos estudantes do Grao, que teñen varios profesores,





UNIVERSIDADE  
DE VIGO

como dos do PCEO, cuxa docencia principal corresponde á profesora D.<sup>a</sup> Ana Fernández González, cuestionándose sobre esta última en varios aspectos a súa calidade docente e o modo que ten de impartir a docencia pero isto xa é unha cuestión aparte que non entra no tema da coordinación.

Con respecto á coordinación, vese unha certa deixadez por parte da práctica, e se ben é preciso unha coordinación, tamén debería de haber unha mínima preocupación de saber como se está levando a parte teórica.

Segundo lle comentaron en relación ao Grao en Dereito, esa adaptación que fixeron ao inicio do curso, tocando algúns temas e conceptos que non estaban ben aclarados, foi consensuada co alumando de cara a que lle fose máis doado entender despois o desenvolvemento da materia, pois é bastante densa para o tempo que ten, que se tocan bastantes aspectos novos para un alumno de segundo curso. Si se necesita un pequeno período de adaptación para poder seguila cuns bos resultados. Agora afectoulle que se retrasara a explicación pero si hai que valorar moi positivamente esa introdución que se fixo ao principio de curso porque noutro caso resultaríalles moito máis complicado o seguimento da materia.

Á vicedecana de Calidade xórdelle a dúbida de se esa adaptación que precisaron foi algo puntual este curso, como indicou a profesora Martínez García, debida á que nos cursos anteriores a docencia resultou afectada pola covid ou é algo que xa ven de atrás, que non ten nada que ver. O alumno D. Diego Casas responde que realmente as explicacións practicamente se limitaban a seguir os manuais e un par de temas que se deron e sempre foron escuetas. Valora moi positivamente que ao alumnado se lle fixera esa adaptación porque seguro que a eles tamén lles houbera axudado á hora de entender o contido completo do curso. Había momentos nos que era moi difícil seguilo por esa falta de coñecementos e conceptos previos que nalgúns casos o profesorado presupón que o ten o alumnado.

Á vicedecana, aínda que non é un tema que entraría na decisión que debe adoptar esta comisión, preocúpalle o feito de que para abordar esta materia fagan falta outros conceptos base que non estean adquirindo noutras materias porque non está así contemplado ou se foi só un problema puntual por mor da covid.

O alumno D. Diego Casas comenta que quizais pola pandemia é entendible que este ano precisaran esa adaptación maior da que sería o normal e quere pensar que pouco a pouco se volverá a normalidade dentro do seu volume de horas docentes. Sería interesante valorar que se podería facer con respecto a esta materia para facilitar o seu aproveitamento porque ao final é unha materia da que despois se toma base de cara a moitas outras.

O alumno D. Adrián Martínez sinala que o único que pode engadir é que a súa experiencia persoal nesta materia non foi moi boa, pero hai que ter en conta que viviron a súa impartición co estalido da covid e do confinamento. Viron bastante deixadez por parte da profesora Iglesias Canle, que impartiu tanto a parte teórica como a práctica, e o mesmo á hora da preparación de apuntes ou dar as clases de forma telemática, que non observaron noutras materias e, como ben apuntou o seu compañeiro D. Diego Casas, dado que esta materia é unha base fundamental para outras como poden ser “Dereito procesual penal” ou “Procesos especiais” si que se constata que non ten a carga de créditos que lle corresponden dado que o temario é moito máis amplo que o número de horas que ten asignadas.



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota está plenamente de acordo con todo o sinalado pola decana e non cre que haxa que manifestalo ante o departamento e na vicerreitoría de Organización Académica. Preocúpalle que chegase o asunto a esta comisión sen intentar solventalo na área. A coordinación da materia non se limita só ao momento no que se fai a guía docente e o cronograma. A coordinación, sobre todo cando a materia a imparten varios docentes, implica un diálogo constante con todos para saber cada semana como van. Se ben poden darse desaxustes en momentos puntuais, a propia área ten que establecer mecanismos de adaptación para que logo non transcenda a outros órganos ou instancias superiores. Pregunta se houbo algunha reunión da área para tratar de buscar algunha solución e a vicedecana de Organización Académica responde que non lle consta que houbera reunión á vista dos correos intercambiados e iso foi o primeiro que lles prantexara.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota suxire que se poña de manifesto que as áreas deben tratar de solventar os desaxustes que se produzan nas materias, buscarlle algunha solución e non parece oportuno trasladalo a outros órganos e menos a estas alturas de curso.

A vicedecana de Calidade comenta que quizais o profesorado deixou avanzar demasiado o problema e quedaron varios temas sen impartir dos que o alumnado terá que examinarse igualmente nunha semana, tal como lles indicou a profesora Iglesias Canle, que acudiu á aula a comentarllo. Tiñan que haber detectado antes a incidencia e buscar solución.

A vicedecana propón, á vista de todo o exposto, que desde a Comisión de calidade se faga un escrito dirixido á coordinación da materia, con copia ao resto do profesorado, na liña do indicado pola decana, que se adopten as medidas axeitadas para arranxar o problema prantexado e que estas cuestións deben solucionarse primeiramente na área.

A vicedecana de Organización Académica agradece se convocase á reunión desta Comisión pois era unha cuestión a tratar consonte ao Procedemento para o seguimento e o control da docencia na Facultade e espera que se solventen este tipo de situacións nas áreas de coñecemento.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota insiste en que o labor de coordinación implica non só figurar formalmente na guía docente, hai que estar en constante diálogo co profesorado para saber como se desenvolve a docencia.

A vicedecana de Calidade indica que o traballo de coordinación comeza por elaborar un cronograma de impartición da docencia en consenso co profesorado da materia e a profesora D.<sup>a</sup> Miryam Martínez comentara que ela non participou na elaboración do cronograma.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota sinala que o cronograma elabórase o faga unha ou varias persoas pero alguén da área ten que encargarse de coordinalo e saber se se producen desaxustes para tratar de arranxalos.

A decana comenta que se un profesor non cumpre o cronograma debe polo en coñecemento do resto dos docentes cos que comparte a materia.

A coordinadora do Grao, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández, aclara que tanto a guía docente como o cronograma teñen utilidade se se respectan e se seguen. Cre que nesta materia e noutras o profesorado tende



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

a facer guías docentes con moitos temas que logo é imposible impartir. A materia “Sistema xudicial español e proceso civil” é moi densa, ao igual que outras, e o que figura nun cronograma é para cumprilo.

A decana indica que hai que adaptar o contido da materia á carga lectiva.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota pregunta se cando se celebraron as reunións de coordinación se detectara este problema e á coordinadora do Grao responde que as reunións foran a principios do mes de abril, despois da incorporación da docente que comunicou a incidencia, e nin o profesorado nin o alumnado manifestaron nada en relación a esta materia. No momento en que houbo as reunións de coordinación non transcorrera tanto tempo como para dicir que xa había un retraso e quere pensar que foi este o motivo, pois noutro caso tampouco tería moito sentido que habendo unha incidencia non se puxera de manifesto.

A vicedecana de Organización Académica sinala que a coordinadora da materia, a profesora D.<sup>a</sup> Inés Iglesias, só tiña asignada algunha hora de docencia e unicamente estivo na presentación.

A secretaria propón que se redacte un escrito no sentido indicado pola decana e a vicedecana de Calidade e se remita aos membros da comisión por se teñen algunha suxestión.

En relación á incidencia notificada ao decanato pola coordinadora da materia “Sistema xudicial español e proceso civil” do grao en Dereito, acórdase, por asentimento, remitir ao profesorado implicado un escrito consensuado no que se poña de manifesto, dentro do marco das competencias da Comisión de Calidade o seguinte:

- A necesidade de maior coordinación entre o profesorado para evitar que se repitan incidencias similares.
- A necesidade de cumprir o cronograma da materia, salvo desaxustes puntuais, e de garantir, en todo caso, que os posibles retrasos excepcionais na impartición do temario por parte dun docente non incidirán negativamente no desenvolvemento da docencia práctica ou teórica do resto de profesorado da materia nin causarán prexuízo ao alumnado.
- A necesidade de que o alumnado coñeza, con antelación suficiente á data do exame e coa maior certeza posible, o tema ou temas que, de ser o caso, deberán preparar pola súa conta.

Sen máis cuestións que tratar, ás 12:45 horas, remata a sesión, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e prace

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

A Vicedecana de Planificación e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
20-XUÑO-2022

**COMISIÓN DE CALIDADE**  
**ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE XUÑO DE 2022**

<p><b>Asisten:</b> PRESIDENTA 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p>VOGAIS 2. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes 3. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 4. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 5. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 6. D. Virxilio Rodríguez Vázquez 7. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p>SECRETARIA 8. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><b>Non asisten:</b> D. Diego Casas Rodríguez D. José Luis Castro Fírvida D. Adrián Martínez Solleiro</p>	<p>Acta da reunión extraordinaria da Comisión de calidade do día 20 de xuño de 2022, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 11.30 horas en primeira convocatoria e ás 12.00 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>PUNTO ÚNICO:</b> Validación, se procede, da Memoria definitiva do Máster universitario en Criminoloxía.</p>
--	---

Ás 12:00 horas do día 20 de xuño de 2022, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.

**PUNTO ÚNICO: Validación, se procede, da Memoria definitiva do Máster universitario en Criminoloxía.**

A vicedecana comenta que se achegou a Memoria definitiva xunto coa convocatoria da reunión e cede a palabra ao profesor D. Virxilio Rodríguez Vázquez, quen agradece á presidenta da Comisión, á decana e á secretaria da Facultade a dispoñibilidade para convocar esta reunión e posterior Xunta de Facultade, agradecemento que tamén fai extensivo ao resto dos membros da Comisión pola súa asistencia.

Preséntase a avaliación a Memoria definitiva do Máster universitario en Criminoloxía como corresponde consonte ao calendario de implantación de novas titulacións da Universidade de Vigo e tamén da Universidade da Coruña.

Esta Memoria definitiva non modifica no substancial a Memoria inicial que xa os membros da Comisión coñecen e que no seu momento se presentara a validación e posteriormente aprobouse na Xunta de Facultade. Simplemente é unha Memoria que se adaptou ás modificacións realizadas no seu informe técnico polos servizos respectivos da Universidade de Vigo e da Universidade da Coruña. Son



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

modificacións técnicas que mudan aspectos formais ou algún aspecto normativo moi concreto. Esas alegacións no caso da Universidade de Vigo foron unha por parte do Servizo de Posgrao e dúas recomendacións por parte da área de Calidade e tivéronse en consideración pola Comisión académica interuniversitaria do Máster que se reuniu o pasado 16 de xuño, sendo todas aceptadas e incorporadas á Memoria.

En relación co contido da Memoria inicial recibíuse tamén unha alegación presentada dende a área de Traballo Social da Universidade de Vigo, asinada pola profesora D.<sup>a</sup> Carmen Verde Diego, e que se remitiu á Comisión académica por parte do Servizo o pasado 14 de xuño. A Comisión dispuxo apenas de dous días para valorar esa alegación na que basicamente se pedía que se tivese en conta, por razóns académicas e de contido, á área de Traballo Social para ser incorporada á Memoria do Máster como un área que puidese impartir docencia. A resposta que se fixo a esa alegación é que se achegará xunto coa documentación pois, aínda que foi valorada positivamente pola Comisión do Máster, o certo é que se carecía de tempo material para poder iniciar un proceso rigoroso e serio que permitise reaxustar todo o cadro de profesorado, o cadro de créditos e o cadro de materias atendendo a esa alegación. Non obstante, a Comisión si entendeu que tiña sentido contar coa devandita área no Máster e fíxose unha pequena modificación na Memoria (na páxina 24) na que se engadiu o seguinte texto: “Más allá de los equipos docentes incluidos en esta memoria, el MUCrim trabajará en colaboración con el área de Trabajo Social de la UVigo, explorando mecanismos de flexibilización en la atribución de encargos docentes”.

A non resultar posible atender na súa extensión a alegación si se considerou que era axeitado introducir unha frase destas características para dar cabida no futuro á colaboración da área de Traballo Social na impartición deste Máster. A alegación non debería ter máis percorrido pois xa contactou coa profesora D.<sup>a</sup> Carmen Verde Diego que entendeu perfectamente a decisión adoptada pola Comisión académica e valorou positivamente esta cláusula que se introduce na Memoria.

O profesor D. Virxilio Rodríguez queda a disposición para aclarar calquera cuestión ou dúbida en relación coa Memoria definitiva do Máster universitario en Criminoloxía.

Non habendo ningunha intervención, sométese á validación a Memoria definitiva de verificación do Máster universitario en Criminoloxía.

Acórdase, por asentimento, validar a Memoria definitiva de verificación do Máster universitario en Criminoloxía que figura como anexo da presente acta.

Sen máis cuestións que tratar, ás 12:10 horas, remata a sesión, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e praxe

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

A Vicedecana de Planificación e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
27-XUÑO-2022

**COMISIÓN DE CALIDADE**  
**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE XUÑO DE 2022**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><b>PRESIDENTA</b> 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p><b>VOGAIS .</b> 2. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes 3. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 4. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 5. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 6. D. Virxilio Rodríguez Vázquez 7. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p><b>SECRETARIA</b> 8. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><i>Asiste con voz e sen voto (convidada)</i> D.<sup>a</sup> Susana Álvarez González, Vicedecana de Organización Académica e Profesorado</p> <p><b>Non asisten:</b> D.<sup>a</sup> Mercedes Carballo Iglesias D. Diego Casas Rodríguez D. José Luis Castro Fírvida D. Adrián Martínez Solleiro</p>	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de calidade do día 27 de xuño de 2022, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 09.00 horas en primeira convocatoria e ás 09.30 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p>1º. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores (reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2022 e reunións extraordinarias dos días 6 de maio de 2022, 10 de maio de 2022 e 20 de xuño de 2022).</p> <p>2º. Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.</p> <p>3º. Toma de decisións en materia de docencia.</p> <p>4º. Validación, se procede, da actualización e modificación das metas asociadas aos obxectivos de calidade.</p> <p>5º. Validación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020/2021, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2021/2022 e o seguimento dos títulos adscritos ao Centro.</p> <p>6º. Seguimento e actualización, se procede, do Plan de Melloras do Centro.</p> <p>7º. Toma de decisións, se procede, en relación ao programa de avaliación da actividade docente do profesorado (Docencia anual).</p> <p>8º. Toma de decisións, se procede, en materia de presupostos.</p> <p>9º. Asuntos de trámite.</p> <p>10º. Rolda de intervencións.</p>
---	--

Ás 09:30 horas do día 27 de xuño de 2022, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Punto 1º. Aprobación, se procede, das actas das reunións anteriores (reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2022 e reunións extraordinarias dos días 6 de maio de 2022, 10 de maio de 2022 e 20 de xuño de 2022).**

Apróbanse, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 11 de febreiro de 2022 e as actas das reunións extraordinarias dos días 6 de maio de 2022, 10 de maio de 2022 e 20 de xuño de 2002, enviadas a todos os membros da comisión como anexos á convocatoria da presente reunión.

Para facilitar a asistencia da vicedecana de Organización Académica e Profesorado, a profesora D.<sup>a</sup> Susana Álvarez González, convidada a asistir a esta reunión (con voz e sen voto), a vicedecana propón comezar primeiramente polos puntos 3º e 7º da orde do día nos que se tratarán temas de docencia. Non habendo ningún inconveniente, así prosigue a reunión.

**Punto 3º. Toma de decisións en materia de docencia.**

A vicedecana informa que se trae este punto á comisión porque no decanato recibíuse un correo do profesor D. David de León no que trasladaba que neste curso notara un importante descenso no número de alumnado que asistía á clases, acrecentado desde os primeiros días do mes de maio e que, comentando cos estudantes, chegou á conclusión de que non acudían cando coincidían cos exames ou probas parciais polo que suxire que se faga unha indicación a todo o profesorado coa finalidade de que non se programen estas probas durante o mes de maio, tendo en conta que pouco tempo despois comezan os exames finais. Se xa están establecidos os exames de cada materia deberían evitarse facer máis probas no mes de maio.

A resposta dada pola vicedecana de Organización Académica foi que a cuestión prantexada se trasladaría nas vindeiras reunións de coordinación e, no seu caso, de calidade, para a súa valoración como medida proposta para fomentar a asistencia do alumnado á clase.

A vicedecana de Organización Académica, a profesora D.<sup>a</sup> Susana Álvarez, entende que, se o que se pretende é fomentar a avaliación continua, resulta moi complicado non fixar exames na última semana de clases. Desde o punto de vista de Organización Académica preocúpalle remitir esta proposta que prantexa o profesor pois non cre que sexa unha medida positiva, alomenos no caso da materia que ela imparte.

A vicedecana comenta que, na súa experiencia como coordinadora do Grao, era moi pouco o profesorado que facía avaliación continua nas últimas semanas de curso.

A coordinadora do Grao, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol, considera que deberían conxugarse as dúas cousas, probas de avaliación continua e clases. Xa se solicitou ao profesorado de cara ao vindeiro curso que nas guías docentes se fomente a avaliación continua e a asistencia á clases. Cre que é un pouco contradictorio anular esas probas de avaliación continua. Hai outras ferramentas para fomentar a presencialidade pero non precisamente por esta vía.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez está plenamente de acordo co sinalado pola vicedecana de Organización Académica e pola coordinadora do Grao. Se se aproba o Regulamento que neste intre está no Claustro Universitario, a avaliación continua vaise aplicar. Nas materias que ela imparte comeza a notar un



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
27-XUÑO-2022

descenso na asistencia a mediados do cuadrimestre e se xa se limita ao final a posibilidade de avalialos, o alumnado vai ter máis problemas para superar as materias.

O profesor D. Virxilio Rodríguez tamén está de acordo con todo o exposto.

A vicedecana propón que se responda ao profesor D. David de León no sentido de que a Comisión de calidade considera que se debe potenciar a avaliación continua e que o profesorado ten que buscar outras alternativas para fomentar a asistencia ás clases.

Acórdase, por asentimento, recomendar ao profesorado a implementación efectiva dos sistemas de avaliación continua, procurando, así mesmo, a articulación de medidas para fomentar a asistencia ás clases, ao concebirse tal avaliación e presencialidade como ferramentas de carácter complementario.

**Punto 7º. Toma de decisións, se procede, en relación ao programa de avaliación da actividade docente do profesorado (Docentia anual).**

A vicedecana sinala que todos os anos cómpre elaborar o Docentia anual do centro para as dúas titulacións, Grao e Máster en avogacía, no que debe valorarse para cada profesor/a que impartiu a docencia unha serie de ítems. O ano pasado entre os ítems a valorar estaban as “boas prácticas” na impartición da docencia e xa se remitira un escrito á área de calidade explicando que non parecía oportuno que desde o centro houbera que valorar estes ítems. Agora mudou o sistema e é o profesorado o que debe xustificar esas “boas prácticas” e desde o decanato só hai que cubrir os ítems relativos á elaboración das guías docentes, se foron entregadas en tempo e forma, e outras cuestións sobre a actividade docente.

A vicedecana comparte na pantalla o documento Excel que remitiron da Área de calidade no que poden verse os datos requiridos. Hai unha parte que correspondería ás coordinadoras das titulacións, Grao e Máster (o relativo ás guías docentes) e outra parte que se cubriría desde o decanato (queixas, titorías, probas de avaliación...).

A proposta que fai a vicedecana respecto ao tema da actividade docente é que se reflectan as queixas recibidas só no caso de que non se acadara unha solución satisfactoria.

A coordinadora do Grao matiza que a información requirida sobre as guías docentes do Grao só se indicará no caso do profesorado coordinador das materias, engadindo que todos foron avaliados positivamente, pois no centro existe un procedemento interno polo que sempre se cumpren os prazos e se comproba que as guías se axusten á memoria. No relativo ás queixas, entende que, posto que se solventaron tanto a través da Comisión de calidade como tamén en reunións co alumnado, non se fagan constar.

Acórdase, por asentimento, remitir á Área de calidade os datos requiridos ao centro. En canto á información solicitada sobre as guías docentes só se cubrirá no caso do profesorado coordinador de materias.

A vicedecana de Calidade agradece a asistencia da vicedecana de Organización Académica que neste intre xa se desconecta da reunión.





UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Punto 2º. Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.**

A vicedecana informa dos seguintes asuntos:

A) No pasado mes de decembro o centro someteuse ao proceso de recertificación do Sistema de Garantía de Calidade pero aínda non remitiron o informe provisional da visita dos auditores e, como moi pronto, non se recibiría ata finais do mes de xullo.

B) Está pendente de elaboración, validación e aprobación o novo manual de calidade e o procedemento DE-01 Ind05 Desenvolvemento estratéxico, que inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas do centro (en substitución do plan estratéxico do centro), en consonancia co plan estratéxico da Universidade. Na reunión mantida coa Área de calidade o pasado 28 de abril indicaron que se debería de comezar a elaboración de cara a súa aplicación no curso 2023-2024.

A súa idea é esperar que se reciba o informe provisional do proceso de recertificación para proceder a elaborar as liñas estratéxicas do centro, e poder redactar e validar así o novo procedemento e o manual de calidade.

C) Curso específico para o ámbito xurídico sobre perfís investigadores, repositorios, índices bibliométricos e de impacto.

A decana xa contactara hai tempo coa biblioteca e naquel momento era moi complicado que atenderan a solicitude porque a persoa encargada destes temas non podía ocuparse pois estaban cunha importante reestruturación de persoal. A vicedecana volveu intentalo recentemente e a resposta foi que ao longo do vindeiro mes de xullo chegarían unha proposta de programa formativo para impartirse nos meses de outubro ou novembro. Ela propuxo que o curso fose en liña agás que se considere que é mellor presencial. A idea sería tramitalo a través da área de Formación e Innovación Educativa para que se poida computar como formación para o profesorado.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota comenta que no mes de outubro celebrárase na Facultade o IV Congreso Internacional da Auga, que suporá bastante carga de traballo, e propón que o curso se realice antes ou un pouco máis adiante.

O curso realizaríase entre semanas e a duración sería de 20 horas. A vicedecana chegará un correo ao profesorado para consensuar as datas, aínda que sempre será complicado que vaia ben a todo o persoal. En canto se reciba o programa reunirse co equipo decanal para propor as datas e tramitalo na área de Formación e Innovación Educativa.

**Punto 4º. Validación, se procede, da actualización e modificación das metas asociadas aos obxectivos de calidade.**

A vicedecana comenta que debe valorarse se se modifican as metas asociadas aos obxectivos de calidade. A súa proposta é que non se modifiquen porque habería que facelo á baixa e non é conveniente.

Á decana está de acordo en que non se modifiquen sempre e cando non haxa algunha meta que se alonxe moito.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

A vicedecana explica que os indicadores de satisfacción son os que máis se afastan. En relación á planificación e desenvolvemento da ensinanza, a meta está fixada en igual ou maior de 3 e este ano temos 1,98. Aquí están metidos todos os bloques e se se baixa parece que se está promovendo o non ser capaces de incrementala. No Programa conxunto Grao en ADE-Grao en Dereito tamén está por debaixo pero non lle parece tan importante.

A vicedecana cre que é algo puntual e habería que esperar e ver a evolución. No curso 2020-21 xa se impartía a docencia de forma presencial, agás algún profesor que por causas xustificadas o fixo de forma telemática, e tamén había estudantes que por mor da covid debían seguila a través do campus remoto. No primeiro cuadrimestre xurdiron problemas técnicos e pensa que é o que puido influír nesas valoracións.

O equipo auditor indicara que debían de establecerse unhas metas para todos os procedementos e a vicedecana entende que deben marcalo desde a Área de calidade.

A decana sinala que se podería incluír como unha proposta de mellora, que a Área de calidade indique unhas pautas sobre cómo establecer esas metas.

Acórdase, por asentimento, manter as metas asociadas aos obxectivos de calidade fixadas para o curso 2020-2021.

**Punto 5º. Validación, se procede, do Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020/2021, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2021/2022 e o seguimento dos títulos adscritos ao Centro.**

A vicedecana indica que se achegou a documentación coa convocatoria da reunión, o Informe e tamén outro documento no que figuran as propostas de mellora para o curso académico 2021-2022 e o seguimento das melloras do curso 2020-21. Na versión que se remitiu faltaba incluír (no punto 1.2.4 “descripción doutros aspectos de interese”) un enlace aos acordos que se adoptaron nas distintas reunións da Comisión de calidade durante o curso 2020-2021 e que fora unha suxestión do equipo auditor.

Acórdase, por asentimento, validar o Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020-2021, que inclúe as propostas de mellora para o curso 2021-2022 e o seguimento dos títulos adscritos ao centro e delegar na vicedecana de Planificación e Calidade a competencia para corrixir os erros materiais que se poidan detectar.

O Informe de Revisión do Sistema pola Dirección do curso 2020-2021 incorporase como anexo á presente acta.

**Punto 6º. Seguimento e actualización, se procede, do Plan de Melloras do Centro.**

A vicedecana indica que se achegou o Plan de Melloras xunto coa convocatoria e que se trata dun documento que sempre está aberto, no que se vai reflectindo a evolución das distintas propostas de mellora, tentado pechallas ao final de ano, pasando ao ano seguinte aquelas melloras que non se puideron completar.



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota pregunta o motivo de pospor a mellora relativa á comparación de datos con outros centros e a vicedecana responde que debe buscar eses datos e confrontalos e iste foi o motivo de pasala ao curso 2021-22, indicándoo no Plan como unha mellora en proceso de execución.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota considera que debería facerse esta comparativa con Facultades que teñan unhas características similares ás deste centro, polo menos coas de Galicia. A idea da vicedecana é esa pero tamén cre que sería interesante a comparación con outros centros pequenos.

En relación a unha das propostas de mellora, feita pola coordinadora do Grao, relacionada co Plan de Acción Titorial (PAT), onde se prantexaba o valorar a posibilidade, de cara ao vindeiro curso 2022-2023, de celebrar as reunións do PAT co alumnado na metade dos cuadrimestres e non ao inicio do curso, elimínaríase dita proposta dado que no Anexo I do procedemento DO-0203, onde se regula o funcionamento do PAT, figura que as reunións iniciais deben ser sempre ao principio do cuadrimestre.

A decana cre que está ben como se fixo ata agora, que a reunión inicial se faga na primeira semana, que é cando está garantizada a presenza do alumnado, e a de seguimento xa é a que se realiza no segundo cuadrimestre. É importante que o alumnado coñeza na primeira semana de clases que teñen asignada unha persoa titora.

A vicedecana propón entón eliminala do Plan de melloras.

Á profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota parécelle que o máis complicado de conseguir das accións de mellora é dar a coñecer o Sistema de Garantía de Calidade entre o alumnado. A vicedecana propón facer uns carteis para publicitalos nos taboleiros das aulas, coas competencias que ten a Comisión de calidade e para que serve o Sistema de Garantía de Calidade. A súa opinión persoal é que esta valoración negativa ben dada porque as queixas que se trasladan á Comisión de calidade quizáis para o alumnado non teñen a resposta adecuada.

A decana propón que se entregue ás persoas titoras do PAT unha especie de guía na que se inclúan algunhas pautas para trasladar ao alumnado respecto aos mecanismos que existen na Facultade para que poidan trasladar esas queixas.

A vicedecana comenta que outra proposta sería crear un curso en Moovi para que o alumnado se poida comunicar coas persoas titoras do PAT dunha forma máis directa e tamén se lles pode transmitir información relevante, entre outras cousas, sobre o Sistema de Garantía de Calidade e información sobre a Comisión de calidade do centro, a súa composición e funcións.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota sinala que tamén sería axeitado incorporar nese curso ao alumnado e ás persoas titoras. A vicedecana responde que se poden crear grupos de alumnado para cada persoa titora e tratará de coordinar un pouco ese curso na plataforma Moovi.

A vicedecana comenta que tamén se podería aproveitar o curso de Moovi para fomentar a participación nas enquisas. Ve moi complicado aumentar as taxas porque ao final son moitas as enquisas que deben cubrir.

A decana propón que se solicite á área de Calidade que as enquisas sexan presenciais, que se fagan na aula, e no caso de non resultar posible buscar outras estratexias. Hai que ter en conta que neste intre estamos



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

analizando as propostas de mellora deste curso, que xa está rematando, e non hai tempo de implementalas. A vicedecana responde que, por mor do retraso, xa as pon ata final de ano.

A proposta da vicedecana é levar a cabo a implementación destas melloras e ela encargárase de manter actualizado o documento.

Acórdase, por asentimento, engadir a seguinte mellora para o centro: elaborar unha guía para as persoas titoras do PAT coa información que poden trasladarlle ao alumnado na primeira reunión de apoio. Inclúese información sobre os procedementos de calidade de maior interese para o alumnado coa finalidade de garantir un mellor coñecemento polas persoas titorizadas do sistema de garantía de calidade do centro.

**Punto 8º. Toma de decisións, se procede, en materia de presupostos.**

A vicedecana informa que se recibiu unha solicitude da profesora D.<sup>a</sup> Inés Iglesias Canle respecto á posibilidade de que se poida asumir co presuposto da súa área os gastos de encuadernación da tese de doutoramento que está dirixindo actualmente.

A vicedecana considera que o presuposto das áreas non debería de destinarse ao pago destas encuadernacións e habería que deixar claro que é para empregar en temas relacionados coa docencia.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota sinala que, se xa se acordara que o centro non asuma os gastos de encuadernación dos exercicios das cátedras, moito menos o das teses de doutoramento, que incluso poden corresponder a persoas que non teñen ningunha vinculación coa universidade.

A decana aclara que ese presuposto que se destina ás diferentes áreas de coñecemento non é para o profesorado a tempo completo como poden pensar algúns docentes, é para que a área o empregue no que considere necesario para a docencia.

A decana comenta que o persoal da conserxaría revisou os estores das aulas e moitos están bastante deteriorados e deberían renovarse.

A vicedecana sinala que se recibiu unha notificación da vicerreitoría de Planificación co importe que corresponde ao centro para os laboratorios. O gasto máis inminente a acometer corresponde a uns monitores e teclados que permitan utilizar os ordenadores das aulas docentes que no curso pasado se pasaron para a Aula Aranzadi, ao ser substituídos polos monitores interactivos.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota sinala que organizou un Módulo Jean Monnet e o monitor interactivo da aula 2.1 non funcionaba ben, que se apagaba e tiveron que cambiarse para a aula 2.2. Ademáis, indica que os monitores que están na mesa do profesor nas aulas non marchan ben, e non sabe se se debe a conexión do cableado ou a outras circunstancias. A vicedecana responde que o persoal da empresa na que se adquiriron, e que tamén se encargaron da montaxe destes monitores interactivos, acudirá nos próximos días para revisalos e actualizalos todos de cara ao inicio do vindeiro curso académico.



**UNIVERSIDADE  
DE VIGO**

Ac3rdase por asentimento:

- a) Que o centro non asuma os gastos de encuadernaci3n das teses de doutoramento.
- b) Validar as seguintes propostas de gastos:
  - Renovaci3n dos estores das aulas que se consideren necesarios.
  - Adquisici3n de varios monitores e teclados para a aula inform3tica Aranzadi.

**Punto 9º. Asuntos de tr3mite.**

No hai ning3n asunto de tr3mite.

**Punto 10º. Rolda de intervenci3ns.**

Non hai ningunha intervenci3n.

Sen m3is cuesti3ns que tratar, 3s 10.52 horas, remata a sesi3n, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e prace

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepci3n Mart3nez Mart3nez

A Vicedecana de Planificaci3n e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
8-XULLO-2022

**COMISIÓN DE CALIDADE**  
**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 8 DE XULLO DE 2022**

<p><b>Asisten:</b></p> <p><b>PRESIDENTA</b> 1. D.<sup>a</sup> Lourdes Borrajo Diz</p> <p><b>VOGAIS .</b> 2. D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes 3. D.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto 4. D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol 5. D.<sup>a</sup> Ana María Martín Romero 6. D.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez</p> <p><b>SECRETARIA</b> 7. D.<sup>a</sup> Concepción Martínez Martínez</p> <p><b>Non asisten:</b> <i>Desculpa ausencia:</i> D. Virxilio Rodríguez Vázquez (xustificada)</p> <p>D.<sup>a</sup> Mercedes Carballo Iglesias D. Diego Casas Rodríguez D. José Luis Castro Fírvida D. Adrián Martínez Solleiro</p>	<p>Acta da reunión ordinaria da Comisión de calidade do día 8 de xullo de 2022, convocada por indicación da Sra vicedecana de Planificación e Calidade, ás 12.00 horas en primeira convocatoria e ás 12.30 horas en segunda convocatoria, a través do Campus remoto na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>1º.</b> Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (reunión ordinaria do día 27 de xuño de 2022).</p> <p><b>2º.</b> Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.</p> <p><b>3º.</b> Revisión e validación, se procede, das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2022-2023.</p> <p><b>4º.</b> Revisión e validación, se procede, das guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2022-2023.</p> <p><b>5º.</b> Validación, se procede, do programa e data de celebración da Xornada de acollida do Grao en Dereito, do Curso 3.5 e da Xornada de acollida do Mestrado Universitario en Avogacía.</p> <p><b>6º.</b> Toma de decisión, se procede, sobre o Curso de Actualización Xurídica para o curso académico 2022-2023.</p> <p><b>7º.</b> Toma de decisión, se procede, sobre a organización dun foro de emprego para o curso académico 2022-2023.</p> <p><b>8º.</b> Asuntos de trámite.</p> <p><b>9º.</b> Rolda de intervencións.</p>
--	--

Ás 12.30 horas do día 8 de xullo de 2022, a través do Campus remoto, na Sala de Xuntas I da Facultade de Dereito e baixo a presidencia da Sra. vicedecana de Planificación e Calidade, a profesora Dra. Lourdes Borrajo Diz, celébrase, en segunda convocatoria, a reunión ordinaria da Comisión de calidade, coa asistencia dos membros arriba enumerados.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Punto 1º. Aprobación, se procede, da acta da reunión anterior (reunión ordinaria do día 27 de xuño de 2022).**

Apróbase, por asentimento, a acta da reunión ordinaria do día 27 de xuño de 2022, enviada a todos os membros da comisión como anexo á convocatoria da presente reunión.

**Punto 2º. Informes da Sra. Vicedecana de Planificación e Calidade.**

A vicedecana informa que se está á espera de recibir o Informe final de renovación da certificación da implantación do Sistema de Garantía de Calidade pero aínda non se ten noticia (o máis probable é que o remitan a finais deste mes de xullo ou principios de setembro).

**Punto 3º. Revisión e validación, se procede, das guías docentes do Grao en Dereito para o curso académico 2022/2023.**

Neste punto a vicedecana cede a palabra á coordinadora do Grao, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol, por se desexa aclarar algunha cuestión sobre ás guías docentes.

A coordinadora do Grao informa que se fixo a revisión de todas as guías docentes consonte ao disposto no calendario e abriuse un prazo para que o profesorado as actualizase, indicándose ademais unhas pautas pois desde a área de Calidade solicitaron que se incorporasen algunhas cuestións formais como a relativa ao lugar de publicación das cualificacións. Tamén se deu algunha pauta de carácter material en orde a favorecer a presencialidade e a avaliación continua en todas as materias.

Realizouse un primeiro proceso de revisión e achegouse ao profesorado un documento no que se recollían os erros detectados ou outras cuestións que se omitiran e xa na segunda revisión todas se axustaban ao solicitado,

Agradece a todo o profesorado a súa implicación, atendendo a todos os requerimentos formais e nalgúns casos materiais.

Acórdase, por asentimento, validar as guías docentes do Grao en Dereito para ao curso académico 2022/2023 que figuran como anexo I da presente acta.

**Punto 4º. Revisión e validación, se procede, das guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2022/2023.**

A vicedecana cede a palabra á coordinadora do Mestrado universitario en avogacía, a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes, que comenta que se solicitou ao profesorado que engadiran nas guías a referencia ao lugar de publicación das cualificacións e todos seguiron as indicacións e respectaron o prazo fixado.

Agradece a todo o profesorado a súa colaboración e non houbo que realizar ningún informe de modificacións ao estar correctas todas as guías.

Acórdase, por asentimento, validar as guías docentes do Máster universitario en avogacía para o curso académico 2022/2023 que figuran como anexo II da presente acta.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

**Punto 5º. Validación, se procede, do programa e data de celebración da Xornada de acollida do Grao en Dereito, do Curso 3.5 e da Xornada de acollida do Mestrado Universitario en Avogacía.**

A vicedecana informa que o día 5 de setembro é a data prevista para celebrar a Xornada de acollida do Grao en Dereito, quedando pendente de fixar os horarios de presentación das materias do Grao en Administración e Dirección de Empresas para evitar solapamentos ao alumnado do Plan Conxunto.

A decana propón que a Xornada se inicie ás 09.00 h. e reducir un pouco as intervencións para rematar sobre ás 10.20 h. e que o alumnado do Plan Conxunto poida acudir ás presentacións das materias do Grao en Administración e Dirección de Empresas. A vicedecana de Organización Académica xa solicitara que a Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo atrasara as súas presentacións para que non haxa problema co alumnado do Plan Conxunto. O programa da Xornada sería o mesmo deste curso pero adaptando os horarios de tal xeito que se facilite a asistencia de todo o alumnado de novo ingreso.

A primeira reunión do Plan de Acción Titorial tentaríase facerse en medio das presentacións das materias, evitando que queden ocios e prever tamén algún descanso. Non se remitiu o programa porque aínda esta mañá se pechou algunha cuestión ao non dispor dos horarios de presentación das materias de Administración e Dirección de Empresas.

Propón que se delegue na vicedecana de Organización Académica a competencia para realizar os axustes que fosen precisos no programa da Xornada de acollida.

Acórdase, por asentimento, validar o programa da Xornada de acollida do Grao en Dereito e delegar na vicedecana de Organización Académica a competencia para realizar os axustes que procedan.

Respecto ao Curso 3.5, a secretaria sinala que está destinado ao alumnado de 3º curso do Grao en Dereito e de 4ª curso do Programa Conxunto Grao en ADE/Grao en Dereito e que a data prevista sería o día 31 de xaneiro de 2023, coincidindo co inicio da docencia do segundo cuadrimestre, seguindo o mesmo programa do actual curso 2021/22, que de seguido pasa a detallar.

Acórdase, por asentimento, validar o programa e data de celebración do Curso 3.5. que figura como anexo III da presente acta.

En canto á Xornada de Acollida do Mestrado universitario en avogacía, a vicedecana indica que seguiría o mesmo programa do curso 2021/22.

A coordinadora da titulación, a profesora D. M.<sup>a</sup> Dolores Fernández Fustes, propón que se delega nela a competencia para fixar a data definitiva de celebración desta Xornada ao estar pendente de aprobación pola Comisión Académica do Máster a data de inicio do curso, que pode ser a finais do mes de setembro ou adiarse ao mes de outubro.

A secretaria expón o programa previsto (en principio fixado para o día 26 de setembro) para a Xornada de acollida do Mestrado universitario en avogacía, que coincide co do curso 2021/22.

Acórdase, por asentimento, validar o programa da Xornada de acollida do Mestrado universitario en avogacía e delegar na Coordinadora académica da titulación a competencia para realizar os axustes que procedan.





UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
8-XULLO-2022

O programa da Xornada de acollida do Mestrado universitario en avogacía incorpórase como anexo IV á presente acta.

**Punto 6º. Toma de decisión, se procede, sobre o Curso de Actualización Xurídica para o curso académico 2022-2023.**

A vicedecana cede a palabra á decana quen comenta que a organización deste Curso supón un gasto considerable para a Facultade e moitas persoas das que se inscriben logo non asisten. Parécelle un curso moi interesante pero non ve que haxa implicación do profesorado.

A coordinadora académica do curso, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol, indica que o profesorado da Facultade responde a iniciativa proponendo a relatores e temas para debater. Se ben é certo que entre o profesorado e o alumnado non ten a acollida que nos gustaría, cre que é unha actividade boa para as áreas e para o centro ao dar a oportunidade de contar, como foi no caso da súa área, con catedráticos de recoñecido prestixio.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota coincide co sinalado pola profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández e non sempre resulta doado invitar a profesores das áreas. A súa proposta é que se siga celebrando o Curso se presupostariamente é asumible para o centro. En canto as datas de celebración, ás veces resulta complicado e xorden cuestións que impiden asistir.

A mesma opinión comparte a profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández, que o Curso lle parece moi interesante e xa está integrado na Facultade, permitindo ás áreas invitar a relatores que doutro xeito non sería posible. Se para a Facultade resulta asumible, a súa proposta é que se siga organizando.

A vicedecana tamén considera que a nivel de publicidade, abrir a Facultade ao exterior, utilizando as redes sociais, é moi positivo para o centro.

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica propón que se valore realizar o Curso dunha forma híbrida, presencial e en remoto e facelo extensivo ao profesorado doutras Facultades. As veces hai iniciativas deste tipo e non sempre se ten a información. A secretaria responde que xa se fixo así este ano e houbo sesións presenciais e outras virtuais. En canto á publicidade, difundíuse a través da lista de comunidade e doutros medios.

A decana sinala que no caso de realizarse virtualmente tería que ser todo do mesmo xeito pois non vai acudir o relator e as persoas que se inscriban non veñan presencialmente.

A vicedecana comenta que se se fai todo en liña se reducirían os custos e tamén se facilitaría a asistencia. A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota manifesta que é partidaria de que sexa presencial pero tampouco sabe o que sería mellor dada a situación que se viviu coa pandemia.

A profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández cre que se o relator ten interese en vir, hai que facer todo o posible para que a aula teña un aforo digno. Pode darse a opción as áreas e aos relatores de que sexa presencial ou en liña pero que se faga todo do mesmo xeito e, unha vez tomada a decisión, o profesor da área correspondente deberá implicarse para que as persoas se conecten ou que asistan presencialmente.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
8-XULLO-2022

A decana comenta que o bó da presencialidade é que os relatores coñecen a Facultade, creando máis vínculo, sendo iste un dos motivos principais polo que se organizou o Curso. O mesmo opina a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández, poder xantar co relator, crear ese vínculo, é o xeito de facer unha colaboración futura.

A profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández sinala que leva anos coordinando este Curso e, se hai interese, podería asumir esta tarefa outra persoa, que poder ser boa unha renovación. A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota entende que a coordinadora pode estar cansa pero que a súa labor foi moi boa e a súa proposta é que siga ao fronte agás que non sexa posible e, nese caso, ela mesma faría o esforzo asumindo esa responsabilidade.

A decana lembra que este ano remata o mandato decanal e deben convocarse as eleccións. A súa proposta é que, se non ten inconveniente, siga a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández e que o próximo equipo directivo tome a decisión que considere.

A profesora D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Dolores Fernández comparte a mesma opinión, que continúe como coordinadora do Curso a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández se ten dispoñibilidade.

A profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández considera que igual debería informarse na Xunta de Facultade, que se tomou a decisión de organizar unha nova edición do Curso de actualización xurídica e incidir en que o profesorado se implique, facilitando a asistencia do alumnado e dándolle difusión.

A decana cre que, aínda que na Xunta tamén se pode dicir, o mellor momento será cando agora se remita o correo ao profesorado para que as áreas interesadas propoñan relatores, facer un pouco de fincapé, que é responsabilidade de todos que o Curso teña éxito.

Acórdase, por asentimento, organizar unha nova edición do Curso de Actualización Xurídica para o vindeiro curso 2022-2023.

#### **7º. Toma de decisión, se procede, sobre a organización dun foro de emprego para o curso académico 2022-2023.**

A vicedecana comenta que cada dous anos o decanato organizaba un Foro de emprego dirixido ao alumnado dos últimos cursos pero agora se coordinaría a través da Vicerreitoría de estudantes e a data prevista para a celebración e o próximo 6 de outubro. Cede a palabra á decana para que informe pois asistiu a unha reunión convocada ao efecto.

A decana informa que fai uns meses a Vicerreitora de estudantes mantivo unha reunión cos decanos e directores dos centros para propor que se celebrara un Foro de emprego neste campus. A iniciativa tamén se trasladou aos campus de Vigo e Pontevedra e a data de celebración sería o 6 de outubro. Cada centro disporía de seis stands e debemos valorar a quen se invitaría tendo en conta esta limitación e nalgúns casos haberá que compartir o espazo. Este ano non corresponde organizar a Feira de emprego no centro, que se celebra cada dous anos.

A idea que trasladaron era facer unha páxina web para que o alumnado teña a posibilidade de contactar previamente e enviar os currículos ás distintas empresas e entidades que colaboren.



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

FACULTADE DE DEREITO  
COMISIÓN DE CALIDADE  
8-XULLO-2022

Quizáis se debería organizar algún curso para elaborar o curriculum vitae no mes de setembro e que así o alumnado o teña listo para cando se celebre a Feira. Tamén pode ser interesante organizar algunha mesa redonda co antigo alumnado que traballe en ámbitos diferentes para que conten a súa experiencia.

A súa proposta é contactar coa área de emprego de cara a planificar algunha xornada que teña unha parte presencial e outra en liña para ofrecerlles ao alumnado a posibilidade de que aprenda a elaborar un bó currículo. A área de emprego conta cunha excelente orientadora, D.<sup>a</sup> Reyes Fernández, que é unha persoa moi válida, que capta moi ben a atención e sempre está disposta a colaborar coa Facultade. A xornada tamén se abriría ao alumnado do Máster universitario en avogacía.

Acórdase, por asentimento, colaborar coa Vicerreitoría de Estudantado e Empregabilidade para a celebración dun Foro de emprego.

#### **8º. Asuntos de trámite.**

Non hai ningún asunto de trámite.

#### **9º. Rolda de intervencións.**

A profesora D.<sup>a</sup> Mónica Siota agradece o traballo realizado.

A decana súmase ao agradecemento, en especial á coordinadora do Grao en Dereito, a profesora D.<sup>a</sup> Francisca Fernández Prol e á coordinadora do Máster universitario en avogacía, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Dolores Fernández Fustes por todo o traballo que conleva a revisión das guías docentes.

Sen máis cuestións que tratar, ás 13.22 horas, remata a sesión, da que estendo este acta como Secretaria.

Visto e prace

A Secretaria  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

A Vicedecana de Planificación e Calidade  
Asinado dixitalmente  
Lourdes Borrajo Diz